



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 565  
20 de novembro de 2019



CSV: BOPGDSPGQ8gPUsTVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

##### 1.5.1. De ámbito autonómico galego

##### 1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

##### 1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

- 58764 (10/MFSG-000004)

Fiscalía Superior Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria da Fiscalía Superior. Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2019

[186042](#)

##### 1.5.4. De ámbito europeo

##### 1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 18 de novembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) no ano 2021, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 228/2013, (UE) nº 229/2013 e (UE) nº 1308/2013 no que respecta aos recursos e á súa distribución no ano 2021 e se modifican os Regulamentos (UE) nº 1305/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación no ano 2021 [COM(2019) 581 final] [COM(2019) 581 final anexos] [2019/0254 ( COD)]

-10/UECS-000290 (58937)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) no ano 2021, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 228/2013, (UE) nº 229/2013 e (UE) nº 1308/2013 no que respecta aos recursos e á súa distribución no ano 2021 e se modifican os Regulamentos (UE) nº 1305/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación no ano 2021 [COM(2019) 581 final] [COM(2019) 581 final anexos] [2019/0254 ( COD)]

[186444](#)

#### 1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

##### 1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 19 de novembro de 2019, polo que se designan senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

[186038](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

#### 1.5.1. De ámbito autonómico galego

##### 1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

###### 1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de novembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

- 58764 (10/MFSG-000004)

Fiscalía Superior Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria da Fiscalía Superior. Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2019

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Mesa acorda a admisión a trámite, o seu traslado á Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e aos portavoces dos grupos parlamentarios, e a súa publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Dego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

#### 1.5.4. De ámbito europeo

##### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 18 de novembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) no ano 2021, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 228/2013, (UE) nº 229/2013 e (UE) nº 1308/2013 no que respecta aos recursos e á súa distribución no ano 2021 e se modifican os Regulamentos (UE) nº 1305/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación no ano 2021 [COM(2019) 581 final] [COM(2019) 581 final anexos] [2019/0254 ( COD)]**

-10/UECS-000290 (58937)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) no ano 2021, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 228/2013, (UE) nº 229/2013 e (UE) nº 1308/2013 no que respecta aos recursos e á súa distribución no ano 2021 e se modifican os Regulamentos (UE) nº 1305/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación no ano 2021 [COM(2019) 581 final] [COM(2019) 581 final anexos] [2019/0254 ( COD)]



No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 58937, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) no ano 2021, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 228/2013, (UE) nº 229/2013 e (UE) nº 1308/2013 no que respecta aos recursos e á súa distribución no ano 2021 e se modifican os Regulamentos (UE) nº 1305/2013, (UE) nº 1306/2013 e (UE) nº 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación no ano 2021 [COM(2019) 581 final] [COM(2019) 581 final anexos] [2019/0254 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido á Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## **1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**

### **1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma**

#### **Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 19 de novembro de 2019, polo que se designan senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.**

O Pleno do Parlamento, en sesión específica que tivo lugar o 19 de novembro de 2019, e de conformidade cos artigos 165 do Regulamento da Cámara, 10.1.c) do Estatuto de autonomía de Galicia e 69.5º da Constitución española, acordou designar senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes persoas:






- D. Xoaquín Fernández Leiceaga, proposto polo G. P. dos Socialistas de Galicia.
- D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz, proposta polo G. P. Popular de Galicia.
- D. Jesús Vázquez Abad, proposto polo G. P. Popular de Galicia.


Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente






**Fiscalía  
Superior**

**Comunidade  
Autónoma  
de Galicia**




# Memoria 2018





**Fiscalía  
Superior**

**Comunidade  
Autónoma  
de Galicia**



# Memoria 2018







Fiscalía  
Superior

Comunidade  
Autónoma  
de Galicia

# Memoria 2018

CSV: BOPGDSPGQ8gPUsTVZ4

Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/traamofic/csv/>







CSV: BOPGDSPGQ&gPUstVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Fiscalía  
Superior**

Comunidade  
Autónoma  
de Galicia



# Memoria 2018





CSV: BOPGDSPGQ8gPUsTVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

# ÍNDICE XERAL

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	<b>10</b>
<b>CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS</b> .....	<b>12</b>
<b>SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (NOVA OFICINA FISCAL)</b> .....	<b>17</b>
<b>SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS. NOMEAMENTOS DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS</b> .....	<b>21</b>
<b>SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA</b> .....	<b>24</b>
<b>SECCIÓN 3.1. ORGANIGRAMA XERAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA</b> .....	<b>24</b>
<b>SECCIÓN 3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA</b> .....	<b>25</b>
<b>SECCIÓN 3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA</b> .....	<b>27</b>
<b>SECCIÓN 3.4. REUNIÓN DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA</b> .....	<b>28</b>
<b>SECCIÓN 3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b> .....	<b>28</b>
<b>SECCIÓN 3.5.1 ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA</b> .....	<b>29</b>
<b>SECCIÓN 3.5.1.1. INSTRUCIÓN XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA</b> .....	<b>29</b>
<b>SECCIÓN 3.5.1.2. REUNIÓN DA XUNTA DE FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA</b> .....	<b>30</b>
<b>SECCIÓN 3.5.1.3. XUNTAS DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS</b> .....	<b>31</b>
<b>SECCIÓN 3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓN E VISITAS INSTITUCIONAIS ÁS FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA</b> ....	<b>32</b>
<b>SECCIÓN 3.5.1.5. RELACIÓN COA POLICÍA XUDICIAL</b> .....	<b>33</b>
<b>SECCIÓN 3.5.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA</b> .....	<b>34</b>
<b>SECCIÓN 3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b> .....	<b>35</b>
<b>SECCIÓN 3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS</b> .....	<b>37</b>
<b>SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓN. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS</b> ...	<b>43</b>
<b>SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA</b> .....	<b>44</b>





SECCIÓN 6. INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS .....	48
SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS .....	49
SECCIÓN 7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO	
DE FISCAIS EN 2018 EN GALICIA.....	49
SECCIÓN 7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL	
DO EQUIPO DE FISCAIS EN 2018 .....	52
<b>CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS.....</b>	<b>56</b>
SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS.....	63
SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL.....	63
SECCIÓN 1.1.0. INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS	
PENAI E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA.....	63
SECCIÓN 1.1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAI .....	65
§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAI ...	66
§ 2. ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAI .....	40
SECCIÓN 1.1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS	
PENAI NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE	
AUTÓNOMA DE GALICIA.....	71
SECCIÓN 1.1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS	
DE PROCEDEMENTOS PENAI .....	76
SECCIÓN 1.1.1.3.1. DILIXENCIAS PREVIAS	
DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP) .....	76
SECCIÓN 1.1.1.3.2. PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA) .....	90
SECCIÓN 1.1.1.3.3. DILIXENCIAS URXENTES	
DE XUÍZO RÁPIDO (DU) .....	93
SECCIÓN 1.1.1.3.4. XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL).....	97
SECCIÓN 1.1.1.3.5. SUMARIOS (SU) .....	101
SECCIÓN 1.1.1.3.6. PROCEDEMENTO	
DO TRIBUNAL DO XURADO (PX) .....	104
SECCIÓN 1.1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL .....	106
SECCIÓN 1.1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES.	
SOLICITUDES DE PRISIÓN .....	114
SECCIÓN 1.1.1.6. XUÍZOS .....	115
SECCIÓN 1.1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS	
XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS .....	118
SECCIÓN 1.1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN	
PENAL (DIP).....	126
SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E	
EFECTIVO CONTROL DA EXECUCIÓN.....	131
SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS) .....	133
SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS,	
CUALIFICADOS E SENTENCIADOS).....	133



SECCIÓN 1.1.2.1.1. RESUMO DOS DELITOS.....	134
SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS.....	135
SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS.....	140
SECCIÓN 1.1.2.1.4. EXAME DOS DELITOS SENTENCIADOS.....	145
SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS .....	149
§ 1. DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIOS).....	150
§ 2. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE FÍSICA (LESIÓNS).....	155
§ 3. DELITOS CONTRA A LIBERDADE .....	161
§ 4. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL .....	165
§ 5. DELITOS RELATIVOS A TRATA DE SERES HUMANOS.....	168
§ 6. DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDAD SEXUAIS .....	170
§ 7. DELITOS DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO).....	175
§ 8. DELITOS CONTRA A INTIMIDADE .....	176
§ 9. DELITOS CONTRA A HONRA.....	179
§ 10. DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES.....	181
§ 11. DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIECONÓMICA.....	185
§ 12. DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL.....	195
§ 13. DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS TRABALLADORES.....	198
§ 14. DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS CIDADÁNS ESTRANXEIROS .....	201
§ 15. DELITOS RELACIONADOS CO MEDIO AMBIENTE E O URBANISMO .....	203
§ 16. DELITOS RELATIVOS AO TRÁFICO DE DROGAS.....	204
§ 17. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA .....	206
§ 18. DELITOS RELATIVOS A FALSIDADES .....	207
§ 19. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.....	212
§ 20. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA .....	218
§ 21. DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA.....	224
§ 22. DELITOS DE LEIS ESPECIAIS.....	232
SECCIÓN 1.1.2.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	234
SECCIÓN 1.1.2.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS ASOCIADOS A DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL E A MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL) .....	236



SECCIÓN 1.2. ÁREA CIVIL .....	238
SECCIÓN 1.2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	238
SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA .....	240
SECCIÓN 1.3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.....	241
SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	241
SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA.....	242
SECCIÓN 1. 4. ÁREA SOCIAL.....	243
SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	243
SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA .....	244
SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	245
SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO) .....	245
SECCIÓN 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA .....	247
SECCIÓN 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO.....	251
SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL....	266
SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) .....	274
SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA.....	289
SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA .....	298
SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES.....	307
SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL.....	327
SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS INFORMÁTICOS .....	329
SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL.....	342
SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA ...	346
SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS.....	356
SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN (“DELITOS DE ODIO”).....	360
 CAPÍTULO III. TEMA ESPECÍFICO DE OBRIGADO TRATAMENTO: TRATA DE SERES HUMANOS .....	 364
 ANEXO: ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS.....	 386
 NOTAS .....	 391





CSV: BOPGDSPGQ&gPUstVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Fernando Suanzes

CSV: BOPGDSPGQ8gPUsTVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# PRESENTACIÓN

A Memoria da Fiscalía supón cada ano a oportunidade non só de plasmar a actividade despregada polo Ministerio Fiscal ao longo dun exercicio, neste caso o 2018, senón que ademais constitúe unha magnífica fonte para obter información sobre os delitos nos procedementos penais e acceder aos indicadores procesuais máis significativos.

Nas diferentes estatísticas publicadas pode apreciarse a evolución da delincuencia durante o período analizado, incluíndo ademais propostas de reforma lexislativa que estimamos máis adecuadas ao contexto actual.

Parecen consolidarse tendencias xa avanzadas noutras memorias, como o descenso continuo de procedementos ingresados nos xulgados, conxuntura que empezou a manifestarse no ano 2016 como consecuencia das reformas introducidas na Lei de Xuizamento Criminal, e que se mantivo en 2018.

Cuestións como a pendencia xudicial frearon lixeiramente os bos indicadores rexistrados en exercicios precedentes, en boa parte como consecuencia da folga funcional do primeiro trimestre de 2018, que incrementou a cifra de xuízos pendentes de resolución. Os esforzos realizados por todos os operadores xurídicos contribuíron, con todo, a mitigar en boa parte as consecuencias do prolongado parón, como se pode comprobar na presente Memoria.

En canto á Fiscalía, mantemos o compromiso en materias como a violencia machista, ámbito no que se nomeou unha fiscal delegada de Violencia sobre a Muller para fortalecer a loita contra este tipo de delincuencia, reforzando a necesaria unidade de actuación do Ministerio Público, avanzando na protección das vítimas, a reparación do dano e a seguridade xurídica dos procedementos. Sen esquecer outros fenómenos que deben preocuparnos como a sinistralidade viaria e laboral, asuntos ambos aos que se prestou especial atención nos últimos anos e que seguen presentando elevadas cifras de accidentes e falecementos que supoñen un auténtico drama desde o punto de vista humano, social e económico.

Estamos, en definitiva, ante un documento que pode e debe axudar a establecer prioridades e criterios de actuación para a mellora da Xustiza e o perfeccionamento da persecución penal. Este é o noso maior desexo e o obxectivo que perseguimos coa presente Memoria.

**Fernando Suanzes Pérez**  
Fiscal Superior de Galicia







CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitacion/csv/>



# CAPÍTULO I

## INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS

CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







CSV: BOPGDSPGQ&gPUstVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## SUMARIO DO CAPÍTULO 1

**SECCIÓN 1**  
**RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (OFICINA FISCAL)**

**SECCIÓN 2**  
**INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS. NOMEAMENTO DE FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS**

**SECCIÓN 3**  
**ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA**

*SECCIÓN 3.1*  
*ORGANIGRAMA XERAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA*

*SECCIÓN 3.2*  
*ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA*

*SECCIÓN 3.3*  
*DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA*

*SECCIÓN 3.4*  
*REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA*

*SECCIÓN 3.5*  
*ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA*

*SECCIÓN 3.5.1*  
*ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA*

*SECCIÓN 3.5.1.1*  
*INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA*

*SECCIÓN 3.5.1.2*  
*REUNIÓNS DA XUNTA DE FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA*

*SECCIÓN 3.5.1.3*  
*REUNIÓNS DE COORDINACIÓN EN ÁREAS ESPECIALIZADAS*

*SECCIÓN 3.5.1.4*  
*ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS.*

*SECCIÓN 3.5.1.5*  
*RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL*

*SECCIÓN 3.5.2*  
*ACTIVIDADES DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA*

*SECCIÓN 3.5.2.1*  
*ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA*



*SECCIÓN 3.5.2.1.1**RELACIÓNS CON ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**SECCIÓN 3.5.2.1.2**RELACIÓNS CO PARLAMENTO AUTONÓMICO DE GALICIA**SECCIÓN 3.5.2.1.3**RELACIÓNS CO TRIBUNAL SUPERIOR DE GALICIA**SECCIÓN 3.5.2.1.4**RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**SECCIÓN 3.5.2.2**ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS**SECCIÓN 3.5.2.2.1**COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIOS PERSOAIS, MATERIAIS E TECNOLÓXICOS. COMISIÓN MIXTA FISCALÍA-XUNTA DE GALICIA**SECCIÓN 3.5.2.2.2**PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS DE COLABORACIÓN CONSTITUÍDOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**SECCIÓN 3.5.2.2.3**CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA**SECCIÓN 3.5.2.2.4**RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES***SECCIÓN 4****SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS****SECCIÓN 5****MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA****SECCIÓN 6****INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS****SECCIÓN 7****EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA***SECCIÓN 7.1**RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS**SECCIÓN 7.2**DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DE FISCAIS*

## SECCIÓN 1 RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL COLABORADOR (NOVA OFICINA FISCAL)

Na cúspide da organización do Ministerio Fiscal (en diante, MF) en Galicia encóntrase a Fiscalía da Comunidade Autónoma (FCA) constituída o 21.01.2008 (Real decreto 1754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da Institución. Ten a súa sede na cidade da Coruña, sede tamén do respectivo Tribunal Superior de Xustiza (TSX). Estende o seu ámbito territorial a todo o territorio de Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio TSX (art. 21.2. da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal —EOMF— e demais disposicións concordantes). O día 21 de xaneiro de 2018 cumpriuse o primeiro decenio da constitución e posta en funcionamento desta Fiscalía autonómica de Galicia como órgano independente.

### § 1. Cadro orgánico de fiscais na Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

Conforme o Real decreto (RD) 1754/2007 o cadro orgánico desta Fiscalía autonómica estaba integrado, a 31.12.2018, por catro fiscais, concretamente: un fiscal xefe denominado fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, con categoría equiparada á de presidente do TSX; un tenente fiscal, denominado tenente fiscal; e dous fiscais da categoría 2ª.

- Fiscal superior: Exmo. Sr. Fernando Suanzes Pérez (desde a súa posesión en data 27.03.2015)
- Tenente fiscal: Ilmo. Sr. José Ramón Piñol Rodríguez.
- Fiscais: Ilmo. Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo e Ilmo. Sr. Carlos Varela García.

Ao igual que no ano anterior, en 2018 o cadro orgánico permaneceu invariable.

### § 2. Persoal colaborador (oficina fiscal)

#### § 2.1. Situación actual do persoal colaborador e da Unidade de Apoio na Fiscalía autonómica de Galicia

A Nova Oficina Fiscal (NOF) de Galicia quedou efectivamente implantada no ano 2016.

Nas memorias anuais das fiscalías provinciais faise referencia ao seu persoal colaborador.

Polo que se refire a esta Fiscalía autonómica, o cadro de persoal colaborador estaba integrado a día 31.12.2018 por cinco persoas do funcionariado xudicial, todas coa condición de titulares:

- Unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa (CXPA). Pilar Rubido Pérez, que asume o posto singularizado de coordinación da NOF.
- Tres persoas funcionarias do corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA).
  - Mª Mar Caruncho Vázquez e Eva Sánchez Fandiño.



- Emilio Castro Bolaño, quen ocupa o posto singularizado de responsable de rexistro, estatística e calidade da Fiscalía (funcionario REC).

- Unha funcionaria do corpo de auxilio xudicial (CAX). Marta Pociña Piñeiro.

En canto á Unidade de Apoio ao fiscal superior de Galicia, está integrada, ademais de pola referida coordinadora e o responsable REC, por outros dous postos singularizados:

- Unha secretaria persoal do fiscal superior de Galicia, posto creado pola Xunta de Galicia no ano 2008 (Resolución do 31.12.2008 da Consellería de Xustiza, DOG 13.01.2009). Está ocupado pola funcionaria xudicial do CTPA María Jesús Fernández Villar.
- Un xefe de Gabinete e Prensa. Francisco José Delgado Trigo, licenciado en Ciencias da Información e xornalista de recoñecido prestixio.
- Un chofer persoal oficial do parque móbil da Xunta de Galicia, Ramiro Mosquera Miras.

## § 2.2. Especial referencia á Xefatura de Gabinete e de Prensa

Trátase dun posto singularizado, creado en 2008 e configurado como persoal de apoio de libre designación, adscrito á Área de Apoio á Xefatura. Desde a súa toma de posesión o 1.09.2015, o posto está desempeñado por Francisco José Delgado Trigo, que ten como misión principal a de dar apoio ao fiscal superior, así como ao conxunto do MF na CA de Galicia en todos os aspectos relacionados cos medios de comunicación e a relación cos xornalistas e toda a infraestrutura que isto leva consigo.

O Gabinete de Comunicación colaborou ademais de forma habitual e constante cos diferentes fiscais das distintas fiscalías provinciais e de área co obxectivo de asesorar na realización de entrevistas ou outras intervencións públicas relacionadas cos medios informativos. O obxectivo fundamental é trasladar á opinión pública o labor que realizan os fiscais e conseguir, así, unha imaxe positiva do Ministerio Público; ao tempo que se dá cumprimento ao dereito dos cidadáns a recibir unha información veraz dos procesos xudiciais.

Ferramenta fundamental no labor deste Gabinete é o Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia, aprobado pola Instrución núm. 2/2018, do 2 de novembro (que actualizou e substituíu o anterior, aprobado por Instrución 2/2017, do 6 de setembro).

## §.2.3. Dirección e coordinación do funcionariado da Fiscalía autonómica (notas internas)

Ao longo do ano 2018, o fiscal superior emitiu as seguintes notas internas, dirixidas ao funcionariado e/ou fiscais, para mellorar a organización e funcionamento interno do organismo:

**Nota interna núm. 1/2018**, do 29.06.2018, sobre pautas de actuación en materia de protección de datos, seguindo as instrucións recibidas da Unidade de Apoio da FXE que deron lugar ao noso expediente governativo núm. 29/2018).



**Nota interna núm. 2/2018**, do 6.11.2018, dirixida tanto ao funcionariado coma aos propios fiscais da Fiscalía autonómica, para coñecemento e cumprimento do tratado e acordado en nos puntos 4º, 5º e 6º da reunión ordinaria da Xunta de fiscais xefes provinciais de Galicia, de igual data, da cal se dá conta posteriormente (sección 3.5.1.12 deste capítulo I).

### §.2.3. Funcionariado colaborador nas fiscalías territoriais de Galicia

De acordo coa información facilitada polas propias fiscalías, a finais de 2018 as que seguen son as cifras do persoal funcional colaborador, titular e substituto/interino, que prestou servizo, pertencentes aos tres corpos da Administración de Xustiza (xestión, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial).

#### ■ Datos resumidos sobre o funcionariado colaborador:

- Cifra total de funcionariado titular: 121. Isto supón unha *ratio* de 0,83 funcionarios por cada un dos 146 fiscais titulares lonxe aínda da necesaria *ratio* de 1 funcionario/1 fiscal.
- Cifra total de funcionariado interino/substituto: 24. En 2018 situouse en 7 funcionarios de reforzo a final de ano aos que hai que sumar os funcionarios interinos de apoio (17); co que a cifra de funcionariado interino foi de 24.
- Outro persoal colaborador. Á parte da mencionada cifra de funcionariado, existe un total de 5 persoas que desempeñan, por concurso e libre designación, funcións de secretaría persoal do fiscal superior e de cada un dos 4 fiscais xefes provinciais. Tamén, como persoal laboral e de libre designación, segundo o exposto, hai un xefe de Gabinete e Prensa na Fiscalía autonómica.

#### ■ Datos detallados sobre o funcionariado colaborador (titular):

Distribución por corpos:

- Corpo de xestión procesual e administrativa (CXPA): 13 (10,74% do total). Un total de 8 deles asumen funcións de coordinación da oficina fiscal.
- Corpo de tramitación procesual e administrativa (CXPA): 90 (74,38%)
- Corpo de auxilio xudicial (CAX): 18 (14,88%).

Distribución por fiscalías territoriais do funcionariado (titular):

- Fiscalía da CA de Galicia: 5 (1 CXPA, 3 CTPA e 1 CAX).
- Fiscalía Provincial da Coruña (sede principal): 32 (2 CXPA, 25 CTPA e 5 CAX).
  - Fiscalía de Área de Santiago: 9 (1 CXPA e 8 CTPA).
  - Fiscalía de Área de Ferrol: 5 (1CXPA, 3 CTPA e 1 CAX).
- Fiscalía Provincial de Lugo (sede principal): 11 (2 CXPA, 7 CTPA e 2 CAX).
  - Sección Territorial de Mondoñedo: 3 (CTPA).
  - Sección Territorial de Monforte de Lemos: 2 (CTPA).
- Fiscalía Provincial de Ourense (sede principal): 12 (1 CXPA, 9 CTPA e 2 CAX).
  - Sección Territorial de Verín: 1 (CTPA).
- Fiscalía Provincial de Pontevedra (sede principal): 23 (3 CXPA, 17 CTPA e 3 CAX).
  - Fiscalía de Área de Vigo: 16 (2 CXPA, 10 CTPA e 4 CAX)



- Sección Territorial de Cambados: 2 (CTPA).

#### §.2.4. Iniciativas para mellora da formación e do funcionariado substituto

Ademais do desexable aumento de dotación de persoal, ten notable relevancia a axeitada formación e preparación do funcionariado (e dos fiscais) —tanto titulares como interinos (de apoio ou reforzo)— que prestan servizo nas oficinas fiscais de Galicia. Nesta liña, en 2018 tanto a Xunta de Fiscais Xefes Provinciais de Galicia (reunión do 8.10.2018) como a Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia (reunión do 14.12.2018) ocupáronse do tema para optimizar a formación.



## SECCIÓN 2 INCIDENCIAS DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS. NOMEAMENTO DE FISCALS DELEGADOS AUTONÓMICOS

### § 1. Cadro orgánico de fiscais de Galicia

Como no ano anterior, en 2018 non se produciu aumento ningún no cadro orgánico do MF nas fiscalías territoriais de Galicia (Fiscalía autonómica, fiscalías provinciais e fiscalías de área). Segue vixente, polo tanto, a establecida polo citado RD 62/2015 (que creara unha praza adicional de 2ª categoría na Fiscalía de Área de Vigo).

### § 2. Solicitud de fiscais de reforzo para normalización do traballo tras folga funcional

A folga funcional indefinida do persoal funcionario da Administración de Xustiza en Galicia tivo lugar entre principios de febreiro e mediados de maio de 2018. O día 22.05.2018 foi incoado nesta Fiscalía autonómica o expediente gubernativo (EG) núm. 31/2018 co obxecto de solicitar fiscais de reforzo para a normalización do traballo tras esa situación anómala. Para tal fin, con data do 9.07.2018, remitiuse unha proposta actualizada á FXE (Inspección e Unidade de Apoio) de 21 fiscais de reforzo. A proposta non tivo favorable acollida, tendo en conta, entre outras cousas, a pronta normalización do traballo atrasado polos fiscais.

### § 3. Nomeamentos de novos fiscais delegados autonómicos en áreas especializadas

- **Fiscala delegada autonómica en materia de violencia sobre a muller.** Tras a tramitación regulamentaria oportuna, mediante decreto do 2.01.2018 (expediente gubernativo 596/2017), a fiscala xeral do Estado acordou o nomeamento da **Ilma. Sra. Rosalina Carrera Cotado**, fiscala delegada provincial de Pontevedra, como **fiscala delegada autonómica en materia de violencia para Galicia**.
- **Fiscal delegado autonómico en materia de protección de datos.** Por decreto do fiscal superior do 29.06.2018, acordouse o nomeamento do **Ilmo. Sr. José Ramón Piñol Rodríguez**, tenente fiscal desta Fiscalía autonómica, como delegado autonómico en materia de protección de datos, asumindo unicamente a responsabilidade que sobre o particular determine a FXE e a súa implementación nesta Fiscalía.

### § 4. Referencia ás fiscalías territoriais

- **Fiscalía Provincial da Coruña.** Por Real decreto (RD) 1295/2018, do 12 de outubro (BOE núm. 248 do 13 de outubro) foi nomeado o Ilmo. Sr. Javier Luis Rey Ozores para un novo mandato como fiscal xefe desta Fiscalía territorial.
- **Fiscalía Provincial de Lugo.** Por RD 1453/2018, do 14 de decembro (BOE núm. 302 do 15.12.2018) o Ilmo. Sr. Antonio Martínez Fernández foi nomeado tenente fiscal da Fiscalía Provincial de Lugo.
- **Fiscalía Provincial de Pontevedra.** Por Real decreto (RD) 315/2018, do 18 de maio (BOE





núm. 122 do 19.05.2018) foi nomeado o Ilmo. Sr. Juan Carlos Aladro Fernández para un novo mandato como fiscal xefe desta Fiscalía territorial.

■ Fiscalía de Área de Santiago de Compostela. Por RD 1189/2018, do 21 de setembro (BOE núm. 230 do 22.09.2018) foi nomeado o Ilmo. Sr. Mario Piñeiro Vázquez para un novo mandato como fiscal xefe desta Fiscalía territorial.

■ Fiscalía de Área de Vigo. Por RD 1295/2018, do 12 de outubro (BOE núm. 248 do 13.10.2018) foi nomeada a Ilma. Sra. Susana García-Baquero Borrel, para un novo mandato como fiscal xefe desta Fiscalía territorial.

### § 5. Referencia a substitucións e reforzos

Estas cuestións non se formulan máis que respecto ás fiscalías provinciais e de área. Mediante Orde JUS/671/2018, do 15 de xuño (BOE núm. 154, de 26.06.2018), acordouse a prórroga dos nomeamentos de avogados fiscais substitutos para o ano 2018-2019. Para o dito ano xudicial, xa que logo, quedaron prorrogados os nomeamentos que se realizaran mediante a anterior Orde JUS/801/2017, do 8 de agosto (BOE núm. 81 do 5.04.2017) para o ano xudicial 2017-2018. Este persoal externo, «sen pertencer á carreira fiscal, realiza funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente nas fiscalías» (art. 1 do RD 634/2014). Polo que se refire á CA de Galicia, os 16 avogados fiscais substitutos, nomeados en 2017 e prorrogados en 2018, son os seguintes:

Segundo a información facilitada polas fiscalías provinciais de Galicia, durante o ano 2018 consta que, á parte dos 146 fiscais titulares, prestaron servizo un total de 26 avogados fiscais

FISCALÍA	N.º ORDE	APELIDOS E NOME
A CORUÑA	1	ZABALETE CARBALLO, ALICIA
	2	MUÑIZ CAMÁÑEZ, MARÍA MANUELA
	3	LOURIDO RICO, ANA MARÍA
	4	CASTRO GARCÍA, MARÍA BEGOÑA
	5	MONTENEGRO IGLESIAS, JOSÉ ANTONIO
	6	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, BEATRIZ ELENA
LUGO	1	QUIROGA RÚA, MARÍA MERCEDES
	2	FERNÁNDEZ ACEBO, MARÍA DOLORES
OURENSE	1	IGLESIAS DIAZ, HÉCTOR
	2	MATEOS CORTES, ALICIA
PONTEVEDRA	1	PUMAR FERNÁNDEZ, MÓNICA
	2	TOURIÑO ARAÚJO, MANUEL JESÚS
	3	LAMAS MEILÁN, MANUEL MARÍA
	4	BARGES ALONSO, MARÍA LUISA
	5	GARCÍA PELAYO, CARLOS MARÍA
	6	VILLAR PENIDE, FRANCISCO JOSÉ



substitutos, que representan un 17,81% dos titulares. Algúns dos fiscais substitutos, segundo períodos, actuaron durante ese ano en varias sedes fiscais distintas.

Estes 26 fiscais substitutos distribúense deste xeito: 22 para funcións de apoio puntual (84,62%) e só 4 para funcións de reforzo (15,38%).

Distribución da cifra total por fiscalías provinciais:


- Fiscalía Provincial da Coruña: 5 fiscais substitutos (de apoio).
- Fiscalía Provincial de Lugo: 5 (3 de apoio e 2 de reforzo).
- Fiscalía Provincial de Ourense: 1 (de apoio).
- Fiscalía Provincial de Pontevedra: 15 (13 de apoio e 2 de reforzo).



## SECCIÓN 3 ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA

### SECCIÓN 3.1 ORGANIGRAMA XERAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

#### § 1. Descrición xeral



## § 2. Dependencias da Fiscalía de Área de Santiago en Ribeira (A Coruña)

A Fiscalía de Área de Santiago de Compostela conta con dous fiscais e un funcionario destacados na cidade de Ribeira que atenden o partido xudicial desa localidade e cun servizo de garda propio. Sobre a necesidade de articular un mellor servizo a Inspección Fiscal recomenda o seguinte: sen prexuízo de que, no futuro e tras as oportunas modificacións legais, puidese chegar a crearse unha sección territorial, subsede ou unha figura semellante dependente das fiscalías de área, suxírese que a Xefatura da Fiscalía de Área de Santiago, no exercicio das súas facultades organizativas, valore a conveniencia de normalizar e corrixir a situación de Ribeira, tendo en conta as posibilidades que hoxe en día ofrecen os medios telemáticos e a esixencia que se impón aos órganos xudiciais de concentración de audiencias e vistas que requiran a presenza do Ministerio Fiscal no Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais.


### SECCIÓN 3.2

#### ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

Con precedente na Instrución 11/2005 FXE, do 10 de novembro, a partir da reforma do EOMF operada por Lei 24/2007, do 9 de outubro, introduciuse na estrutura organizativo-funcional do MF, xunto cun novo despregamento territorial, o principio de especialización. Isto supuxo a creación de determinadas áreas ou seccións especializadas nas fiscalías provinciais, cunha dobre supervisión e coordinación: nun plano horizontal, polos respectivos fiscais xefes territoriais; e, nun plano vertical, por fiscais de sala da FXE (fiscais de sala coordinadores ou delegados).

O organigrama que segue está integrado polos **fiscais delegados a nivel autonómico** que existen actualmente na CA de Galicia.





A nivel provincial existe outra rede de **fiscais delegados ou encargados e de enlace nas fiscalías provinciais e de área**, no ámbito das distintas áreas especializadas (violencia de xénero e doméstica, sinistralidade laboral, medio ambiente e urbanismo, estranxeiría, seguridade viaria, menores, cooperación xurídica internacional, delincuencia informática, protección de vítimas no proceso penal, vixilancia penitenciaria, delincuencia económica, protección de persoas con discapacidade, protección de persoas maiores, protección de consumidores e usuarios, rede de fiscais do Sistema de Información do Ministerio Fiscal, SIMF).



### SECCIÓN 3.3

#### DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA

A distribución do traballo entre os fiscais integrantes do cadro orgánico, conforme á normativa vixente, vén reflectíndose nas sucesivas reunións da xunta de fiscais desta Fiscalía autonómica. A distribución de traballo é esencialmente a acordada na xunta ordinaria celebrada o 6.04.2005, con efectos aplicativos desde 27.03.2015 e lixeiras modificacións en reunións posteriores de 2016, 2017 e 2018.

DISTRIBUCIÓN XERAL DO TRABALLO				
ASUNTOS	SR. SUANZES	SR. PIÑOL	SR. MARISCAL	SR. VARELA
ASUNTOS SALA CIVIL E PENAL TSX	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA SOCIAL TSX		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO. TSX		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS ELECTORAIS		Todos os números		
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
EXPEDIENTES GOBERNATIVOS	Todos os números			
OBSERVACIÓNS	Os asuntos rematados en 0 (cero) correspondentes á xurisdición contencioso-administrativa e á xurisdición social, repartiranse, polo número anterior, entre os señores Piñol, Mariscal e Varela. Todo iso sen prexuízo dos asuntos que, se for o caso, queira reservarse o fiscal superior.			
	Tratándose de sumarios véñse levando unha quenda especial, independente e distinta da quenda ordinaria utilizada no procedemento inicial (dilixencias previas).			
	Supostos de entrada de varios asuntos contencioso-administrativos, susceptibles de seren acumulados nun só proceso. En tales casos, segundo o acordado na reunión da xunta de fiscais celebrada o 29.09.2015, "por tratarse de pretensións que se deducen en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación, serán despachadas polo fiscal a quen por quenda lle correspondese o primeiro, aínda cando a Sala os rexistrase como procedementos distintos"			

Respecto á **distribución de traballo relativa á asistencia a xuízos e vistas do TSX**, existe unha quenda semestral, cun réxime de suplencias, na que participan os catro fiscais do cadro de persoal, incluídos o propio fiscal superior.

Á parte da referida distribución de traballo, existen algunhas normas e criterios particulares de repartición referidos a cuestións tales como repartición de procedementos contra aforados (ámbito penal ou civil), repartición de asuntos en casos de abstención dun fiscal, repartición de asuntos en caso de ausencia dun fiscal por vacacións, enfermidade ou baixa prolongada etc.



### SECCIÓN 3.4

#### REUNIÓN DA XUNTA DE FISCAIS DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Ao longo do ano 2018, celebráronse as seguintes reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica (art. 24 do EOMF):

- Reunión ordinaria de data 28.06.2018. Os asuntos tratados foron resumidamente os seguintes: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) distribución de vacacións; 3) calendario de inspeccións ordinarias das fiscalías territoriais de Galicia; 4) adecuación á normativa europea de protección de datos (RXPd); 5) nomeamento de fiscal delegado na devandita materia; 6) necesidade de ratificar as denuncias cando veñen xenéricas e por correo electrónico; e 7) rolda de intervencións.
- Reunión ordinaria do día 27.11.2018. Relación sumaria de asuntos tratados: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) puntos de interese a incluír na orde do día de próxima Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia; 3) informe do fiscal superior de asuntos tratados en Xunta de Fiscais Superiores de CC.AA. celebrada en Burgos os días 12 e 13.11.2018; 4) visitas da Fiscalía Superior ás fiscalías territoriais de Galicia, e coordinación para iso coa Inspección Fiscal-FXE; 5) distribución de traballo, visitas e xuízos para 2019; e 6) rolda de intervencións.

### SECCIÓN 3.5

#### ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O EOMF dota dunha indubidable relevancia orgánica e institucional á figura do fiscal superior da CA. Ademais da dirección da súa propia Fiscalía, correspóndelle outra función no ámbito territorial da propia CA. Por un lado, o artigo 22 do EOMF atribúelle a xefatura do MF, función orgánica e interna de dirección e coordinación da Fiscalía de Galicia. Por outra a representación institucional do MF e a correspondente interlocución cos distintos órganos e institucións en xeral e, particularmente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes).

En definitiva, o fiscal superior asume as funcións de xefatura e representación da institución no territorio da CA, con distintas intervencións nos ámbitos provinciais, autonómico e nacional.



## *SECCIÓN 3.5.1 ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA*

### *SECCIÓN 3.5.1.1 INSTRUCCIÓN XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA*

Esta materia queda explicada na Sección 6 deste capítulo I, en canto ás instrucións xerais ditadas no ano 2018 polo fiscal superior de Galicia.

En todo caso, cabe sinalar aquí as instrucións ou criterios particulares fixados polo fiscal superior nalgún tema ou cuestión concreta, como unha controversia xurdida entre dúas fiscalías territoriais de Galicia.

Mediante decreto de conclusión con data do 6.11.2018 ditado no expediente gubernativo 57/2018 (e 59/2018 acumulado), o fiscal superior acordou concretar os criterios que, de forma clara e precisa, definen un «asunto especialmente complexo», despois de recibir os correspondentes informes das xefaturas da Fiscalía Provincial da Coruña e a Fiscalía de Área de Santiago de Compostela. Deste xeito, como superior xerárquico común e da forma máis consensuada posible, fixou os criterios a seguir para evitar conflitos entre ambas as dúas fiscalías respecto a cal delas lle correspondería a asistencia aos xuízos celebrados ante os xulgados do penal e da Audiencia Provincial da Coruña, en procedementos cualificados pola Fiscalía santiaguesa.

Os criterios fixados, no fundamento cuarto do decreto mencionado, son os seguintes:

1º) A distribución de traballo sobre os fiscais que deben acudir a xuízos nos órganos xudiciais con sede na Coruña relativos a procedementos penais tramitados e cualificados polos fiscais da Fiscalía de Área de Santiago correspondentes aos partidos xudiciais de Muros, Noia e Negreira (que logo se xulgan na Coruña), así como aos de violencia sobre a muller (calquera que sexa o seu ámbito territorial que corresponden sempre á Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña, situada nesa cidade) é competencia da Xunta de Coordinación da provincia da Coruña que integra ademais da Provincial as fiscalías de Área de Santiago e Ferrol.

2º) O acordo hoxe vixente foi adoptado nas xuntas de coordinación provinciais do 23 de decembro de 2013 e do 24 de novembro de 2017, no sentido de concretar a asistencia a aqueles casos de procedementos por xurado e os que teñan por obxecto asuntos complexos.

3º) Por asuntos complexos deben entenderse todos aqueles que se refiran a grupos ou organizacións criminais, numerosos feitos punibles, gran cantidade de investigados ou vítimas, pericias que impliquen o exame de abundante documentación ou complicadas análises, actuacións no estranxeiro, persoas xurídicas ou delitos de terrorismo.





Tamén se consideran complexas, en interpretación aberta, calquera outra causa que por consideracións intrínsecas atinentes á propia esencia do asunto (tramas complexas, determinados asuntos que requiren coñecementos especiais como os económicos, por exemplo) ou extrínsecas exasperadas (dificultosas periciais, documentais ou similares, duración das sesións...) considere excepcionalmente o fiscal xefe provincial no concreto caso; tendo en conta que a norma xeral é a de que aos xuízos deben asistir os fiscais da Fiscalía Provincial.

4º) A excepcional asistencia dos fiscais de Santiago aos xuízos da Coruña deberá facerse con planificación abonda para non alterar nin afectar a boa marcha e organización das respectivas oficinas fiscais.

#### SECCIÓN 3.5.1.2

#### REUNIÓN DA XUNTA DE FISCAIS XEFES PROVINCIAIS DE GALICIA

Baixo a presidencia do fiscal superior de Galicia, como superior xerárquico, ao longo do pasado ano 2018, celebrouse unha única reunión da xunta de fiscais xefes provinciais da CA de Galicia, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións respecto a temas relativos á súa función (art. 22, apartados 4 e 7, e art. 24, alínea 3, parágrafo 2º, do EOMF).

■ Reunión ordinaria día 8.10.2018 da Xunta de Fiscais Xefes provinciais da CA de Galicia. Celebrouse na sede da Fiscalía autonómica, coa asistencia dos catro fiscais xefes provinciais, baixo a presidencia do fiscal superior, asistido do fiscal xefe provincial de Lugo en funcións de secretario. A relación de asuntos tratados foron os seguintes:

1.- Actualización, revisión e posta ao día da Instrución 2/2017 da Fiscalía Superior sobre o Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia.

2.- Criterios de actuación nas denuncias ás fiscalías territoriais de feitos claramente inocuos, extravagantes, sen fundamentos reiterados de querelantes habituais, ou que en xeral se advirta o seu carácter arbitrario. Exame da recente STSX Galicia sobre as dilixencias de investigación prospectivas.

3.- Desenvolvemento da Fiscalía Dixital en Galicia e en especial do sistema de xestión procesual *Fortuny* (versión 7.4.5.2).

4.- Petición dunha aula informática para a formación de funcionarios de xestión e tramitación (interinos) e eventualmente de fiscais (tanto substitutos como titulares) nas aplicacións e ferramentas informáticas necesarias.

5.- Substitucións de funcionarios da Fiscalía e a súa posible colocación nunha lista específica (particularmente os que xa traballaron na Fiscalía e coñecen os seus sistemas de traballo).



6.- Posible fórmula, en determinadas materias (ordes contencioso-administrativa, social e, agora, en apelacións penais) para que as resolucións do TSX, que adoitan chegar á Fiscalía Superior, poidan tamén ser comunicadas ás fiscalías provinciais para ter coñecemento delas e poder pechar os seus rexistros. Remisión de documentación das fiscalías provinciais á Superior en todas as ordes xurisdiccionais, agás penal, cando as partes recorren ao TSXG.

7.- Coordinación dos procedementos inhibidos entre órganos xudiciais de ámbitos correspondentes a distintas fiscalías.

8.- Órgano competente para resolver sobre a situación persoal dos asuntos penais en apelación no TSXG.

9.- Rolda de intervencións. Neste punto, acordou a xunta que, como norma xeral, se celebren dúas xuntas de fiscais xefes cada ano, sendo o máis axeitado que se sinalen coa oportuna antelación respecto das comisións mixtas que tamén se celebran semestralmente.

Con posterioridade á reunión, o fiscal superior emitiu a xa referida nota interna núm. 2/2018, do día 6.11.2018, pola que se entregou tanto aos fiscais como ao funcionariado desta Fiscalía autonómica unha copia da acta para cumprimento do tratado e acordado nos puntos 4º, 5º e 6º da orde do día.

### *SECCIÓN 3.5.1.3 REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN ÁREAS ESPECIALIZADAS*

Así mesmo, baixo a habitual presidencia do fiscal superior, celebrouse unha reunión sobre materias propias de áreas especializadas, concretamente a xunta de fiscais especialistas en materia de discapacidade que tivo lugar o día 6.7.2018 na sede da Fiscalía de Área de Santiago. Infórmase polo miúdo sobre ela no apartado desta memoria dedicado a esta área especializada (capítulo II, sección 2.2).

É tamén salientable que, o 10.7.2018 tivo lugar na sede da Fiscalía autonómica unha reunión coa fiscal de sala de violencia de xénero, Excm. Sra. Pilar Martín Nájera, con asistencia do fiscal superior, a fiscal delegada autonómica e demais fiscais delegados provinciais de Galicia na materia. Na dita reunión abordáronse temas de interese nesta temática e, posteriormente, informouse aos medios en rolda de prensa. A fiscal de sala considerou esencial a actuación coordinada da Fiscalía ante este fenómeno para conseguir unha eficaz e eficiente resposta xudicial ante unha denuncia, outorgando protección ás vítimas. Pola súa banda, o fiscal superior sinalou que Galicia é a cuarta CA que conta con fiscal/a delegado/a en violencia de xénero, así como que o obxectivo é continuar coa loita contra este grave problema social, reforzando a coordinación e garantindo a aplicación de criterios coherentes na persecución penal.



*SECCIÓN 3.5.1.4**ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓN ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS.***■ Inspeccións ordinarias efectuadas pola Fiscalía autonómica**

Segundo os plans aprobados nas reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, durante o ano 2018 habíanse de efectuar inspeccións ás fiscalías territoriais de Galicia por parte desta Fiscalía autonómica (conforme art. 13.2 do EOMF e demais normas e protocolos da Inspección da FXE), concretamente ás de Coruña, Lugo e Santiago. Non obstante, mediante oficio do 28.11.2018 (expediente gubernativo 71/2018) indicouse que quedaron sen efecto a primeira e última. Iso foi debido a un dobre motivo: o coñecemento do plan inspector sobre estas fiscalías por parte da Inspección Fiscal, que efectivamente inspeccionou Santiago e Vigo; e tamén a repercusión da folga funcional de Xustiza en Galicia (primeiro trimestre do ano), que fixo necesario e conveniente non intensificar a actividade inspectora máis alá do razoable, co obxectivo de dar unha volta inspectora completa a todas as fiscalías territoriais entre os anos 2018 e 2019.

- Inspección ordinaria á Fiscalía Provincial de Lugo (día 31 de outubro de 2018).

Fiscais inspectores: fiscal superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado do tenente-fiscal don José Ramón Piñol Rodríguez e do fiscal don Carlos Mariscal de Gante Castillo como fiscal-secretario.

Obxectivos da visita: 1) cumprimento da Circular 4/2013, sobre dilixencias de investigación penal; 2) control das causas do procedemento do Tribunal do Xurado; 3) protección de vítimas do delito; 4) cumprimento da Circular 2/2013, sobre intervención do fiscal no incidente de nulidade de actuacións; 5) sección de vixilancia penitenciaria; e 6) reunións da Xunta de Fiscalía.

Segundo o acordado en reunión do 27.11.2018 da Xunta de Fiscais desta Fiscalía autonómica, o calendario para 2019 de inspeccións ordinarias a fiscalías territoriais, na idea de realizar unha volta completa cada dous anos de todas as fiscalías territoriais, é o seguinte:

Fiscalía Provincial de Ourense (día 5.3.2019).

Fiscalía de Área de Ferrol (día 18.6.2019).

Fiscalía Provincial de Pontevedra (día 22.10.2019).

O dito plan de inspeccións desta Fiscalía foi comunicado á Inspección Fiscal da FXE, co obxecto de coordinarse coa súa propia actividade inspectora, mediante oficio do 28.11.2018 emitido no noso expediente gubernativo núm. 71/2018.



### ■ Visitas institucionais realizadas pola Fiscalía autonómica

Á parte das formais visitas de inspección, o fiscal superior realizou visitas institucionais a fiscalías territoriais galegas para exercer a súa función de coordinación mediante o coñecemento directo e *in situ* de problemas e particularidades, a través do intercambio de información e opinións cos respectivos fiscais xefes, fiscais e persoal funcional:

- 20.2.2018. Fiscalía Provincial de Ourense.
- 14.3.2018. Sección Territorial de Monforte de Lemos (dependente da Fiscalía Provincial de Lugo).
- 10.12.2018. Fiscalía de Área de Santiago.

### ■ Visitas ordinarias realizadas pola Inspección Fiscal (FXE)

Durante o ano 2018 a Inspección Fiscal (FXE) realizou tamén varias visitas de inspección ordinaria a Fiscalías territoriais de Galicia:

- Fiscalía de Área de Vigo (días 5 e 6 de xuño de 2018).
- Fiscalía Provincial da Coruña (días 25 e 26 de xuño de 2018).
- Fiscalía de Área de Santiago (días 27 e 28 de xuño de 2018).

Cada unha das copias das actas resultado destas visitas de inspección foron remitidas pola Inspección Fiscal a esta Fiscalía autonómica.

#### SECCIÓN 3.5.1.5 RELACIONES COA POLICÍA XUDICIAL

Polo que se refire ao ano 2018, cabe sinalar a actividade de relación da Fiscalía en materia de seguridade viaria con representantes da Policía Xudicial, particularmente a Garda Civil de Tráfico. A esta actividade referiuse o fiscal delegado autonómico na materia na súa comparecencia ante o Parlamento autonómico de Galicia o día 25.01.2018, que detallamos no apartado específico de seguridade viaria (capítulo II, sección 2.5).

En materia de incendios forestais, é salientable a actuación desenvolvida polas forzas especialmente con motivo da trágica vaga de incendios acontecida en outubro de 2017, que deu lugar á incoación das nosas DIP núm. 33/2018, ás que foron uníndose todos os atestados instruídos, así como os informes ou memorias xerais elaborados. Estas DIP foron concluídas mediante decreto de arquivo de 14.03.2018, como se detalla no apartado específico de medio ambiente (capítulo II, sección 2.3).

O papel das distintas forzas policiais segue sendo crucial para a prevención, protección e erradicación da violencia de xénero. Como se explica no apartado específico desta materia (capítulo II, sección 1.2) no ano 2018 quedou aprobado definitivamente o “Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia”. A nivel autonómico, a coordinación do traballo das forzas policiais estatais en Galicia realízase a través da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da



Delegación do Goberno; así como, a nivel provincial, polas Unidades de Violencia sobre a Muller das catro Subdelegacións do Goberno. Nelas ten tamén participación o Ministerio Fiscal, como na reunión celebrada o 6.11.2018 na Delegación do Goberno.

A **Instrución 1/2018**, do 6 de febreiro, referida á intervención procesual dos fiscais en relación cos problemas xerados pola ocupación de bens inmobles na CA de Galicia, aínda que dirixida aos fiscais, afecta á actuación policial, especialmente en canto á elaboración de atestados que se remiten ao órgano xudicial.

### SECCIÓN 3.5.2

#### ACTIVIDADES DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA

O EOMF atribúe ao fiscal superior a **representación institucional do Ministerio Fiscal no territorio da respectiva CA**, sen prexuízo das atribucións do fiscal xeral do Estado (art. 22.4). Polo tanto, correspóndelle exercer a representación institucional do MF e a interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e, particularmente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). Especialmente relevantes son as relacións cos organismos que, conforme ao seu Estatuto de Autonomía configuran a súa estrutura político-xurídica, isto é, o Parlamento autonómico e a Xunta de Galicia; ademais do TSX de Galicia, organismo xurisdiccional no que culmina a organización xudicial do seu territorio.

Como consecuencia desta función representativa, o fiscal superior exerce as seguintes funcións:

- 1) Relacións institucionais, especialmente cos órganos e institucións da CA de Galicia (art. 11.2 EOMF e concordantes). Destaca a colaboración coa Asemblea Lexislativa de Galicia, ante quen debe presentar a Memoria Anual da Fiscalía (art. 11.2 do EOMF).
- 2) Actividades de colaboración coa CA de Galicia (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
- 3) Subscrición de convenios coa CA de Galicia, coa autorización previa do fiscal xeral do Estado (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
- 4) Remisión de informes ao Goberno da CA de Galicia en relación coas necesidades de organización e funcionamento das fiscalías provinciais, en materia de medios informáticos, novas tecnoloxías (TIC) demais medios materiais e persoais (arts. 11.3 e 18.3, parágrafo 1º *in fine* do EOMF).



### SECCIÓN 3.5.2.1

#### ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

##### SECCIÓN 3.5.2.1.1. RELACIÓNS CON ÓRGANOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA GALEGA

Son frecuentes e fluídas as relacións da Fiscalía autonómica coa Xunta de Galicia, máxime tendo en conta que a nosa CA ten transferidas competencias en materia de medios persoais e materiais de Xustiza desde o ano 1995 (RD 2166/1994 e normativa complementaria posterior).

Estas relacións Fiscalía-Administración son particularmente intensas, en primeiro lugar, coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza (VCPAPX). Dentro do dito departamento é frecuente a relación coa Dirección Xeral de Xustiza.

Ademais, en canto a temas de TIC existe relación con diversos servizos da AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia). Tamén son destacables as relacións mantidas coa Dirección de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (da Consellería de Política Social) en temas relacionados coa sinatura e renovación de convenios de mediación familiar intraxudicial.

#### Reunións ou eventos concretos máis relevantes en 2018

- 21.02.2018. A Coruña, sede da Fiscalía autonómica. Reunión con representación da Consellería de Educación de Xunta de Galicia.
- 20.03.2018. Santiago, sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Reunión do Pleno do Observatorio da Violencia de Xénero, na que se aprobou definitivamente o protocolo de coordinación e cooperación na materia para Galicia.
- 6.04.2018. A Coruña, sede da Fiscalía autonómica. Reunión en materia de familia e menores con representación da Administración autonómica e asistencia da fiscal delegada provincial de Menores da Coruña.
- 9.04.2018. A Estrada (Pontevedra), sede da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Intervención en acto inaugural de curso de especialización en Policía Xudicial para membros do Corpo Nacional de Policía (CNP).
- 18.06.2018. Santiago, edificio sede Xunta de Galicia. Reunión entre representación da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza e da Fiscalía de Galicia, na que se tratou do plan de recuperación e normalización das Fiscaleas de Galicia, tras a finalización da folga funcional (véxase sección 3.5.2.2.1 deste capítulo I).
- 3.10.2018. Santiago, sede da EGAP. Intervención en acto inaugural de xornada sobre Xustiza e Dereito en Igualdade.
- 18.10.2018. A Coruña, sede da Fiscalía autonómica. Reunión co secretario xeral da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- 23.10.2018. Santiago, sede da EGAP. Xornada a corresponsabilidade parenteral no cesamento da convivencia da parella. Intervención en mesa redonda sobre o papel da Fiscalía na consolidación e desenvolvemento dunha xustiza terapéutica: instrumentos de intervención no conflito familiar



- 10.12.2018. Reunión en Santiago na Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- 14.12.2018. Reunión en Santiago da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia (véxase sección 3.5.2.2.1 deste capítulo I).

#### *SECCIÓN 3.5.2.1.2. RELACIÓNS CO PARLAMENTO AUTONÓMICO DE GALICIA*

Neste apartado, cómpre salientar as seguintes actuacións, no marco do disposto no art. 11.2 do EOMF e disposicións concordantes.

- Entrega formal da Memoria Anual relativa ao ano 2017 á Presidencia do Parlamento autonómico (30.10.2018), e posterior presentación aos medios de comunicación.
- Comparecencia do fiscal superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa ao ano 2017 (28.11.2018).
- Referencia a comparecencias en áreas especializadas. A Fiscalía de Galicia tivo participación nalgunhas comisións especiais do propio Parlamento autonómico:
  - Comisión especial non permanente para o estudo da seguridade viaria en Galicia. No seo desta realizou unha extensa intervención (o día 25.01.2018) o fiscal delegado autonómico na materia, para dar conta detallada das actuacións do Ministerio Fiscal nesta área especializada
  - Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os dereitos das Mulleres. Tivo intervención nesta, o 28.02.2018, a nova fiscalía delegada para Galicia en violencia de xénero.
  - Comisión especial sobre reformas de política forestal, incendios forestais e Plan Forestal de Galicia. O fiscal superior realizou unha intervención o 2.04.2018, na que explicou a actuación da Fiscalía en relación coa vaga de incendios producida en outubro de 2018.

#### *SECCIÓN 3.5.2.1.3. RELACIÓNS CO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA*

Ao longo de 2018, como vén sendo habitual, a relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional.

- Como é obvio, a principal e máis cotiá relación que esta Fiscalía autonómica mantén co TSX de Galicia (co que comparte sede) concrétese, principalmente, na actividade que o Ministerio Público desenvolve nos procedementos competencia das tres salas que integran o máximo órgano xudicial de Galicia (Sala do Civil e do Penal, Sala do Contencioso-Administrativo e Sala do Social). De tal actividade ocúpase esta memoria nos apartados oportunos do capítulo II, aos que nos remitimos.
- Intervención do fiscal superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2017-2018 en Galicia (5.10.2018). Como todos os anos, o máximo representante do MF en





Galicia tivo o honor de participar neste singular acto, xunto con representantes de diversos organismos e institucións.

- Intervención do fiscal superior no acto inaugural do Encontro de xuíces e xuízas de Vixilancia Penitenciaria o día 28.05.2018 no Pazo de Xustiza da Coruña, sede do TSX.

#### *SECCIÓN 3.5.2.1.4. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA*

No marco da súa actividade representativa, alén das xa citadas, hai que ter en conta as relacións puntuais que o fiscal superior mantén con outras institucións singulares da nosa CA. Así poden citarse, entre outros, os seguintes actos correspondentes ao ano 2018:

- 23.04.2018. Asistencia en Santiago ao solemne acto de entrega do Consello da Cultura Galega.
- 27.04.2018. Visita en Santiago á sede do Consello de Contas de Galicia.
- 26.07.2018. Visita institucional do delegado de Goberno na CA de Galicia, tras o seu nomeamento o 22.06.2018.
- 6.11.2018. Asistencia na sede coruñesa da Delegación do Goberno á reunión da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller
- 8.11.2018. Visita institucional á Deputación Provincial da Coruña.
- 19.12.2018. Asina en Santiago dun protocolo de colaboración entre a Fiscalía autonómica e o referido Consello de Contas para a prevención da corrupción.

#### *SECCIÓN 3.5.2.2*

#### *ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS*

#### *SECCIÓN 3.5.2.2.1*

#### *COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIOS PERSOAIS, MATERIAIS E TECNOLÓXICOS. COMISIÓN MIXTA FISCALÍA-XUNTA DE GALICIA*

A denominada Comisión Mixta de Coordinación entre o MF en Galicia e a Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia foi creada mediante protocolo subscrito o 20.06.2003 pola FXE e a referida consellería (actualmente, CPAPX, integrada na Vicepresidencia da Administración autonómica).

Desde a súa constitución formal o 18.11.2004 e ao longo do período 2005-2018 veu celebrando as oportunas reunións (unha ou varias ao ano). Os fins esenciais da Comisión son: a) servir de fórmula estable de cooperación entre o Ministerio Fiscal e a Consellería de Xustiza, sen prexuízo do carácter estatal da organización e funcionamento do Ministerio Fiscal; e b)





estudar as necesidades de provisión de medios materiais, persoais e tecnolóxicos dos órganos do Ministerio Fiscal da CA de Galicia (norma primeira do protocolo).

Durante o ano 2018 realizouse unha reunión desta Comisión Mixta, o 14.12.2018, na sede da Consellería de Presidencia en Santiago de Compostela en cuxo curso se trataron os seguinte asuntos incluídos na orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior (18.12.2017).
- 2.- Fiscalía e *Fortuny Digital*: Implantación da última versión de *Fortuny*. Planificación e contido.
- 3.- Petición dunha aula informática para a formación de funcionarios de xestión e tramitación (interinos) e, eventualmente, de fiscais (tanto substitutos como titulares) nas aplicacións e ferramentas informáticas necesarias para o axeitado despacho do traballo. Debido ao prexuízo que supón para a oficina a asistencia, acompañamento e axuda no proceso de aprendizaxe das aplicacións específicas da Fiscalía. Isto permitiría, cunhas poucas horas de formación previas e nun lugar axeitado, que a incorporación se realizase de forma máis axeitada. Desenvolvemento da idea.
- 4.- Estado do Plan de recuperación da folga de funcionarios.
- 5.- Desenvolvemento das fichas de postos da oficina fiscal.
- 6.- Substitucións de funcionarios da Fiscalía, que poderían colocarse nunha lista específica ou na xeral, coa posibilidade de preterir aos demais, se traballaron con antelación na Fiscalía e coñecen os nosos sistemas de traballo. Isto evitaría que fose preciso unha nova aprendizaxe dos nosos sistemas, pois desgraciadamente esta adoita culminar cando remata a substitución.
- 7.- Situación actual sobre a implantación e posta en funcionamento das oficinas de asistencia ás vítimas.
- 8.- Peticións materiais diversas.
- 9.- Aprobación dun orzamento para conmemorar o décimo aniversario da creación da Fiscalía Superior.
- 10.- Rolda de intervencións.

Cabe igualmente destacar que se celebrou unha reunión semellante a unha Comisión Mixta. Trátase da xa mencionada reunión do día 18.06.2018 en Santiago, no edificio sede da Xunta de Galicia. Esta reunión celebrouse entre representación da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza da Xunta de Galicia e da Fiscalía de Galicia (fiscal superior e fiscais xefes de fiscalías provinciais e de área), co único obxecto de tratar do plan de recuperación e normalización das fiscalías de Galicia, tras a finalización da folga funcional indefinida, desenvolvida entre febreiro e maio de 2018. Tamén se tratou esta temática nalgunhas reunións celebradas con representación do TSX de Galicia (Presidencia e Secretaría de Goberno).



### SECCIÓN 3.5.2.2.2

#### PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS DE COLABORACIÓN CONSTITUÍDOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- Participación no desenvolvemento de plans de acción da Administración autonómica en relación coas persoas maiores e persoas con discapacidade.

- Participación na Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, creada polo Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, da CPAPX da Xunta de Galicia, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, norma completada logo por Orde do 4.09.2012 da referida Consellería (DOG núm. 173) pola que se aprobaron as normas e modelos de transferencia de documentación xudicial e se determinou o inicio das actividades dos arquivos xudiciais e da referida Xunta de Expurgo. O día 7.06.2018 tivo lugar no Pazo de Xustiza da Coruña unha reunión ordinaria desta xunta, coa asistencia do representante do MF (fiscal Sr. Mariscal de Gante Castillo).

- Participación na Comisión *de* Garantías de Videovixilancia de Galicia, creada ao abeiro da LO 4/1997, do 4 de agosto, reguladora do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, desenvolvida posteriormente polo capítulo III (arts. 12-16) do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada LO (RD 596/1999, do 16 de abril). En todo caso, haberá que ter en conta agora o disposto sobre o tratamento dos datos persoais con fins de videovixilancia e a súa repercusión no dereito á intimidade, nos termos previstos agora na nova Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais. Durante o ano 2018 esta Comisión efectuou cinco reunións, concretamente os días 6 de febreiro, 25 de abril, 29 de maio, 13 de setembro e 27 de novembro.

### SECCIÓN 3.5.2.2.3

#### CONVENIOS E PROTOCOLOS SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

#### ■ Convenios

Convenios subscritos en materia de mediación intraxudicial familiar (MIF) entre a Fiscalía e a Xunta de Galicia

- Convenio de MIF na Coruña para 2018 (renovación). Asinada o día 11.09.2018 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF



(representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados da Coruña).

- Convenio de MIF en Lugo para 2018 (renovación). Asinada o día 9.11.2018 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e a Xunta de Galicia (VCPAPX e Consellería de Política Social).

- Convenio de MIF en Ourense para 2018 (renovación). Asinada o día 9.11.2018 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (VCPAPX e Consellería de Política Social), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Ourense).

- Convenio de MIF en Pontevedra para 2018 (renovación). Asinado o día 1.06.2018 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre o CXP, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Pontevedra).

- Convenio de MIF en Santiago de Compostela para 2018 (renovación). Para os partidos xudiciais de Santiago, Padrón, Negreira, Ordes e Arzúa. Asinada o día 9.11.2018 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (VCPAPX e Consellería de Política Social), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Santiago).

- Convenio de MIF en Ferrol para 2018 (renovación). Asinada o día 9.11.2018 a prórroga deste Convenio de colaboración entre o CGPX, a Xunta de Galicia (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Política Social), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ferrol).

- Convenio de MIF en Vigo para 2018 (renovación). Asinada o día 29.11.2018 a prórroga deste Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Política Social), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e varios colexios profesionais (o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Vigo).

#### *Convenios subscritos en materia de mediación penal entre a Fiscalía e a Xunta de Galicia*

- *Convenio de mediación penal na Coruña para 2018 (renovación)*. Asinado o día 11.09.2018 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia) e o Colexio de Avogados da Coruña.

- *Convenio de mediación penal en Santiago de Compostela para 2018 (renovación)*. Asinada a prórroga o día 6.06.2018 o referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a Xunta de Galicia (VCPAPX), o MF (representado polo fiscal superior de Galicia), o Colexio de Avogados de Santiago e a Universidade de Santiago (USC), a través do seu Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos (CIARCUS).



### *Convenios ou protocolos subscritos noutras materias*

- Protocolo de conformidades en materia penal en Ferrol para 2018 (novo). Subscrito o día 27.06.2018 entre a Fiscalía de Área de Ferrol (por delegación) e o Colexio de Avogados desa cidade.
- *Protocolo sobre violencia de xénero en Galicia*. No marco do Observatorio Galego de VX, a Fiscalía de Galicia veu colaborando coa Xunta de Galicia na elaboración dun Protocolo de cooperación institucional en materia de violencia de xénero en Galicia, que quedou aprobado definitivamente o 20.03.2018 en reunión do Pleno do dito Observatorio.
- *Protocolo de colaboración entre a Fiscalía da CA de Galicia e o Consello de Contas de Galicia, en materia de prevención da corrupción*. Foi subscrito o día 19.12.2018 en Santiago.

### *Referencia a outros convenios ou protocolos*

- *Protocolo de actuación psicolóxica nos servizos de asistencia a vítimas e cidadanía*. Encóntrase en fase de elaboración pola Xunta de Galicia con participación da Fiscalía.
- *Protocolo de comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia*. En realidade é un protocolo que non foi subscrito coa CA de Galicia, senón que foi aprobado pola Instrución núm. 2/2018, ditada polo fiscal superior o 2.11.2018, que derroga e deixa sen efecto a anterior Instrución 2/2017, do 6 de setembro, sobre a mesma materia. Del ocupámonos na sección 6ª deste mesmo capítulo I.
- *Convenio de Colaboración entre a Cruz Vermella Española e a FXE, en materia de protección xurídica de persoas maiores con capacidade modificada xudicialmente, por modificar ou en situación de vulnerabilidade*. Foi subscrito en data 2.10.2018.

#### SECCIÓN 3.5.2.2.4

#### RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES. EVENTOS RELEVANTES

Ademais das relacións institucionais e de colaboración cos organismos e institucións da CA de Galicia xa tratados anteriormente (esencialmente, Goberno autonómico, Parlamento de Galicia e TSX); como vén sendo habitual, o fiscal superior mantivo, tamén durante 2018, relacións con outros organismos e entidades, tanto públicas como privadas, representativas de distintos ámbitos da comunidade galega (político-institucional, xurídico, social, militar etc.).

Como eventos ou actos institucionais máis relevantes de 2018 nos que tivo participación o fiscal superior podemos destacar os seguintes:

- 6.01.2018. A Coruña, Capitanía Militar. Celebración da Pascua Militar.
- 26.01.2018. Santiago, Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Festividade de San Raimundo de Peñafort.
- 29.01.2018. A Coruña, Paraninfo da Universidade da Coruña (UDC). Festividade de San. Tomé de Aquino.



- 16.02.2018. A Coruña, Facultade de Dereito da UDC. Festividade de San Raimundo de Peñafort.
- 19.02.2018. Santiago, sede do Parlamento de Galicia. Con motivo da recente celebración do Día Internacional da Conmemoración das Vítimas do Holocausto (27.01.2018), acto institucional de homenaxe ás vítimas do Holocausto e ás vítimas galegas dos campos nazis.
- 23.02.2018. Santiago, Facultade de Dereito de USC. Festividade de San Raimundo de Peñafort.
- 06.04.2018. Entrega de Medallas do Parlamento de Galicia, na súa sede compostelá.
- 08.05.2018. Santiago, Pazo de Congressos. Día Mundial da Cruz Vermella.
- 17.05.2018. Pontevedra. Día das Letras Galegas.
- 23.05.2018. Entrega das Medallas do Consello da Cultura Galega, na súa sede compostelá.
- 25.05.2018. Día das Forzas Armadas, na praza da Constitución da Coruña.
- 28.05.2018. Santiago, auditorio da entidade Abanca. Acto inaugural do IV Congreso da APLU (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta de Galicia).
- 07.06.2018. IV Encontro da Xurisdición Ordinaria e a Xurisdición Militar, na actual sede da Audiencia Provincial da Coruña (antiga Fábrica de Tabacos).
- 12 a 15.06.2018. Pazo de Mariñán, Bergondo (A Coruña). Escola de Verán do Ministerio Fiscal (primeiro semestre).
- 28.06.2018. Entrega en Santiago das Medallas Castelao outorgadas pola Xunta de Galicia, na Igrexa de San Domingos de Bonaval.
- 24.07.2018. Entrega na Cidade da Cultura de Santiago de Medallas de Galicia, outorgadas pola Xunta de Galicia.
- 24 e 25.07.2018. Celebración en Santiago dos actos solemnes do Apóstolo.
- 07.09.2018. Apertura do ano académico 2018-2019 no Paraninfo da UDC.
- 10.09.2018. A Coruña, Paraninfo da UDC. Acto homenaxe *in memoriam* do catedrático de dereito administrativo don José Luis Meilán Gil, profesional de recoñecido prestixio polas súas importantes contribucións ao mundo xurídico, administrativo e político. O acto foi un emotivo recordo a quen fora reitor da propia UDC e docente nas Facultades de Dereito de Santiago e da Coruña.
- 18 a 21.09.2018. Pazo de Mariñán, Bergondo (A Coruña). Escola de Verán do Ministerio Fiscal (segundo semestre).
- 02.10.2018. A Coruña, Teatro Colón. Día da Policía Nacional, Festividade dos seus patróns, os Anxos Custodios.
- 12.10.2018. Actos do Día da Hispanidade e da Patroa da Garda Civil, na Coruña.
- 28.11.2018. A Coruña, sede da Presidencia do TSX. Reunión co Presidente do CXPX.
- 05.12.2018. Día da Constitución, en conmemoración dos 40 anos da nosa Carta Magna, na sede da Delegación do Goberno en Galicia, na Coruña.
- 30.12.2018. Actos de Translación do Apóstolo Santiago e Saúdo do Delegado Rexio.



## SECCIÓN 4 SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS

Conforme a normativa reguladora do MF, as fiscalías terán unha instalación axeitada na sede dos órganos xurisdicionais; poden ademais contar coas súas propias instalacións fóra daquelas cando conveña á mellor prestación do servizo (art. 72.1 do EOMF). As instalacións estarán dotadas dos medios precisos que se consignent nos correspondentes orzamentos xerais do Estado ou, de ser o caso, da respectiva Comunidade Autónoma (art. 72.2 do EOMF).

### ■ Dependencias e edificios

■ Dependencias da Fiscalía autonómica. Novo edificio. Nada especial hai que engadir ao xa comentado na memoria do ano anterior. Seguimos á espera de conseguir un novo edificio para a Fiscalía autonómica, posiblemente cando o permitan as limitacións e prioridades orzamentarias en materia de edificios, concentradas actualmente pola Administración autonómica nos proxectos de novos edificios ou remodelacións en Pontevedra e Vigo.

■ Novos edificios para fiscalías de Galicia. Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia

- Pontevedra. Construción do novo edificio da Parda. Cun orzamento de 19,5 millóns de euros, comunicarase co actual edificio por medio dunha pasarela cuberta formando un único complexo xudicial. Albergará un total de 14 unidades xudiciais non penais trasladadas a el (4 xulgados do social, 2 xulgados do mercantil, 3 do contencioso-administrativo e 5 de primeira instancia). O edificio actual quedará exclusivamente para a Fiscalía Provincial e os órganos xudiciais penais (xulgados de instrución, penais, vixilancia penitenciaria e menores). Ademais, o novo edificio ten capacidade para máis unidades xudiciais, para deixar cubertas as eventuais necesidades dos próximos 15 ou 20 anos. O 24.09.2018 realizou unha visita institucional ás obras o fiscal superior. A inauguración e posta en funcionamento está prevista para abril de 2019

- Vigo. Rehabilitación do Antigo Hospital Xeral como nova Cidade da Xustiza. O proxecto definitivo foi presentado en Vigo o día 27.11.2017. Conta cun investimento de máis de 25 millóns de euros e albergará a sede da Fiscalía de Área de Vigo. O desenvolvemento desta iniciativa leva consigo o traslado das dependencias dos dous edificios actuais situados na rúa Lalín, de onde se trasladarán 35 unidades xudiciais, pero hai espazo dispoñible para ata 22 unidades máis que se creen no futuro. En canto ao desenvolvemento das obras, cómpre dicir que, tras a previa fase de derrubamento, en maio de 2018 xa comezou a fase de construción do proxecto, cun prazo de execución de 21 meses, co que se prevé que o final da obra sería na primavera de 2020. O día 4.06.2018, o fiscal superior, xunto con outras autoridades, realizou unha visita ás obras.





## ■ Outros medios materiais

As dependencias desta Fiscalía autonómica, como se dixo en memorias anteriores, están dotadas pola Administración competente (Xunta de Galicia) dos medios materiais xerais precisos.

No último trimestre do ano 2018 a Administración subministrou ao funcionariado, sobre todos aos de postos singularizados, equipos informáticos mellorados e dotados con dobre monitor, co obxecto de funcionar axeitadamente co novo sistema de visor documental e todas as melloras que comporta o novo proxecto de “Fiscalía Dixital” mediante a nova versión da aplicación *Fortuny*.

Nas últimas reunións da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia xa se lle expuxeron á Administración as necesidades existentes nas fiscalías territoriais de Galicia, co fin de seguir mellorando os medios materiais e tecnolóxicos, así como de persoal informático de apoio específico ás fiscalías, peticións que adoitan ser atendidas con notable dilixencia e eficiencia.

## SECCIÓN 5 MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

### § 1. Transformación dixital e planificación na Administración de Xustiza

Resulta evidente a interacción crecente e exponencial entre as organizacións e as tecnoloxías dixitais (TIC) na actual «cuarta revolución industrial» desta segunda década do século XXI. Con diversas dificultades, ben por razóns técnicas, de xestión ou sobrevidas, seguen adiante os proxectos de **Xustiza Dixital** e **Fiscalía Dixital**, moi ligados aos proxectos da Nova Oficina Xudicial (en marcha en Galicia) e a Nova Oficina Fiscal.

Nun traballo conxunto entre o Ministerio de Xustiza (MXU) e a FXE, dentro do proxecto global de Xustiza Dixital, véñse desenvolvendo un plan ou actuación específico denominado Fiscalía Dixital, destinado á progresiva dixitalización do traballo nas Fiscalías. Este proxecto de Xustiza/Fiscalía Dixital supón a integración de cinco sistemas ou aplicacións: o sistema de xestión procesual (*Minerva* e *Fortuny*); a plataforma segura de información *Lexnet*; a plataforma de sinatura electrónica, o visor de expedientes xudiciais e o cargador de expedientes. A Administración autonómica galega está a colaborar neste proxecto estatal, a través da súa Axenda Dixital de Galicia 2020 e, particularmente, cun dos seus instrumentos, o actual plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia (*Plan Senda 2020*). O obxectivo de Fiscalía Dixital é a transformación dixital das fiscalías para chegar ao funcionamento con papel cero e a interoperabilidade ou interconexión entre si e con outras administracións. É unha solución tecnolóxica integral que, mediante a evolución do sistema de xestión procesual



da Fiscalía (*Fortuny*), pretende a integración das distintas aplicacións coas que actualmente traballan os fiscais e o funcionariado (*Lexnet*, Visor de Expedientes, Portasinasaturas...). Este tema foi obxecto de tratamento recorrente, a nivel central, nas reunións do Pleno do Consello Fiscal e da Xunta de Fiscais Superiores de CCAA., así como, a nivel autonómico, nas reunións das Xuntas de Fiscais Xefes de Galicia, da Xunta de Fiscais da Fiscalía autonómica e da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia).

## **§ 2. Novo Convenio para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das TIC na Administración de Xustiza (2018-2022)**

Con data do 29.05.2018 foi subscrito este convenio entre o Ministerio de Xustiza (MXU) e a Xunta de Galicia; e foi publicado mediante Resolución de 12/06/2018 da Secretaría de Estado de Xustiza (BOE n.º 157, do 29.06.2018). É un convenio de natureza xurídico-administrativa asinado ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de **régime** xurídico do sector **público** (cláusula duodécima).

## **§ 3. Situación actual en Galicia do proxecto Fiscalía Dixital (nova versión de aplicación de *Fortuny*)**

Como en anos anteriores, e malia a incidencia e repercusión da folga funcional da Xustiza no primeiro trimestre de 2018, a Administración autonómica galega continúa colaborando neste novo proxecto estatal a través da súa Axenda Dixital de Galicia 2020 e, nomeadamente, cun dos seus instrumentos, o actual plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia (Plan Senda 2020), conforme as liñas marcadas na Lei estatal 18/2011, na propia normativa TIC a nivel autonómico e os convenios subscritos na materia polas AA.PP.

*Fortuny* vén funcionando nas fiscalías territoriais de Galicia desde xuño de 2006; progresivamente fóronse implementando novas versións de *Fortuny* nas Fiscalías territoriais de Galicia. A última versión, implantada en maio de 2018, foi a de *Fortuny* 7.4.5.2, previa formación impartida a fiscais e funcionariado (entre os meses de febreiro e marzo de 2018).

Actualmente, estamos pendentes de que se poida levar a efecto a implantación da versión de *Fortuny* para «Fiscalía Dixital», conforme o Plan Tecnolóxico 2016 da *Secretaría Xeral da Administración de Xustiza para o Ministerio Fiscal* (29.03.2016) e actuacións posteriores. Pero a grande incidencia da folga funcional de Xustiza no primeiro trimestre de 2018 supuxo unha paralización do proxecto de implantación e formación de Fiscalía Dixital. A finais de 2018 (29.11.2018) realizouse unha primeira información do proxecto nas fiscalías, para fiscais e funcionariado, coa idea de levar a efecto a implantación e actividade formativa xa dentro do ano 2019.

Na vía do expediente gubernativo núm. 54/2018, o fiscal superior abordou a concreción da situación actual do desenvolvemento dixital en Galicia. Deste cabe destacar a situación en 2018:





**Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma.** A situación é semiavanzada, está xa activada a tramitación dixital, podendo utilizarse as tres funcionalidades mencionadas (notificacións, itineracións e sinatura dixital) nas ordes xurisdicionais civil, contencioso-administrativo e social. Por excepción, a tramitación na orde penal segue sendo convencional ou manual.

**Fiscalía Provincial da Coruña.** A situación está en proceso pendente de activación. Tanto na sede principal da capital de provincia coma nas fiscalías de área de Santiago e Ferrol, se ben está operativo o visor, a tramitación dixital (para utilizar as funcionalidades de notificacións, itineracións e sinatura dixital) encóntrase en fase primixenia, lista para ser activada. Ata o momento, polo tanto, a tramitación é manual ou convencional en todas as ordes xurisdicionais. As fiscalías territoriais da provincia da Coruña, xunto coa de Ourense, son as que sofren máis atraso no proceso de implantación, derivado fundamentalmente da situación análoga dos xulgados cos que hai que coordinarse para o desenvolvemento harmónico conxunto.

**Fiscalía Provincial de Lugo.** A situación é semiavanzada. Na sede principal de capital de provincia está xa activada a tramitación dixital desde o 14 de xuño de 2018, podendo utilizarse as tres funcionalidades mencionadas (notificacións, itineracións e sinatura dixital) nas ordes xurisdicionais civil, contencioso-administrativa e social na sede principal de Lugo capital; pero, por excepción, a tramitación na orde penal segue sendo manual ou convencional.

Na Sección Territorial de Monforte de Lemos realizouse a activación o 19 de xuño 2018 e están operativas as tres funcionalidades mencionadas; pero limitadamente pois só na orde civil están operativas as tres funcionalidades, e no penal só as itineracións; o resto de funcionalidades realízanse de forma manual ou convencional.

Na Sección Territorial de Mondoñedo realizouse a activación o 21 de xuño de 2018, coa mesma situación e réxime de funcionalidades que en Monforte.

En todo caso, en todas as sedes ou oficinas desta Fiscalía Provincial de Lugo está dispoñible para os fiscais o visor de expedientes xudiciais.

**Fiscalía Provincial de Ourense.** Encóntrase na mesma situación de desenvolvemento que a Fiscalía Provincial da Coruña. É dicir, tanto na sede principal da capital de provincia como na Sección Territorial de Verín encóntrase en proceso pendente de activación a tramitación dixital (para utilizar as funcionalidades de notificacións, itineracións e sinatura dixital), aínda que está operativo o visor do expediente xudicial. Ata o momento, xa que logo, a tramitación é manual ou convencional en todas as ordes xurisdicionais.

**Fiscalía Provincial de Pontevedra.** É a que se encontra na situación máis avanzada de implantación da Fiscalía Dixital. Na sede principal da capital pontevedresa está xa activada a tramitación dixital desde o 8 de febreiro de 2018 (oficina piloto nas fiscalías de Galicia), podendo utilizarse as tres funcionalidades mencionadas (notificacións, itineracións e sinatura dixital) nas catro ordes xurisdicionais (civil, penal, contencioso-administrativa e social). Xa que



logo, a tramitación é xa dixital en todas as ordes xurisdicionais, estando, ademais, dispoñible para os fiscais o visor do expediente xudicial.

En canto á sede da Fiscalía de Área de Vigo, tamén está xa activada a tramitación dixital desde o día 13 de xuño de 2018, na mesma situación e réxime de funcionalidades que a sede principal de Pontevedra (operativo non só o visor do expediente xudicial senón tamén as tres funcionalidades de notificacións, itineracións e sinatura dixital en todas as ordes xurisdicionais).

Polo que se refire á Sección Territorial de Cambados tamén está activada a tramitación dixital, desde o día 31 de maio de 2018, tamén está operativo o visor do expediente xudicial e as funcionalidades (notificacións, itineracións e sinatura dixital) nas ordes civil e penal, que son os propios da sección (a contencioso-administrativa e social só existen na capital e en Vigo).

En resumo, o sistema parece funcionar correctamente no ámbito da Fiscalía Provincial de Pontevedra, despois de eliminarse case toda a tramitación e comunicación mixta ou dual (electrónica ou dixital e convencional ou en papel).

Por outro lado, a folia de ruta pasa por consolidar o *status quo* e permitirlles o desenvolvemento de Fiscalía e *Fortuny Dixital* con todas as súas consecuencias (xurisdición penal incluída) a todas aquelas fiscalías territoriais que se encontren cómodas co sistema ou o soliciten, e asemade ralentizar o seu desenvolvemento naquelas que por algún motivo non poidan asumir a dita tarefa actualizadora durante un tempo determinado.



## SECCIÓN 6 INSTRUCCIÓN XERAIS E CONSULTAS

Nesta sección faise referencia ás instrucións emitidas pola Fiscalía autonómica de Galicia ás fiscalías territoriais dependentes (fiscalías provinciais e de área), así como aos fiscais integrantes destas. Segundo a normativa vixente, os fiscais superiores, como superiores xerárquicos dos fiscais xefes provinciais do seu territorio, poderán ditarlles ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos referidos xefes provinciais, convenientes ao servizo e ao exercicio das funcións encomendadas (art. 25 do EOMF e concordantes).

Polo que se refire ao ano 2018, o fiscal superior ditou **dúas destas instrucións xerais**, que seguidamente se salientan.

■ **Instrución 1/2018**, do 6 de febreiro, sobre intervención procesual dos fiscais en relación coa problemática xerada pola ocupación de bens inmobles na Comunidade Autónoma de Galicia (expediente gubernativo núm. 15/2017).

■ **Instrución 2/2018**, do 2 de novembro, sobre Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia; que derroga e deixa sen efecto a anterior Instrución 2/2017, do 6 de setembro, sobre a mesma materia. Foi ditada tras acordarse, en reunión da Xunta de Fiscais Xefes de Galicia tida celebrado o día 8.10.2018, “a actualización, revisión e posta ao día” da referida Instrución).



## SECCIÓN 7 EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

### SECCIÓN 7.1 RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS

#### ■ Exposición de datos

PERSONAL DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA. ANO 2018 TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS				
CATEGORÍA	2018	2019	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	OBSERVACIÓNS
2ª CATEGORÍA (FISCAL)	100	100	0 (0%)	5,78% DO TOTAL ESTATAL 5,40 FISCAIS/100.000 HABITANTES 1 FISCAL/18.505,11 HABITANTES
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	0 (0%)	
TOTAL PERSONAL (TODAS AS CATEGORÍAS)	146	146	0 (0%)	

#### ■ Análisis de datos

##### ■ Cifra total de categorías de fiscais en Galicia

Foi en 2015 cando se realizou a última ampliación do cadro orgánico do Ministerio Fiscal, alcanzándose os 2.473 fiscais (RD 62/2015, do 6 de febreiro), o que supuxo o último incremento en Galicia (unha praza de fiscal de 2ª categoría na Fiscalía de Área de Vigo). A partir de entón, non se produciron máis ampliacións de equipo, aínda que se recorre a substitucións externas puntuais e reforzos de equipo, en casos xustificados, conforme a normativa vixente para o efecto. Polo tanto, o equipo orgánico do Ministerio Público en Galicia durante o ano 2018 segue cun total de 146 prazas, sen variación interanual, e unha porcentaxe do 5,78% na referida cifra estatal. Porén, elévase a 6,32% se tomamos de referencia o equipo total de fiscais que, con exclusión dos órganos centrais da Institución, teñen o seu destino na fiscalías territoriais (2.309).

Segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), a CA de Galicia ten unha poboación de 2.701.743 habitantes (censo padrón de habitantes a data 1.01.2018), distribuídos en 4 provincias e 313 municipios. Ten unha ratio de 5,40 fiscais por cada 100.000 habitantes, equivalente a 1 fiscal por cada 18.505,11 habitantes, superior á ratio do conxunto de España, que —cunha poboación de 46.722.980 e 2.473 fiscais— é de 5,29 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/18.893,24 habitantes).

Cómpre salientar que a cifra de 146 fiscais do equipo orgánico en Galicia segue sendo inferior á correlativa de xuíces e maxistrados, que é de 348 (a data 1.01.2017, segundo informe “La



Justicia dato a dato. Año 2017”, do CXPX), cunha ratio de 13,13 por cada 100.000 habitantes no 2017, equivalente a 1/7.614,92 habitantes), e de 2,4 xuíces/fiscais.

Á parte da cifra de 146 fiscais titulares, integrantes do cadro orgánico do Ministerio Fiscal en Galicia, durante o ano 2018 tamén prestaron servizo 26 avogados fiscais substitutos (substitucións externas previstas en RD 634/2014, do 25 de xullo, á marxe das substitucións profesionais entre os fiscais de carreira). Desta cuestión xa se tratou anteriormente (§ 2, sección 2 deste capítulo I).

■ Distribución da cifra total por categorías. A distribución do cadro orgánico é a seguinte: 100 prazas de 2ª categoría (fiscal) e 46 prazas de 3ª categoría (avogado-fiscal).

■ Distribución do equipo fiscal por postos de dirección ou coordinación-decanato (independentemente da categoría). É a seguinte, conforme o disposto no mencionado RD 62/2015 (texto articulado e anexo):

- 1 fiscal superior de CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica);
- 1 tenente fiscal de Fiscalía de CA;
- 4 fiscais xefes de fiscalías provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra);
- 4 tenentes fiscais de fiscalías provinciais;
- 3 fiscais xefes de área (nas fiscalías de Área de Santiago, Ferrol e Vigo);
- 34 fiscais coordinadores; e
- 8 fiscais decanos.

■ Órganos xudiciais atendidos polo equipo do Ministerio Fiscal en Galicia

Segundo datos obtidos do Punto Neutro Xudicial (PNX) existen en Galicia un total de 261 órganos xudiciais, sumadas todas as xurisdicións. En todos eles interveñen os membros do Ministerio Fiscal, con particular intensidade nos órganos da xurisdición penal.

XURISDICIÓNS	Número de órganos
<b>Xurisdición Civil (1):</b>	
Xulgados de 1ª Instancia	50
Xulgados do Mercantil	7
Xulgados de Violencia contra a Muller	46
Xulgados de Familia	9
Xulgados de 1ª Instancia e Instrución	74
Xulgados de Menores	4
Audiencias Provinciais. Seccións Cívís	8
Audiencias Provinciais. Seccións Mixtas	1
Tribunal Superior Xustiza (TSX). Sala do Civil e do Penal	1
<b>TOTAL</b>	<b>154</b>



<b>Xurisdición Penal (2):</b>	
Xulgados de Instrución	31
Xulgados de 1ª Instancia e Instrución.	74
Xulgados de Violencia contra a Muller	46
Xulgados de Menores	4
Xulgados de Vixilancia Penitenciaria	3
Xulgados do Penal	21
Xulgados do Penal de Executorias	0
Audiencias Provinciais. Seccións Penais	7
Audiencias Provinciais. Seccións Mixtas	1
TSX Sala do Civil e do Penal	1
<b>TOTAL</b>	<b>144</b>

<b>Xurisdición Contencioso-Administrativa</b>	
Xulgados do Contencioso-Administrativo	16
TSX. Sala do Contencioso-Administrativo	1
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>

<b>Xurisdición Social:</b>	
Xulgados do Social	27
Xulgados do Social de Execucións	0
TSX. Sala do Social	1
<b>TOTAL</b>	<b>28</b>

<b>TOTAL XURISDICIÓNS</b>	<b>261</b>
---------------------------	------------



## SECCIÓN 7.2 DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DE FISCAIS

### FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (FISCALÍA SUPERIOR)

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL SUPERIOR	1	2		As catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>			

### FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de Arzúa, A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	26	2	2	13	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>		<b>2</b>	<b>13</b>	

### FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	9	2		4	
AVOGADOS FISCAIS	4	3			
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>			<b>4</b>	

### FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS FISCAIS	3	3			
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>			<b>1</b>	





FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	4	2			
AVOGADOS FISCAIS	4	3			
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>				

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Pobra de Trives, Celanova, Ourense, O Carballiño, O Barco de Valdeorras e Ribadavia. (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	11	2		2	
AVOGADOS FISCAIS	1	3			
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>			<b>2</b>	

SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de Bande, Verín e Xinzo de Limia (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	0	3			
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	



FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	15	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
<b>TOTAL</b>	<b>22</b>		<b>1</b>	<b>5</b>	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais do Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	22	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	4	3			
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>		<b>1</b>	<b>5</b>	

SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS					
DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	4	2	1	1	Partidos xudiciais de Cambados e Vilagarcía de Arousa (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>		<b>1</b>	<b>1</b>	





CSV: BOPGDSPGQ&gPUsTVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegaliucia.cat/tramitacio/csv/>



## CAPÍTULO II

### ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS

CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGQ&gPUstVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**INDICACIÓN PREVIA.** A actividade do fiscal superior de Galicia como xefe e representante do Ministerio Fiscal na nosa Comunidade Autónoma xa foi obxecto de tratamento na sección 3.5 do anterior capítulo I, ao que nos remitimos.

## SUMARIO DO CAPÍTULO II

### SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS

#### SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL

SECCIÓN 1.1.0.  
*INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA*

SECCIÓN 1.1.1.  
*EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS*

§ 1. *EXPOSICIÓN DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS*

§ 2. *ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS*

SECCIÓN 1.1.1.2.  
*EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA*

SECCIÓN 1.1.1.3.  
*EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS*

SECCIÓN 1.1.1.3.1.  
*DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)*

SECCIÓN 1.1.1.3.2.  
*PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA)*

SECCIÓN 1.1.1.3.3.  
*DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)*

SECCIÓN 1.1.1.3.4.  
*XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL)*

SECCIÓN 1.1.1.3.5.  
*SUMARIOS (SU)*

SECCIÓN 1.1.1.3.6.  
*PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX)*

SECCIÓN 1.1.1.4.  
*ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL*



SECCIÓN 1.1.1.5.  
MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN

SECCIÓN 1.1.1.6.  
XUÍZOS

SECCIÓN 1.1.1.7.  
SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS  
PROVINCIAIS

SECCIÓN 1.1.1.8.  
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN  
PENAL (DIP)

SECCIÓN 1.1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E EFECTIVO CONTROL DA  
EXECUCIÓN

### **SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)**

SECCIÓN 1.1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E  
SENTENCIADOS)

SECCIÓN 1.1.2.1.1. RESUMO DOS DELITOS

SECCIÓN 1.1.2.1.2. EXAME DOS DELITOS INCOADOS

SECCIÓN 1.1.2.1.3. EXAME DOS DELITOS CUALIFICADOS

SECCIÓN 1.1.2.1.4. EXAME DOS DELITOS  
SENTENCIADOS

SECCIÓN 1.1.2.2. EXAME ESPECIAL DE  
GRUPOS DELITUOSOS

§ 1. DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIOS)

§ 2. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE FÍSICA (LESIÓNS)

§ 3. DELITOS CONTRA A LIBERDADE

§ 4. DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL

§ 5. DELITOS RELATIVOS A TRATA DE SERES HUMANOS

§ 7. DELITOS DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

§ 8. DELITOS CONTRA A INTIMIDADE

§ 10. DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES

§ 11. DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIECONÓMICA

§ 12. DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL

§ 13. DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS TRABALLADORES



§ 14. DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS CIDADÁNS ESTRANXEIROS

§ 15. DELITOS RELACIONADOS CO MEDIO AMBIENTE E O URBANISMO

§ 16. DELITOS RELATIVOS AO TRÁFICO DE DROGAS

§ 17. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA

§ 18. DELITOS RELATIVOS A FALSIDADES

§ 19. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

§ 20. DELITOS CONTRA A ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

§ 21. DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA

§ 22. DELITOS DE LEIS ESPECIAIS

SECCIÓN 1.1.2.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA  
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

SECCIÓN 1.1.2.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS ASOCIADOS A DILIXENCIAS DE  
INVESTIGACIÓN PENAL E A MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL)

## **SECCIÓN 1. 2. ÁREA CIVIL**

SECCIÓN 1.2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE  
GALICIA

SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

## **SECCIÓN 1. 3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS  
PROVINCIAIS DE GALICIA

SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA  
CA DE GALICIA

## **SECCIÓN 1. 4. ÁREA SOCIAL**

SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS  
DE GALICIA

SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE  
GALICIA

## **SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS**

SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA

2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO



*SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL*

*SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)*

*SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA*

*SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA*

*SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES*

*SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL*

*SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS INFORMÁTICOS*

*SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL*

*SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA*

*SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS*

*SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN (“DELITOS DE ODIO”)*



## SECCIÓN 1. ÁREAS XENÉRICAS

### SECCIÓN 1.1. ÁREA PENAL

#### SECCIÓN 1.1.0.

INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS. SÍNTESE GRÁFICA

#### SECCIÓN 1.1.1.


EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

SECCIÓN 1.1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

#### SECCIÓN 1.1.0.

INTRODUCCIÓN: DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS E DOS DELITOS.  
SÍNTESE GRÁFICA

### DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS EN GALICIA EN 2018



## DINÁMICA DOS DELITOS EN GALICIA EN 2018

PROCEDEMENTOS INCOADOS	<b>86.037</b>
PROCEDEMENTOS CUALIFICADOS	<b>13.350</b>
PROCEDEMENTOS SENTENCIADOS	<b>12.270</b>

VOLATILIZACIÓN DE DELITOS (DIFERENZA ENTRE DELITOS INCOADOS E CUALIFICADOS) PERÍODO 2015-2018 GALICIA					
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	CIFRA VOLATILIZACIÓN	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% VOLATILIZACIÓN EN DELITOS INCOADOS
2015	170.767	13.102	157.665	-5.722	92,33%
2016	106.327	15.750	90.577	-67.088 (-42,55%)	85,18%
2017	86.393	14.733	71.660	-18.917 (-20,88%)	82,95%
2018	86.037	13.350	72.687	1.027=1,43%	84,48%
<b>Cifras medias en periodo</b>	112.381	14.234	98.141	-22.675 (-23,10%)	87,33%





*SECCIÓN 1.1.1.  
EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS*


Baséase este exame nas estatísticas e memorias das fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia.

**§ 1. EXPOSICIÓN DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS**

<b>ESTADÍSTICA 2017 FISCALÍA DE GALICIA - PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2008-2018 - DATOS TOTAIS DE GALICIA</b>			
<b>ANO</b>	<b>TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)</b>	<b>REMATADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN O TRANSFORMACIÓN)</b>	<b>PENDENTES (A FINAL DE ANO)</b>
2008	301.098	223.495	77.603
2009	331.838	263.244	68.594
2010	307.287	254.078	53.209
2011	310.011	251.779	58.232
2012	264.407	213.028	51.379
2013	247.655	201.887	45.768
2014	224.585	193.215	31.370
2015	215.701	186.828	28.873
2016	158.695	123.529	35.166
<b>2017</b>	<b>136.751</b>	<b>104.175</b>	<b>32.576</b>
<b>2018</b>	<b>132.454</b>	<b>97.015</b>	<b>35.439</b>
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-4.297 (-3,14%)	-7.160 (-6,87%)	2.863 (8,79%)
PORCENTAXE DE TRAMITADOS	100%	73,24%	26,76%
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	239.135	192.025	47.110
% EN MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	100%	80,30%	19,70%



### EVOLUCIÓN PROCEDEMENTOS PENAIS (POR DELITO) TRAMITADOS E INCOADOS - GALICIA PERÍODO 2008-2018



## § 2. ANÁLISE DE DATOS SOBRE PROCEDEMENTOS PENAIS

### § 2.1. Datos totais de procedementos no período 2008-2018

Ao longo dese período obsérvase unha tendencia cara a un case continuo descenso dos procedementos tramitados<sup>1</sup> por delito, como queda reflectido no anterior gráfico, cunha media anual destes procedementos de 239.135. Entre o inicio e o final do período apréciase un notable descenso acumulado de -168.644 procedementos, equivalente a máis da metade (-56,01%). O mesmo cabe dicir, conforme tamén se reflicte no gráfico, dos procedementos incoados por delito no mesmo período, cunha media anual de 194.781 (81,45% da correlativa cifra de tramitados). Entre o inicio e o final do período (103.358) obsérvase tamén un notable descenso acumulado de -146.412 procedementos, equivalente a máis da metade (58,62%).

### § 2.2. Datos totais de procedementos no ano 2018

■ De acordo coa estatística fiscal de 2018 consta a cifra total de 132.454 procedementos xudiciais tramitados por delito en Galicia, cun leve descenso interanual de -4.297, equivalente a -3,14%, inferior ao de anos anteriores (-13,83% en 2017 e -26,43% en 2016). Dentro desta cifra global de tramitados, a maior parte corresponde aos procedementos incoados ou



ingresados, concretamente 103.358, con apreciable descenso de -8.097, equivalente a un -7,26%, inferior tamén ao de anos anteriores (-11,86% en 2017 e 38,78% en 2016). Sen computar a cifra de xuízos por delito leves (XDL) incoados (17.114), «sucesores» do antigo xuízo de faltas (XF), o número de procedementos incoados situaríase en 86.244, cun descenso bastante similar de -6.729, equivalente a -7,24% (inferior ao de -32,85% en 2017). Na cifras totais de 2018 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (30 causas tramitadas contra persoas aforadas e, dentro daquelas, 28 incoadas ou ingresadas no ano).

■ Entre os anos 2016 e 2018 fóronse rexistrando notables descensos, en liña minguante, nas cifras de tramitación e incoación de procedementos. Como indicabamos na memoria do ano anterior, este fenómeno é fundamentalmente atribuíble aos efectos da reforma procesual operada pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da LACrim. para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais. A dita norma supuxo certa axilización do proceso penal, ao dispoñer (novo art. 284 LACrim.) que, por regra xeral, os atestados sen autor coñecido quedasen arquivados nas dependencias policiais sen chegaren aos órganos xudiciais e fiscais e provocaren a actuación destes. O gran descenso global de procedementos tramitados e incoados parece explicar o correlativo descenso, en liña minguante, dos sobresementos provisionais (SP) en DP (-50,85% en 2016, -27,45% en 2017 e -16,19% en 2018).

#### ■ *Algúns datos relevantes sobre procedementos en 2018*

- *Procedemento tramitado de maior peso cuantitativo.* É o de DP (67,93% do total), seguido de XDL (16,56%), PA (8,01%), DU (6,55%), SU (0,068%) e PX (0,027%).
- *Procedemento de DP, “filtro preliminar” común para a maioría dos delitos.* Así o demostran as cifras da estatística fiscal de 2018: preto de 2/3 (61,85%) dos procedementos tramitados terminaron por “finalización anticipada” (sobresemento/arquivamento ou acumulación/inhibición); só 11,30% se converteron noutro procedemento; o resto quedaron pendentes a fin de ano (26,85%)
- *Procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza.* É o procedemento de DU, polas seguintes razóns, actualizadas con datos de 2018:
  - Representan un alto 29,52% da cifra total (20.687) procedementos tramitados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal (todos, menos DP, “filtro preliminar procedemental”, e XDL, sen trámite de cualificación fiscal escrita).
  - Preto de tres cuartas partes (72,36%) das DU tramitadas (8.440) son obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos (47,80% PA e 33,33% SU), só superado polo PX (85,71%)
  - Case dous terzos (61,62%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (5.201)

§ 2.3. *Datos particulares de procedementos no ano 2018 (tramitados, rematados e pendentes final de ano)*



## § 2.3.1. Procedementos tramitados (pendentes inicio ano, incoados e reabertos)

- *Procedementos pendentes a inicio de ano:* 27.323 procedementos, con aumento interanual de 4.116 (17,74%)<sup>2</sup> e unha porcentaxe do 20,63% na cifra total de tramitados (132.454). A maior parte desta «pendencia inicial» é en DP, cunha cifra de 17.636, equivalente a case dous terzos do total (64,55%); o resto, nos demais procedementos.
- *Procedementos reabertos no ano:* 1.773, con descenso de 316 (-15,13%) e unha porcentaxe do 1,34%. Son 1.247 en DP (70,33%); o resto, nos demais procedementos.
- **Procedementos incoados** ou ingresados no ano: Son os 103.358 referidos anteriormente, con apreciable descenso de -8.097 (-7,26%).

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR TIPOLOXÍA - GALICIA ANO 2018				
	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% DO TOTAL (132.454)
1º	DP	89.974	-5.855 (- 6,11%)	67,93%
2º	XDL	21.793	-1.234 (-5,36%)	16,45%
3º	PA	12.039	-1.980 (-14,12%)	9,09%
4º	DU	8.440	92 (1,10%)	6,37%
5º	SU	180	-12 (-6,25%)	0,136%
6º	PX	28	3 (12,00%)	0,021%

PROCEDEMENTOS PENAIS TRAMITADOS POR PROVINCIAS - GALICIA ANO 2018				
	PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% DO TOTAL <sup>3</sup>
1º	PONTEVEDRA	54.567	-991 (-1,78%)	41,21%
2º	A CORUÑA	47.601	-1.477 (-3,01%)	35,94%
3º	LUGO	16.244	-1.632 (-9,13%)	12,27%
4º	OURENSE	14.012	-227 (-1,59%)	10,58%

PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR TIPOLOXÍA - GALICIA ANO 2018				
	TIPO PROCEDEMENTO	CIFRA	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% DO TOTAL (103.358)
1º	DP	71.091	-5.088 (-6,68%)	68,78%
2º	XDL	17.114	-1.368 (-7,40%)	16,56%
3º	DU	8.284	80 (0,98%)	8,01%
4º	PA	6.771	-1.724 (-20,29%)	6,55%
5º	SU	70	0 (0%)	0,068%
6º	PX	28	3 (12,00%)	0,027%



## PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS POR PROVINCIAS - GALICIA ANO 2018

	PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% DO TOTAL <sup>4</sup>
1º	PONTEVEDRA	45.451	-2.545 (-5,30%)	43,98%
2º	A CORUÑA	35.741	-2.557 (-6,68%)	33,61%
3º	LUGO	11.416	-2.110 (-15,60%)	11,04%
4º	OURENSE	10.722	-913 (-7,85%)	10,37%

### § 2.3.2. Procedementos terminados (finalización anticipada, transformación e sentenza)

#### ■ *Datos globais de procedementos terminados*

■ Conforme a estatística fiscal, no ano 2018 figura a cifra total de 97.015 procedementos penais rematados en Galicia, cun descenso interanual de -7.160 (-6,87%) e que supón case tres cuartos (73,24%) da cifra total de procedementos tramitados (132.454). Nesa cantidade total de terminacións en 2018 incluíronse non só os datos das catro provincias galegas senón tamén os do TSX de Galicia (26 causas terminadas contra persoas aforadas).

■ Cabe destacar tamén os seguintes datos:

- Aínda que a cifra total de procedementos tramitados experimentou un leve descenso (-3,14%), mantense a constante de que só unha pequena parte foron finalizados por sentenza; concretamente, a estatística fiscal reflicte unha cifra de 17.035 sentenzas, cunha porcentaxe do 17,54% dos procedementos rematados e de 12,86% dos tramitados.
- O resto dos procedementos tramitados, 79.980 (82,44%) terminaron de dúas formas alternativas á sentenza: a) finalización anticipada (FA), concretamente 69.075 (52,15% de tramitados); b) por transformación (TF) noutro procedemento, concretamente 10.905 (8,23%).

### § 2.2.2. Datos particulares das distintas formas de terminación dos procedementos (por sentenza e outras formas alternativas)

Á parte das 17.035 sentenzas ditadas en 2018 —examinadas extensamente máis adiante, na sección 1.1.17 deste capítulo II—, detállanse agora os procedementos rematados de modo distinto a sentenza, que neste ano alcanzaron a cifra total de 79.980, con lixeiro descenso interanual de -3.967 (-4,07%) e unha porcentaxe do 82,34% dos terminados (97.015), así como de 60,38% na cantidade total de tramitados (132.454). A maior parte desta forma de terminación alternativa (TA) corresponde ao procedemento de DP, cunha cifra de 65.817 (82,29% do total).

Dentro desas formas de TA, pódese distinguir entre terminación por transformación noutro procedemento e finalización anticipada.



■ *Terminación por transformación noutro procedemento.* Figura un total de 10.905, con descenso interanual de -3.782 (-25,75%) e porcentaxes de 11,24% e 8,23%, respectivamente, no número de procedementos rematados e tramitados. A maior parte (o 93,25%) destas TF producíronse en DP, concretamente 10.169.

■ *Terminación por finalización anticipada, FA* (acumulación/inhibición, sobresemento ou arquivamento). Consta a cifra total de 69.075, con lixeiro aumento de 385 (0,56%) e porcentaxes de 71,20% e 52,15%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte destas TA (o 80,56%) corresponden ao procedemento de DP, cunha cifra total de 55.648 (-17,58%), distribuída entre 18.252 acumulacións/inhibicións, 8.772 arquivamentos definitivos (AD) e 28.624 sobresementos provisionais (SP). Podemos distinguir dous grupos básicos de finalización anticipada:

- *Acumulacións/inhibicións (A/I):* 18.587, con porcentaxes de 19,15% e 14,03%, respectivamente, nos totais de procedementos rematados e tramitados.
- *Sobresementos/arquivamentos (S/A):* 50.488, con porcentaxes de 45,59% e 34,73%, respectivamente, nos totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte (o 74,07%) destes S/A producíronse en DP (cifra total de 37.396, distribuída entre 8.772 AD e 28.624 SP).

### § 2.3. Procedementos pendentes a final de ano

Da estatística fiscal de 2018 resultan 35.439 procedementos pendentes a final do ano, é dicir, en trámite e sen terminar; cifra obtida da operación [procedementos tramitados] - [procedementos terminados] = [procedementos pendentes]. A maior cifra desta pendencia (68,16%) concéntrase en DP, cunha cifra de 24.157.

### § 2.4. Especial referencia á aplicación do art. 324 LACrim. (Control de prazo de instrución)

A estatística fiscal de 2018 reflicte os seguintes datos sobre o particular:

- *Declaracións de complexidade:* 1.471, con descenso interanual de -449 (-23,38%), distribuídas entre 1.468 no ámbito de DP e 3 en SU.
- *Declaracións de prazo máximo:* 869, con descenso de -276 (-24,10%), distribuídas entre 867 en DP e 2 en SU.





### SECCIÓN 1.1.1.2.


## EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Reflectimos aquí a actividade desenvolvida por esta Fiscalía autonómica en materia penal ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia. Os datos referidos á intervención do MF proceden da estatística propia da Fiscalía; os demais son datos de elaboración propia a partir da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNX), salvo os datos de persoas aforadas (obtidos das fontes propias de Fiscalía).

### § 1. Exposición de datos

#### § 1.1. Resumo xeral

#### PROCEDEMENTOS PENAIS- TSX GALICIA 2018



#### PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2018 RESUMO XERAL - MOVEMENTO ASUNTOS E INTERVENCIÓN FISCAL (ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL -PNX- E ESTATÍSTICA FISCAL)

	ANO 2018	ANO 2017	V.I.
PROCEDIMENTOS TRAMITADOS NO ANO	101	45	56 (124,44%)
PROCEDIMENTOS INCOADOS NO ANO	94	41	53 (129,27%)
PROCEDIMENTOS TERMINADOS NO ANO	76	38	38 (100%)
SENTENZAS DITADAS	42	8	34 (425%)
PROCEDIMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA	97	41	56 (136,58%)
DITAMES EMITIDOS POR FISCAL	38	32	6 (18,75%)
XUÍZOS E VISTAS CON ASISTENCIA DO FISCAL	9	4	5 (125%)



## § 1.2. Exposición detallada

<b>PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2018</b>			
<b>MOVEMENTO XERAL DE ASUNTOS</b>			
<b>(ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL- PNX-)</b>			
	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>V.I.</b>
TRAMITADOS NO ANO	101	45	56 (124,44%)
PENDENTES A INICIO ANO	7	4	3 (75%)
INCOADOS NO ANO	94	41	53 (129,27%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	76	38	38 (100%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	25	7	18 (257,14%)

<b>PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2018</b>			
<b>DISTRIBUCIÓN SEGUNDO TIPOLOXÍA PROCEDEMENTAL</b>			
<b>(ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL- PNX-)</b>			
	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>V.I.</b>
<b>PROCEDEMENTOS PENAIS CONTRA PERSOAS AFORADAS</b>			
TRAMITADOS NO ANO	30	25	5 (20%)
PENDENTES A INICIO ANO	2	4	-2 (-50%)
INCOADOS NO ANO	28	21	7 (33,33%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	26	23	3 (13,04%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	4	2	2 (100%)

<b>APELACIÓNS CONTRA SENTENZAS PROCEDEMENTO LEI XURADO (PX)</b>			
	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>V.I.</b>
TRAMITADOS NO ANO	10	5	5 (100%)
PENDENTES A INICIO ANO	1	0	1 (100%)
INCOADOS NO ANO	9	5	4 (80%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	7	4	3 (75%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	3	1	2 (200%)

<b>APELACIÓNS ORDINARIAS</b>			
<b>(CONTRA OUTRAS SENTENZAS E AUTOS DE AUDIENCIAS PROVINCIAIS)</b>			
	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>V.I.</b>
TRAMITADOS NO ANO	55	10	45 (450%)
PENDENTES A INICIO ANO	4	0	4 (100%)
INCOADOS NO ANO	51	10	41 (410%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	39	6	33 (550%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	16	4	12 (300%)



CUESTIÓNS DE COMPETENCIA			
	ANO 2018	ANO 2017	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	6	5	1 (20%)
PENDENTES A INICIO ANO	0	0	0(0%)
INCOADOS NO ANO	6	5	1 (20%)
REMATADOS NO ANO	4	5	-1 (-20%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	2	0	2 (100%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA - ANO 2018 PERSOAS AFORADAS EN CAUSAS PENAIS (ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN DATOS DE ESTATÍSTICA XUDICIAL- PNx-)			
	ANO 2018	ANO 2017	V.I.
TOTAL AFORADOS	29	32	3 (9,37%)
CARREIRA XUDICIAL	23	28	-5 (-17,86%)
CARREIRA FISCAL	5	1	4 (400%)
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	28	29	-1 (-3,45%)
GOBERNO AUTONÓMICO	0	3	-3 (-100%)
PARLAMENTO AUTONÓMICO	1	0	1 (100%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO, PARLAMENTO AUTONÓMICO E OUTROS	1	3	-2 (-66,67%)

## § 2. Análise de datos

### ■ *Procedementos penais tramitados no TSX de Galicia*

A información que segue foi elaborada a partir dos datos obtidos da estatística xudicial (PNx).

### ■ *Datos xerais*

No ano 2018 tramitáronse un total de 101 procedementos penais no TSX de Galicia, con elevado aumento interanual de 56 (124,44%). A maior parte foron procedementos de apelacións “ordinarias” (contra sentenzas e autos da Audiencia Provincial), concretamente 55, que representan máis da metade do total (54,45%). Esa cifra total de 101 procedementos distribúese entre 7 pendentes a inicio de ano (6,93%), 94 incoados no ano (93,07%) e 0 reabertos. Foron terminados 76 e quedaron só 25 pendentes a final de ano (coherente diferenza de tramitados - terminados).

### ■ *Datos particulares segundo o tipo de procedemento*

- Procedementos penais contra persoas aforadas

Consta a cifra total de 30 procedementos tramitados, con lixeiro incremento interanual de 5



(20%), distribuída entre 2 pendentes a inicio de ano, 28 incoados no ano e 0 reabertos. Foron terminados 26 no ano (case todos con auto de arquivamento por non se formular en forma a preceptiva querela) e quedaron só 4 pendentes ao final deste.

- *Procedementos de apelación «especial» contra sentenzas ditadas no procedemento do Xurado.*

Tramitáronse un total de 10 no ano, con aumento interanual de 5 (100%), distribuídos entre 1 pendente do ano anterior, 9 incoados e 0 reabertos. Foron terminados 7 e quedaron 3 pendentes a final do ano.

- *Procedementos de apelación «ordinaria»*

Son as apelacións penais contra sentenzas e autos ditados pola Audiencia Provincial <sup>5</sup>. Consta a cifra total de 55 tramitados, que supón un elevado incremento interanual de 45 (450%). Foron rematados 39 (34 por sentenza e o resto por auto) e quedaron 16 pendentes a final de ano.

- *Cuestións de competencia*

Tramitáronse 6 no ano, con leve incremento de 1 (20%). Foron resoltas 4 e quedaron 2 pendentes a final de ano.

■ *Procedementos penais ingresados en Fiscalía*

TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS DO TSX DE GALICIA. RESUMO DE INGRESADOS EN FISCALÍA - ANO 2018		
		V.I.
TOTAL PROCEDEMENTOS	97	56 (136,58%)
PROCEDEMENTOS CONTRA PERSOAS AFORADAS	24	3 (14,28%)
APELACIÓNES ESPECIAIS CONTRA SENTENZAS DITADAS POR AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. XURADO	9	4 (80%)
APELACIÓNES "ORDINARIAS" CONTRA SENTENZAS E AUTOS DITADOS POR AUDIENCIA PROVINCIA	51	42 (466,67%)
CUESTIÓNES DE COMPETENCIA	6	1 (20%)
OUTROS	7 <sup>6</sup>	6



■ *Intervención do Ministerio Fiscal: cualificacións e ditames; xuízos e vistas; e recursos de casación*

- *Cualificacións.* Ao igual que no ano anterior, non se formulou cualificación fiscal ningunha ante a Sala do TSX de Galicia (causas contra aforados).

- *Ditames.* Efectuáronse en 2018 un total de 38 ditames (escritos), con aumento interanual de 6 (18,75%) e a seguinte distribución: 19 en procedementos penais por delito (contra aforados); 1 en recursos de apelación contra sentenzas ditadas no P. Xurado; 7 en recursos de apelación “ordinaria”; 7 en cuestións de competencia; e 4 noutros procedementos (2 en incidentes de recusación e outros 2 en impugnacións de denegación de xustiza gratuita).

- *Xuízos e vistas.* Non se celebrou xuízo ningún nos procedementos competencia do TSX de Galicia (aforados); se ben se celebraron un total de 9 vistas de apelación (coa preceptiva intervención do MF), con aumento interanual de 5 (125%), das cales 7 foron en apelacións “especiais” contra sentenzas ditadas pola AP no PX (incremento de 3) e 2 en apelacións “ordinarias” contra sentenzas ou autos ditados pola AP (incremento de 2).

- *Recursos de casación.* Non consta ningún interposto polo Fiscal en 2018, pero si consta na estatística xudicial a cifra de 27 elevados durante o ano (contra sentenzas, interpostos polas partes), cun destacado aumento interanual de 24 (800%).

■ *Resolucións definitivas (sentenzas e autos)*

- *Sentenzas.* Segundo a estatística xudicial (PNX) constan 42 sentenzas ditadas en 2018, con elevado incremento interanual de 34 (425%). A distribución desta cantidade é a seguinte a) 7 ditadas en apelacións “especiais” do PX (aumento de 3), todas elas desestimatorias (salvo unha, todas conforme ao MF); e b) 34 ditadas en apelacións “ordinarias” (aumento de 30), todas desestimatorias salvo tres.

- *Autos definitivos.* Conforme á mesma fonte xudicial, consta a cifra total de 37 autos definitivos ditados en 2018 (todos en “apelacións ordinarias”, cun aumento interanual de 7 (23,33%); distribuídos da seguinte forma: a) 11 que resolven sobre o fondo do asunto (incremento de 4); e b) outros 26 autos definitivos (incremento de 3), incluíndo desistencias, desertos, sobresementos e restantes finais.



## SECCIÓN 1.1.1.3.

## EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

## SECCIÓN 1.1.1.3.1.

## DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP)

## § 1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 - DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDEMENTO ABREVIADO (DP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES A INICIO ANO	7.079	3.206	1.708	5.641
	INCOADAS NO ANO	23.385	8.217	7.054	32.407
	“INGRESADAS” (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	20.617	7.579	6.509	30.129
	REABERTAS NO ANO	377	188	270	412
	TOTAL TRAMITADAS	30.841	11.611	9.032	38.460
	PENDENTES A FIN ANO	9.466	3.659	2.043	8.985
REMATADAS (FINALIZACIÓN / TRANSFORMACIÓN)	ACUMULACIÓN /INHIBICIÓN	4.035	1.902	1.948	10.367
	ARQUIVO DEFINITIVO	1.595	921	743	5.487
	SOBRESEMENTO PROVIS.	11.323	3.694	3.147	10.460
	TOTAL FINALIZADAS	16.953	6.517	5.838	26.314
	EN XUÍZO DELITO LEVE	1.160	477	356	763
	EN P. ABREVIADO	3.031	878	693	2.169
	EN SUMARIO	16	7	3	14
	EN P XURADO	12	1	1	3
	EN D. URXENTES	203	72	98	212
	TOTAL TRANSFORMADAS	4.422	1.435	1.151	3.161
	TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)	21.375	7.952	6.989	29.475
	APLICACIÓN Art. 324 LACrim. en D. PREVIAS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
	DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE	439	192	235	602
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO	158	477	21	211	
TOTAL APLICACIÓN 324 LACrim.	597	669	256	813	

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.		
17.636 <sup>7</sup>	17.967	-331 (-1,84%)	PENDENTES A INICIO ANO	VOLUME TRAMITADO
71.091 <sup>8</sup>	76.179	-5.088 (-6,68%)	INCOADAS NO ANO	
64.858 <sup>9</sup>	71.391	-6.533 (-9,15%)	"INGRESADAS" (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	
1.247 <sup>10</sup>	1.683	-436 (-0,45%)	REABERTAS NO ANO	
89.974 <sup>11</sup>	95.829	-5.855 (-6,11%)	TOTAL TRAMITADAS	
24.157 <sup>12</sup>	14.924	9.233 (61,87%)	PENDENTES A FIN ANO	REMATADAS (FINALIZACIÓN / TRANSFORMACIÓN)
18.252	20.900	-2.648 (-12,67%)	ACUMULACIÓN /INHIBICIÓN	
8.772 <sup>13</sup>	12.462	-3.690 (-29,61%)	ARQUIVO DEFINITIVO	
28.624	34.153	-5.529 (-16,19%)	SOBRESAMENTO PROVIS.	
55.648	67.515	-11.867 (-17,58%)	TOTAL FINALIZADAS	
2.756	3.779	-1.023 (-27,07%)	EN XUÍZO DELITO LEVE	
6.771	8.495	-1.724 (-20,29%)	EN P. ABREVIADO	
40	65	-25 (-38,46%)	EN SUMARIO	
17	22	-5 (-22,73%)	EN P XURADO	
585	1.029	-444 (-43,15%)	EN D. URXENTES	
10.169	13.390	-3.221 (-24,05%)	TOTAL TRANSFORMADAS	
65.817 <sup>14</sup>	80.905	-15.088 (-18,65%)	TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)	
<b>GALICIA 2018</b>	<b>GALICIA 2017</b>		<b>APLICACIÓN Art. 324 LACrim. en D. PREVIAS</b>	
1.468	1.917	-449 (-23,42%)	DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE	
867	1.144	-277 (-24,21%)	DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO	
2.335	3.061	-726 (-23,72%)	TOTAL APLICACIÓN 324 LACrim.	






### DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDIMENTO ABREVIADO (DP) - GALICIA ANO 2018 - RESUMO XERAL

(ELABORACIÓN PROPIA BASEADA EN ESTADÍSTICAS DE FISCALÍAS TERRITORIAIS DE GALICIA)

	ANO 2018	ANO 2017	V.I.
DP TRAMITADAS	89.974	95.829	-5.855 (-6,11%)
DP INCOADAS	71.091	76.179	-5.088 (-6,68%)
DP "INGRESADAS" (INCOADAS CON ENTRADA EN FISCALÍA)	64.858	71.391	-6.533 (-9,15%)
DP REMATADAS POR FINALIZACIÓN	55.648	67.515	-11.867(-17,58%)
DP REMATADAS POR TRANSFORMACIÓN	10.169	13.390	-3.221 (-24,05%)
DP PENDENTES FIN ANO	24.157	14.924	9.233 (61,87%)
DECLARACIÓNS DE COMPLEXIDADE	1.468	1.917	-449 (-23,42%)

#### D. PREVIAS - GALICIA 2018 - DATOS GLOBAIS




## § 2. Análise de datos

### § 2.1. DP tramitadas e incoadas <sup>15</sup> . Especial referencia a "ingresadas" en Fiscalía.

#### § 2.1.1. Datos globais de DP tramitadas e incoadas no período 2008-2018

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS GALICIA - PERÍODO ANOS 2008-2018		
ANO	D. PREVIAS TRAMITADAS	D. PREVIAS INCOADAS
2008	276.409	230.104
2009	308.845	265.941
2010	282.952	237.491
2011	280.914	228.983
2012	236.791	186.294
2013	219.974	174.562
2014	199.986	162.028
2015	184.051	157.452
2016	115.797	89.001
2017	95.829	76.179
2018	<b>89.974</b>	<b>71.091</b>
MEDIA ANUAL EN PERÍODO	208.320	170.830
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) 2017-2018	-5.855 (-6,11%)	-5.088 (-6,68%)

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS  
GALICIA PERÍODO 2008-2018



Durante o referido período, apréciase un descenso case continuo das DP tramitadas e incoadas (acentuado en 2016 por efecto da reforma operada pola Lei 41/2015), cunha media anual respectiva de 208.320 e 170.830. O número de DP tramitadas e incoadas en 2018 está claramente por debaixo desa media (43,19% e 41,61%, respectivamente). Entre o inicio e o final do período hai acusados descensos acumulados de máis de dous terzos (de 67,45% en DP tramitadas e de 69,10% en DP incoadas).

### § 2.1. 2. Datos de DP tramitadas e incoadas no ano 2018

- **Datos xerais.** Conforme a estatística fiscal, constan 89.974 DP tramitadas en Galicia en 2018, con lixeiro descenso interanual de -5.855 (-6,11%), porcentualmente menor ao de anos anteriores (-17,24 en 2017 e -37,08% en 2016). Esa cantidade total de DP tramitadas supón unha elevada porcentaxe do 67,93% dos procedementos tramitados nas provincias de Galicia (132.454). Isto significa, como todos os anos, que é o procedemento penal tramitado con maior peso cuantitativo, dada a súa función procesual de “filtro preliminar”. Na cifra total de 89.974 incluíronse as DP tramitadas nas catro provincias galegas (89.944) máis as tramitadas no TSX de Galicia (30).
- **Valoración de datos xerais.** A partir da reforma operada pola Lei 41/2015 produciuse certa axilización do proceso penal ao dispoñer (vixente art. 284 LACrim.) que, por regra xeral, os atestados sen autor coñecido queden arquivados nas dependencias policiais sen chegaren aos órganos xudiciais e fiscais e provocaren a súa actuación. A dita norma afectou moi especialmente ao procedemento de DP, auténtico “filtro preliminar”, polo que se apreciou un destacado descenso nas cifras de DP tramitadas e incoadas nos anos 2016, 2017 e 2018, con tendencia final á minoración e a estabilización das cifras. Así se pode apreciar na seguinte táboa.

EVOLUCIÓN DAS DP TRAMITADAS E INCOADAS - ANOS 2016 A 2018 A PARTIR DE REFORMA LEI 45/2015 (Art. 284 LACrim.)		
ANO	D. PREVIAS TRAMITADAS	D. PREVIAS INCOADAS
2016	-37,08%	-43,47%
2017	-17,24%	-14,41%
2018	-6,11%	-6,68%



## ■ Datos particulares das DP tramitadas e incoadas (pendentes, reabertas e incoadas)

- *Pendientes a inicio de ano*: 17.636 <sup>16</sup>, con descenso interanual de -333 (-1,85%) e unha porcentaxe do máis de 19,60% das DP tramitadas
- *Reabertas*: 1.247, con descenso de -436 (-0,45%) e unha porcentaxe do 1,38%.
- **Incoadas**: 71.091 respecto da media anual (51.717) <sup>17</sup>, equivalente a -6,68%, porcentualmente inferior ao de anos anteriores (-14,41% en 2017 e -43,47% en 2016). Esa cifra total de DP incoadas representa o 79,01% das DP tramitadas, así como o 68,78% dos procedementos incoados na CA (103.358). Como sempre, é o procedemento penal con maior peso cuantitativo. Na cifra total de 71.091 incluíronse as DP incoadas nas catro provincias galegas (71.063) máis as incoadas no TSX de Galicia (28).

## ■ Datos particulares por provincias de DP tramitadas e incoadas

- *DP tramitadas*
  - A Coruña: 30.841, con descenso de -32.452 (-7,36%) e unha porcentaxe do 34,29% na cifra total das provincias de Galicia (89.944).
  - Lugo: 11.611, con descenso de -1.285 (-9,96%) e unha porcentaxe do 12,91%.
  - Ourense: 9.032, con descenso de -271 (-2,91%) e unha porcentaxe do 10,04%.
  - Pontevedra: 38.460, con descenso de -1.877 (-4,65%) e unha porcentaxe do 42,76%.
- *DP incoadas*
  - A Coruña: 23.385, con descenso de -1.645 (-6,57%) e unha porcentaxe do 32,91% na cifra total das provincias de Galicia (71.063).
  - Lugo: 8.217, con descenso de -1.270 (13,39%) e unha porcentaxe do 11,56%.
  - Ourense: 7.054, con descenso de -329 (-4,46%) e unha porcentaxe do 9,93%.
  - Pontevedra: 32.407, con descenso do -1.872 (-5,46%) e unha porcentaxe do 45,60%.




### § 2.1.3. Especial referencia ás DP ingresadas en Fiscalía (incoadas con entrada no ano)

#### ■ Datos totais de DP ingresadas no período 2008-2018

EVOLUCIÓN DAS D. PREVIAS “INGRESADAS” (INCOADAS CON ENTRADA EN FISCALÍA) PERÍODO 2008-2018			
ANO	DP INCOADAS	DP INGRESADAS EN FISCALÍA	% DE INGRESADAS RESPECTO A INCOADAS
2008	230.104	195.264	84,86%
2009	265.941	228.124	85,78%
2010	237.491	220.372	92,79%
2011	228.983	209.368	91,43%
2012	186.294	175.556	94,23%
2013	174.562	169.005	96,82%
2014	162.028	157.468	97,18%
2015	157.452	151.394	96,15%
2016	89.001	84.631	95,09%
2017	76.179	71.391	93,71%
2018	<b>71.091</b>	<b>64.858</b>	<b>91,23%</b>
MEDIA ANUAL EN PERÍODO	170.830	157.039	91,93%
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) 2017-2018	-5.088 (-6,68%)	-6.533 (-9,15%)	

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS “INGRESADAS”  
(INCOADAS CON ENTRADA EN FISCALÍA)  
GALICIA PERÍODO 2008-2018



Durante o referido período, apréciase un descenso case continuo das DP tramitadas e incoadas (especialmente a partir de 2016, pola reforma da Lei 41/2015), cunha media anual de 157.039, equivalente ao 91,93% da media anual de incoadas (170.830).

A cifra de DP “ingresadas” en 2018 están claramente por debaixo desa media (41,30%). Entre o inicio e o final do período, hai un notable descenso acumulado de máis de 2/3 (66,78%).



## ■ Datos de DP “ingresadas” no ano 2018

- *Datos xerais.* Consta que tiveron entrada en Fiscalía (“ingresadas”) un total de 64.858 DP, cun descenso interanual de -6.533 (-9,15%) e unha porcentaxe do 91,23% das 71.091 DP incoadas (similar ao 93,71% do ano 2017 e do 91,93% da media anual do período 2008-2018).
- *Valoración de datos.* Estes datos parecen evidenciar que, con algunha oscilación, se tende a mellorar a interoperabilidade e intercambio de datos das incoacións de DP entre os órganos xudiciais e fiscais (entendemento aplicacións *Minerva-Fortuny*), de xeito que só ao redor dun 8% das DP incoadas non teñen entrada en Fiscalía.

Con todo, debe salientarse que a cifra de 71.091 incoacións da estatística fiscal contrasta coa de 79.600 que resulta da estatística xudicial (PNX), cifra que moi probablemente sexa máis próxima á realidade, polo que as 64.858 DP ingresadas en Fiscalía supoñerían, con maior probabilidade, un 81,48% da totalidade real incoada (igual que en 2017). En calquera caso, a diferenza entre ambas as dúas cifras da estatística fiscal (total incoadas e ingresadas) é en 2018 de só -6.233, equivalente a un -8,77% (-6,28% en 2017).


## § 2.2. DP rematadas. Especial referencia á terminación por acumulación/inhibición e sobresemento provisional

### § 2.2.1. Datos globais de DP terminadas no período 2008-2018

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS REMATADAS - GALICIA PERÍODO 2008-2018			
ANO	DP TRAMITADAS	DP TERMINADAS (POR FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN)	% DE TERMINADAS RESPECTO A TRAMITADAS
2008	276.409	207.032	74,90%
2009	308.845	245.869	79,61%
2010	282.952	240.505	84,99%
2011	280.914	232.449	82,75%
2012	236.791	194.435	82,11%
2013	219.974	184.566	83,90%
2014	199.986	175.417	87,71%
2015	184.051	167.688	91,11%
2016	115.797	100.336	86,65%
2017	95.829	80.905	84,43%
2018	<b>89.974</b>	<b>65.817</b>	<b>73,15%</b>
MEDIA ANUAL EN PERÍODO	208.320	172.274	82,70%
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.) 2017-2018	-5.855 (-6,11%)	-15.088 (-18,65%)	



### EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TERMINADAS GALICIA PERÍODO 2008-2018



Observamos, ao longo do período, un case continuo descenso das DP terminadas, correlativo ao das tramitadas e incoadas (especialmente a partir de 2016, pola reforma da Lei 41/2015), cunha media anual de 172.274, equivalente ao 82,70% da media anual de tramitadas (208.320). A cantidade das DP rematadas en 2018 é moi inferior a esa media (47,00%). Entre o inicio e o final do período, hai un notable descenso acumulado de máis de dous terzos (68,21%).

#### § 2.2.2. Datos de DP terminadas no ano 2018

##### § 2.2.2.1. Datos xerais e por provincias

Constan 65.817 DP terminadas, con descenso interanual de -15.088, equivalente a -18,65%, cunha porcentaxe do 73,15% das DP tramitadas (89.974), un -13,36% inferior á porcentaxe do pasado ano (84,43%). Este descenso na cifra de DP terminadas pode ter relación co impacto da folga funcional desenvolvida en Galicia entre febreiro e maio de 2018.

A distribución provincial desa cifra total de DP rematadas é a seguinte:

- A Coruña: 21.375, con descenso de -4.386 (-17,02%) e unha porcentaxe do 32,49% na cifra total das provincias galegas (65.791).
- Lugo: 7.952, con descenso de -2.016 (-20,22%) e unha porcentaxe do 12,09%.
- Ourense: 6.989, con descenso de -931 (-11,75%) e unha porcentaxe do 10,62%.
- Pontevedra: 29.475, con descenso de -7.781 (-20,88%) e unha porcentaxe do 44,80%.





### § 2.2.2.2. Datos de DP terminadas por finalización anticipada (FA) e por transformación (TF)

As 65.817 DP rematadas en 2018 distribúese entre: a) finalización anticipada, que comprende as terminacións por acumulación/inhibición, sobresemento provisional (SP) e arquivo definitivo; e b) e transformacións de procedemento.

#### ■ Finalización anticipada.

Constan a cantidade de 55.648, con descenso interanual de -11.867 (-17,58%), unha porcentaxe do 84,55% das rematadas. Algo menos da metade (46,59%) dese descenso produciuse nas terminacións por SP, paulatinamente inferior ao de anos anteriores (50,58% en 2017 e 73,32% en 2016). Posiblemente isto revele un asentamento progresivo dos efectos da reforma da referida Lei 41/2015 (supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido). Na seguinte epígrafe § 2.2.2.3 examínanse os datos particulares de acumulación/inhibición, SP e arquivamento definitivo.

#### ■ Transformación.

Figuran 10.169, con descenso interanual de -3.221 (-24,05) e unha porcentaxe do 15,46% da cantidade total de rematadas. Distribución desa cifra: 6.771 en PA, con descenso interanual de -1.724 (-20,29%) e unha porcentaxe de máis de dous terzos (66,58%) na cifra total de TF; 585 en DU, con descenso de -444 (-43,15%) e unha porcentaxe do 5,75%; 40 en SU, con descenso de -25 (-38,46%); e 17 en PX, con descenso de -5 (22,73%).

### § 2.2.2.3. Especial referencia a finalización anticipada por acumulación/inhibición, SP e arquivo definitivo

A cifra total de 55.648 FA en 2018 distribúese en tres modalidades concretas de acumulación/inhibición, SP e arquivo definitivo.

#### § 2.2.2.3.1. Finalización anticipada por acumulación/inhibición (A/I)


- *Datos xerais de 2018.* Constan 18.252, con descenso interanual de -2.648 (-12,67%) e cunha porcentaxe do 27,74% do total de rematadas por FA. Ademais, representan importantes porcentaxes do 20,29%, 25,68% e 27,74% respecto das cifras de DP tramitadas, incoadas e terminadas no ano.



- Datos totais durante o período 2008-2018

EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN GALICIA - PERÍODO ANOS 2008-2018					
ANO	CIFRA	V.I.	% RESPECTO CIFRA TRAMITADAS	% RESPECTO CIFRA INCOADAS	% RESPECTO CIFRA REMATADAS
2008	69.522	6.321 (10%)	25,15% (de 276.409)	30,21% (de 230.104)	33,58% (de 207.032)
2009	94.715	25.193 (36,23%)	30,68% (de 308.845)	35,62% (de 265.941)	38,58% (de 245.505)
2010	80.499	-14.216 (-15,01%)	28,45% (de 282.952)	33,90% (de 237.491)	33,98% (de 236.903)
2011	77.190	-3.309 (-4,11%)	27,48% (de 280.914)	33,71% (de 228.983)	33,21% (de 232.449)
2012	52.114	-25.076 (-32,49%)	22,01% (de 236.791)	27,97% (de 186.294)	26,80% (de 194.435)
2013	48.301	-8.982 (-5,16%)	21,96% (de 219.974)	27,67% (de 174.562)	26,17% (de 184.566)
2014	45.388	-2.913 (-6,03%)	22,70% (de 199.986)	28,01% (de 162.028)	25,87% (de 175.417)
2015	38.389	-6.999 (-15,42%)	20,86% (de 184.051)	24,38% (de 157.452)	22,89% (de 167.566)
2016	23.613	-14.776 (-38,49%)	20,39% (de 115.797)	26,53% (de 89.001)	23,53% (de 100.336)
2017	20.900	-2.713 (-11,49%)	21,81% (de 95.829)	27,43% (de 76.179)	25,83% (de 80.905)
2018	18.252	-2.648 (-12,67%)	20,29% (de 89.944)	25,68% (de 71.063)	27,74% (de 65.791)
MEDIA ANUAL EN PERÍODO	51.717				

EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN  
GALICIA PERÍODO 2008-2018



A precedente evolución de cifras evidencia a progresiva tendencia á diminución e “normalización” da terminación de DP mediante acumulación/inhibición no período 2008-2018. Entre o inicio e o final do período conséntase un gran descenso de -51.270, equivalente a case tres cuartas partes (73,75%), cunha media anual de 51.717, equivalente ao 24,83% de DP tramitadas, 30,27% das incoadas e 30,02% das rematadas. A cifra de 18.252 acumulacións/inhibicións rexistrada en 2018 supón un descenso de -33.465 (-64,71%) respecto da media anual (51.717) do período 2008-2018.<sup>18</sup>

■ *Datos particulares por provincias.* Ao igual que nos datos globais, obsérvase a nivel provincial unha similar tendencia de diminución e “normalización”, como se reflicte no cadro que segue. En canto a 2018, rexístrase diminución en todas as provincias. Destaca a cifra de Pontevedra, 10.367, que supón máis da metade de toda Galicia (56,80%).

TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN ANO 2018 - DATOS PROVINCIAIS			
PROVINCIA	CIFRA	V.I.	OBSERVACIÓNS
A CORUÑA	4.035	-945 (-18,97%)	13,08% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (30.841)
LUGO	1.902	-873 (-31,46%)	16,38% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (11.611)
OURENSE	1.948	-565 (-40,85%)	21,57% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (9.032)
PONTEVEDRA	10.367	-812 (-7,26%)	CIFRAS AÍNDA ELEVADAS: 26,95% DE TRAMITADAS NA PROVINCIA (38.460); E MÁIS DA METADE (56,80%) DA CIFRA GLOBAL DE GALICIA
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>18.252</b>	<b>-2.648 (-12,67%)</b>	20,29% DE TOTAL TRAMITADAS EN GALICIA. CONFIRMADA A DIMINUCIÓN E NORMALIZACIÓN DAS CIFRAS DE ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN

#### § 2.2.2.3.2. Finalización anticipada por arquivo definitivo (AD)

Figura a cifra de 8.772 respectivas medias anuais de DP tramitadas, incoadas e rematada <sup>19</sup> con descenso interanual de -12.462 (-29,61%) e unha porcentaxe do 15,76% na cifra total de final de FA (55.648), así como de 13,13% na de DP rematadas (65.817). Destaca, como en anos anteriores, o elevado volume de Pontevedra, onde constan 5.487, que representan case 2/3 (62,55%) da cifra global de Galicia, malia o particular descenso provincial (-7,26%).

#### § 2.2.2.3.3. Finalización anticipada por sobresemento provisional (SP)

■ *Datos xerais de 2018.* Consta na estatística fiscal a cantidade total 28.624, con descenso interanual de -5.529, equivalente a -16,19%, progresivamente inferior a anos anteriores (-27,45% en 2017 e -50,85% en 2016), cunha porcentaxe do 51,44% na cifra total de FA, así como de 43,49% na de DP rematadas.



■ Valoración de datos. O maior descenso observado en 2016 e 2017 (-50,85% e -27,45%) estaba causado pola aplicación da reforma operada pola Lei 41/2015 (supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido). O descenso moderado de 2018 (-16,19%) apunta a un asentamento das cifras tras esa reforma. Este paulatino descenso en SP é consecuencia do gran descenso previo das incoacións; xa non chegan aos órganos xudiciais e fiscais moitos atestados policiais sen autor coñecido que si chegaban antes. No ano 2016 xa se observara que algo máis dun 70% do descenso en SP se debía a esa reforma, cuxos efectos xa se están a consolidar.

■ *Datos particulares por provincias*

A Coruña: 11.323, con descenso interanual de -1.915 (-14,46%) e unha porcentaxe do 39,57% na cifra total de Galicia (28.624).

Lugo: 3.694, con descenso de -491 (-11,73%) e unha porcentaxe do 12,90%.

Ourense: 3.147, con descenso de -417 (-11,70%) e unha porcentaxe do 10,99%.


Pontevedra: 10.460, con descenso de -2.706 (-20,55%) e unha porcentaxe do 36,54%.

■ Datos totais de SP en DP durante o período 2008-2018

EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR SOBRESAMENTO PROVISIONAL GALICIA - PERÍODO ANOS 2008-2018					
ANO	CIFRA	V.I.	% RESPECTO CIFRA TRAMITADAS	% RESPECTO CIFRA INCOADAS	% RESPECTO CIFRA TERMINADAS
2008	96.231		34,81% (de 276.409)	41,82% (de 230.104)	46,48% (de 207.032)
2009	106.761	10.530 (10,94%)	34,57% (de 308.845)	40,14% (de 265.941)	43,42% (de 245.869)
2010	115.079	8.318 (7,79%)	40,67% (de 282.952)	48,56% (de 237.491)	47,85% (de 240.505)
2011	121.549	6.470 (5,62%)	43,27% (de 280.914)	53,07% (de 228.983)	52,29% (de 232.449)
2012	106.266	-15.283 (-12,57%)	44,88% (de 236.791)	57,04% (de 186.294)	54,65% (de 194.435)
2013	99.801	-6.465 (-6,08%)	45,37% (de 219.974)	57,17% (de 174.562)	54,07% (de 184.566)
2014	95.963	-3.838 (-3,84%)	47,98% (de 199.986)	59,23% (de 162.028)	54,780% (de 175.417)
2015	95.771	-192 (-0,20%)	52,03% (de 184.051)	60,82% (de 157.452)	57,11% (de 167.688)
2016	47.076	-48.695 (-50,84%)	40,65% (de 115.797)	52,89% (de 89.001)	46,92% (de 100.336)
2017	34.153	-12.923 (-27,45%)	35,64% (de 95.829)	44,83% (de 76.179)	53,34% (de 80.905)
2018	28.624	-5.529 (-16,19%)	31,81% (de 89.974)	40,26% (de 71.091)	43,49% (de 65.817)
MEDIA ANUAL EN PERÍODO	86.116				



## EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR SOBRESAMENTO PROV. GALICIA PERÍODO 2008-2018



A precedente evolución de cifras evidencia unha tendencia de crecemento interanual desde o 2008 ao 2011, ano en que se inicia unha tendencia de descenso, moi marcada en 2016 (-50,84%). Entre o inicio e o final do período conséntase un gran descenso de -67.607, equivalente a máis de dous terzos (-70,25%), cunha media anual de 86.116, a cal equivale a 41,34%, 50,41% e 49,99% das respectivas medias anuais de DP tramitadas, incoadas e rematadas.<sup>20</sup>

### § 2.3. DP pendentes a final de ano

Conforme a estatística fiscal, constan 24.157 DP pendentes a final de ano, con incremento interanual de 9.233 (61,87%) e cunha porcentaxe do 26,85% do total de DP tramitadas (89.974). Este aumento da pendencia final pode ter relación co impacto da folga funcional desenvolvida en Galicia entre febreiro e maio de 2018.

A distribución por provincias desta pendencia final é como segue: A Coruña, 9.466; Lugo, 3.659; Ourense, 9.032; e Pontevedra, 8.985. Os datos globais e provinciais expostos obtivéronse da operación “tramitados” - “rematados” = “pendentes”.<sup>21</sup>

### § 2.4. Especial referencia á aplicación do art. 324 LACrim. nas DP (control prazo de instrución)

Ao igual que os dous anos anteriores, recóllense en 2018 datos sobre este particular na estatística fiscal: un total de 1.468 “declaracións de complexidade” no conxunto das provincias de Galicia, con descenso interanual de -449 (-23,42%) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 439 (22,90% do total); Lugo, 192 (13,08%); Ourense, 235 (16,01%); e Pontevedra, 602 (41,01%). En canto a “declaracións de prazo máximo”, o total foi de 867, con descenso de -277 (-24,21%) e distribuídas así: A Coruña, 158 (18,22% do total); Lugo, 477 (55,02%); Ourense, 21 (2,42%); e Pontevedra, 211 (42,42%).



SECCIÓN 1.1.1.3.2.  
PROCEDEMENTOS ABREVIADOS (PA)

§ 2.1. 2. Exposición de datos

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 PROCEDEMENTOS ABREVIADOS NOS XULGADOS DE INSTRUCIÓN DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES A INICIO ANO	2.371	699	702	1.201
	REABERTOS DURANTE ANO	85	47	63	100
	INCOADOS DURANTE ANO	3.031	878	693	2.169
	TOTAL TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	5.487	1.624	1.458	3.470
	PENDENTES A FINAL ANO	2.397	683	762	1.252
TRAMITACIÓN	CUALIFICADOS ANTE XULGADO DO PENAL	2.400	744	622	1.722
	CUALIFICADOS ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL	114	25	14	114
	TOTAL CUALIFICADOS	2.514	769	636	1.836
	SOBRESEMENTOS/ARQUIVOS	268	74	55	157
	TRANSFORMACIÓN NOUTROS PROCEDEMENTOS	65	16	5	43


Continúa abaixo

GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.		
4.973	5.118	-145 (-2,83%)	PENDENTES A INICIO ANO	VOLUME TRAMITADO
295	406	-111 (-27,34%)	REABERTOS DURANTE ANO	
6.771 <sup>22</sup>	8.495	-1.724 (-20,29%)	INCOADOS DURANTE ANO	
12.039 <sup>23</sup>	14.019	-1.980 (-14,12%)	TOTAL TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	
5.094 <sup>24</sup>	4.214	880 (20,88%)	PENDENTES A FINAL ANO	
5.488	7.036	-1.548 (-22,00%)	CUALIFICADOS ANTE XULGADO DO PENAL	TRAMITACIÓN
267	306	-39 (-12,74%)	CUALIFICADOS ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL	
5.755	7.342	-1.587 (-21,61%)	TOTAL CUALIFICADOS	
554	869	-315 (-36,25%)	SOBRESEMENTOS/ARQUIVOS	
129	214	-85 (-39,72%)	TRANSFORMACIÓN NOUTROS PROCEDEMENTOS	

Vén de arriba



## P. ABREVIADO - GALICIA 2018 - DATOS TOTAIS




### § 2. Análise de datos

#### ■ PA tramitados e incoados

- *Datos totais de PA tramitados e incoados no período 2008-2018*

### EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS GALICIA PERÍODO 2008-2018





Durante o referido período rexístranse datos bastante estables, cunhas cifras medias anuais de PA tramitados e incoados de 15.063 e 8.735, respectivamente. As cifras de PA tramitados e incoados en 2018 sitúanse por debaixo desas medias (-20,07 e -22,48%).

#### ■ *Datos de PA tramitados e incoados no ano 2018*

Conforme a estatística fiscal, consta en 2018 a cifra de 12.039 PA tramitados, con descenso interanual de -1.980 (-14,12%) e unha porcentaxe do 9,09% dos procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia (132.454). Por tal razón, é o terceiro tipo de procedemento máis representativo cuantitativamente (despois de DP e o novo XDL).

#### ■ *Datos particulares do número de PA tramitados* (pendentes do ano anterior, incoados no ano e pendentes a fin de ano).

- Pendentes a inicio de ano: 4.973, con descenso interanual de -145 (-2,83%).
- Reabertos: 295, con descenso de -111 (-27,34%).
- **Incoados** no ano: 6.771, con apreciable descenso de -1.724 (-20,29%) e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 3.031, con descenso de -614 (-16,84%) e unha porcentaxe do 44,77% do total; Lugo, 878 (-221=-20,11%) e 12,97%; Ourense, 693 (-276 =-28,48%) e 10,23%; e Pontevedra, 2.169 (-613=-22,03%) e 32,03%.

### ■ PA terminados e pendentes a fin de ano

Conforme a estatística fiscal, resultaría unha cifra total de 6.438 <sup>25</sup> PA terminados en 2018 (5.755 cualificados e elevados ao órgano de axuízamento, 129 transformados e 554 sobresi-dos/arquivados), cun estimable descenso interanual de -1.987 (-23,58%). A pendencia final é de 5.094, con apreciable incremento de 880 (20,88%).

Este descenso das terminacións e o correlativo aumento da pendencia final pode ter relación co impacto da folga funcional desenvolvida en Galicia entre febreiro e maio de 2018.

### ■ Referencia a PA cualificados

Foron obxecto de cualificación fiscal en 2018 un total de 5.755, con apreciable descenso interanual de -1.587 (-21,61%), cunha porcentaxe de case a metade (47,80%) do total de tramitados (12.039). Distribúese a cantidade total da seguinte forma:

- a) cualificados ante o Xulgado do Penal: 5.488, con descenso de -1.548 (-22,00%) e unha porcentaxe do 97,05% na cifra total.
- b) cualificados ante a Audiencia Provincial: 167, con descenso de -139 (-45,42%) e porcentaxe do 2,95%.

Por provincias as cualificacións en PA distribúense así: A Coruña, 2.514 (o 44,45% do total); Lugo, 769 (13,60%); Ourense, 636 (11,25%); e Pontevedra, 1.736 (30,70%).



SECCIÓN 1.1.1.3.3.  
DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU)

§ 1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (XUÍZOS RÁPIDOS POR DELITO) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME	PENDENTES INICIO ANO <sup>26</sup>	32	13	27	67
	INCOADAS DURANTE ANO	3.049	623	998	3.614
	REABERTAS <sup>28</sup>	5	2	1	9
	TOTAL TRAMITADAS (SUMA DE ANTERIORES)	3.086	638	1.026	3.690
	PENDENTES FIN ANO <sup>29</sup>	30	20	36	32
DESTINO	SOBRESEMENTO/ARQUIVO	155	28	50	233
	TRANSFORMACIÓN EN DP	245	67	100	170
	TRANSFORMACIÓN EN XDL	1	0	20	2
	TOTAL TRANSFORMACIÓN	246	67	120	172
	ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN	79	23	46	187
	CUALIFICACIÓN	2.103	502	801	2.701

Continúa abaixo

Vén de arriba

GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.		
139	98	41 (41,84%)	PENDENTES INICIO ANO <sup>1</sup>	VOLUME
8.284 <sup>27</sup>	8.204	80 (0,98%)	INCOADAS DURANTE ANO	
17	46	-29 (-63,04%)	REABERTAS <sup>3</sup>	
8.440	8.348	92 (1,10%)	TOTAL TRAMITADAS (SUMA DE ANTERIORES)	
118	139	-21 (-15,11%)	PENDENTES FIN ANO <sup>4</sup>	
466	777	-311 (-40,02%)	SOBRESEMENTO/ARQUIVO	DESTINO
582	964	-382 (-39,63%)	TRANSFORMACIÓN EN DP	
23	114	-91 (-79,82%)	TRANSFORMACIÓN EN XDL	
605	1.078	-473 (-43,88%)	TOTAL TRANSFORMACIÓN	
335	297	38 (12,79%)	ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN	
6.107	6.129	-22 (-0,36%)	CUALIFICACIÓN	




## D. URXENTES - GALICIA 2018 - DATOS TOTAIS

TRAMITADAS	8.440
INCOADAS	8.284
TERMINADAS	8.322
CUALIFICADAS	6.107

## § 2. Análise de datos

## ■ DU incoadas

- *Datos totais de DU incoadas no período 2008-2018*

EVOLUCIÓN DE D. URXENTES INCOADAS  
GALICIA PERÍODO 2008-2018

Durante ese período as cifras de DU incoadas recollidas na estatística fiscal mostran lixeiras oscilacións con tendencia a unha gradual diminución e un asentamento por volta da cifra de 8.000. A media anual do período é de 9.143. Entre o inicio e o final do período (10.497 e 8.284) apréciase un descenso acumulado de -2.213 (-21,08%).

- *Datos de DU tramitadas e incoadas o ano 2018*

- *Datos xerais*

A estatística fiscal reflicte en 2018 a cifra total de 8.284 DU tramitadas/incoadas, con lixeiro incremento interanual de 80 (0,98%) e unha porcentaxe do 8,01% dos procedementos



tramitados o mesmo ano en Galicia (132.454). Por tal razón é o cuarto tipo de procedemento máis representativo cuantitativamente (despois de DP, XDL e PA).

- *Datos particulares de cifra total de DU tramitadas*

- Pendentes a inicio de ano: 139, con aumento interanual de 41 (41,84%)
- Reabertos: 17, con descenso de -29 (-63,04%).
- **Incoadas** no ano: 8.284, con aumento de 80 (0,98%) e a seguinte distribución por provincias:
  - A Coruña, 3.049, con descenso de -83 (-2,65%) e porcentaxe do 36,80% en totalidade;
  - Lugo: 623, con aumento de 1 (0,16%) e unha porcentaxe do 7,52%
  - Ourense: 998, con descenso de -72 (-6,73%) e unha porcentaxe do 12,05%.
  - Pontevedra: 3.614, con aumento de 234 (6,92%) e unha porcentaxe do 43,63%.

### ■ DU rematadas e pendentes a final de ano

Conforme a estatística fiscal, resultaría unha cifra total de 7.047 DU rematadas en 2018 (6.107 cualificadas e elevadas ao órgano axuizador, 605 transformadas e 335 acumuladas/inhibidas), con descenso interanual de -457 (-6,09%). En canto á pendencia final, consta, segundo a estatística fiscal, a cifra total de 118, con descenso de -21 (-15,11%); polo que cifra real de DU rematadas será de 8.322 (as 7.047 mencionadas máis outras 1.275).<sup>30</sup>

### ■ Referencia a DU cualificadas

No ano 2018 foron obxecto de cualificación fiscal 6.107 DU, con moi leve descenso interanual de -22 (-0,36%) e cunha porcentaxe do case tres cuartas partes (72,36%) da cifra total de tramitadas (8.440). Distribución por provincias: A Coruña, 2.103 (o 34,43% do total); Lugo, 502 (8,22%); Ourense, 801 (13,12%); e Pontevedra, 2.701 (44,23%).

### ■ Referencia a datos demostrativos da grande eficacia das DU

Pode afirmarse que é o procedemento de maior eficacia, en termos de cualificación fiscal e terminación por sentenza, polas razóns observadas xa en memorias de anos anteriores, confirmadas con datos actualizados de 2018:

- Representan un alto 29,52% da cifra total (20.687) de procedementos tramitados con posibilidades reais de ser obxecto de cualificación fiscal (todos, menos DP, “filtro preliminar procedemental”, e XDL, sen trámite de cualificación fiscal escrita).
- Preto das tres cuartas partes (72,36%) das DU tramitadas (8.440) son obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos (47,80% PA e 33,33% SU); só superado polo PX (85,71%).



- Case dúas terceiras partes (61,62%) das DU tramitadas son obxecto de sentenza condenatoria por conformidade (5.201).

A estatística fiscal non permite aínda cuantificar a incidencia que, en termos de axilización na resolución das DU, estea a ter a reforma do “proceso por aceptación de decreto” introducido pola Lei 41/2015 (novos arts. 803 bis a) e seguintes da LACrim.).<sup>31</sup>



SECCIÓN 1.1.1.3.4.  
XUÍZO SOBRE DELITOS LEVES (XDL)

**Indicacións previas (limitada intervención do MF nos XDL).** Conforme á lexislación vixente e a Circular 1/2015 da FXE, o Ministerio Fiscal ten unha intervención limitada nos XDL (delitos públicos e parte dos semipúblicos). Por iso, é moi probable que non cheguen ás fiscalías todos os datos deste tipo de procedemento e que os rexistrados como incoados sexan os únicos ingresados.

§ 1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 PROCEDEMENTOS POR DELITOS LEVES - DATOS XERAIS (PROVINCIAIS E DE GALICIA) (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL)								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
VOLUME TRAMITADO <sup>32</sup>	PENDENTES A INICIO ANO	1.717	648	497	1.603	4.465	4.338	127 (2,93%)
	INCOADOS	6.228	1.690	1.970	7.226	17.114	18.482	-1.368 (-7,40%)
	REABERTOS	133	11	12	58	214	207	7 (3,38%)
	TOTAL TRAMITADOS	8.078	2.349	2.479	8.887	21.793	23.027	-1.234 (-5,36%)
XUÍZOS	TERMINADOS	5.552	1.693	1.924	6.660	15.829	18.103	-2.274 (-12,56%)
	PENDENTES A FIN ANO	2.526	656	555	2.227	5.964	4.590	1.374 (29,93%)
	XUÍZOS SINALADOS	5.346	1.579	1.736	5.145	13.806 (100%)	14.131 (100%)	-325 (-7,08%)
	XUÍZOS CELEBRADOS	3.805	1.143	1.165	3.610	9.723 (70,43%)	11.654 (82,47%)	-1.931 (-16,57%)
	XUÍZOS SUSPENDIDOS	1.541	436	571	1.535	4.083 (29,57%)	2.477 (17,53%)	1.606 (64,84%)




ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 - PROCEDIMENTOS POR DELITOS LEVES - INTERVENCIÓN FISCAL							
DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
(ELABORACIÓN A PARTIR DE ESTADÍSTICAS FISCALÍAS PROVINCIAIS)							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
XUÍZOS INCOADOS (INGRESADOS EN FISCALÍA)	1.450	1.401	1.742	5.795	10.388	11.897	-1.509 (-12,68%)
XUÍZOS CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN FISCAL	978	796	930	2.343	5.047	6.904	-1.857 (-26,90%)
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	3.805	1.143	1.165	3.610	9.723	11.654	-1.931 (-16,57%)
% DE XUÍZOS CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN FISCAL EN TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	25,70%	69,64%	79,83%	64,90%	51,91%	59,24%	

## § 2. Análise de dato

### ■ Xuízos sobre delitos leves (XDL incoados)

- *Datos totais no período 2015-2018.*

### EVOLUCIÓN DE XUÍZO DELITOS LEVES (XDL) GALICIA PERÍODO 2015-2018





Durante ese período as cifras de XDL incoados mostran oscilacións con tendencia a unha gradual diminución e asentamento, ao redor de 17.000/18.000. A media anual do período é de 16.680, que sería de 19.008 se excluimos o ano 2015 (con vixencia parcial do novo tipo de procedemento). Entre 2016 e 2018 apréciase un descenso acumulado de -4.315 (-20,14%).

#### ■ *Datos do ano 2018*

##### - *Datos xerais*

Conforme a estatística xudicial (PNX), como se recolle na táboa precedente, no ano 2018 foron incoados 17.114 XDL, con descenso interanual de -7,40% (-13,75% en 2017) e unha porcentaxe do 16,56% do total de procedementos incoados por delito nas provincias galegas no mesmo ano (103.358). Os datos por provincias son os seguintes: A Coruña, 6.228 (36,40%); Lugo, 1.690 (9,87%); Ourense, 1.970 (11,51%); e Pontevedra, 7.226 (42,22%).

##### - *Valoración de datos*

En cambio, segundo a estatística das fiscalías provinciais esa cifra total de incoacións de XDL é de só 10.388 (-6.726=-39,30% respecto á xudicial) e coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.450; Lugo, 796; Ourense, 930; e Pontevedra, 5.795. Esta diferenza de datos pode explicarse polo feito de que, conforme á lexislación vixente e a Circular 1/2015 da FXE, o Ministerio Fiscal ten unha intervención limitada nos XDL (delitos públicos e parte dos semipúblicos), polo que moi probablemente non cheguen ás fiscalías todos os datos deste tipo de procedemento. Partindo desta premisa, é moi probable que a intervención do Ministerio Fiscal no número total de XDL incoados en 2018 (17.114 segundo a estatística fiscal) se limitase a eses 10.388 da estatística fiscal (o 60,70% da estatística xudicial).

No ano 2016 producírase un grande aumento de 11.735 (121,05%) na cifra de incoacións dos XDL, ao pasar de 9.694 en 2015 a 21.429 nese ano. Obviamente iso debeuse principalmente á aplicación de LO 1/2015, do 30 de marzo, de reforma do CP, con entrada en vigor o día 1.07.2015. A dita reforma supuxo a supresión das faltas (antigo Libro III do CP) e a irrupción da categoría de delitos leves, axuizables a través do novo “procedemento para o xuízo sobre delitos leves” (libro VI, arts. 962 a 977). Esta reforma supuxo a eliminación de numerosos xuízos de faltas (XF) e a aparición dun máis reducido número de XDL.


Antes da referida reforma, constaban incoados, segundo a estatística fiscal un total de 47.530 XF, mentres que agora xa irrompeu plenamente o novo XDL, coas mencionadas cifras de incoacións en 2016 e 2017 que equivalen a menos da metade dos antigos XF (45,08% e 38,88%). Todo iso supuxo unha evidente liberación de recursos.



## ■ XDL celebrados con intervención do Ministerio Fiscal

### ■ Datos globais no período 2016-2018

#### EVOLUCIÓN DE XDL - XUÍZOS CELEBRADOS GALICIA PERÍODO 2016-2018



Durante ese período as cifras de XDL celebrados con intervención do Ministerio Fiscal mostraron oscilacións con tendencia a unha gradual diminución e asentamento. No ano 2015 só constaba a cifra relativa á provincia da Coruña (235), polo que nos centramos no período 2016-2018, cunha media anual de 6.486. Entre 2016 e 2018 apréciase un descenso acumulado de -2.460 (-32,77%).

### ■ Datos do ano 2018

#### -Datos xerais

Segundo a estatística fiscal, no ano 2018 foron celebrados con intervención do Ministerio Fiscal un total de 5.047 XDL, con apreciable descenso de -1.857 (-26,90%) e unha porcentaxe do 43,27% no total de xuízos celebrados en Galicia (11.665).

#### -Valoración de datos

Antes da referida reforma de 2015, segundo a estatística fiscal constaba unha cifra de 13.183 xuízos de faltas (XF) celebrados con intervención do Ministerio Fiscal. Agora en 2018, a cifra de XDL celebrados con intervención fiscal (5.047) representan case o 38,28% (46,23% en 2017) da antiga cifra de XF, dato que revela unha importante liberación de recursos.

Algúns datos da estatística de 2018 sobre XDL mostran a moi probable repercusión da folga funcional de 2018:

- Só se celebraron un 70,43% dos xuízos sinalados (82,47% en 2017), con claro descenso de -16,57%.
- Suspendéronse un 29,57% dos sinalados (17,53% en 2017), con avultado incremento de case dous terzos (64,84%).
- En consonancia co anterior, os xuízos celebrados coa intervención do Ministerio Fiscal sufriron un destacado descenso de algo máis dunha cuarta parte (-16,90%), representando pouco máis da metade (51,94%) da cifra total de celebrados (10.388), menos que en 2017 (59,24%).



SECCIÓN 1.1.1.3.5.  
SUMARIOS (SU)

§ 1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 - SUMARIOS (PROCEDEMENTOS ORDINARIOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
XULGADO <sup>33</sup>	PENDENTES A INICIO ANO	61	14	10	25
	INCOADOS DURANTE O ANO	30	7	5	28
	REABRIDOS DURANTE O ANO	0	0	0	0
	TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	91	21	15	53
	PENDENTES A FIN ANO	71	11	5	19
	CONCLUSOS	10	6	4	18
	TRANSFORMACIÓNS	0	0	0	2
AUDIENCIA <sup>34</sup>	CUALIFICACIÓNS	25	15	6	14
	SOBRESEMENTOS/ARQUIVOS	1	0	0	0
	REVOGACIÓNS	0	0	0	1
APLICACIÓN ART. 324 LACrim. EN SUMARIOS		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		1	0	0	2
DECLARACIÓN DE PRAZO MAXIMO		0	0	0	2


Continúa abaixo

GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.		
110	122	-12 (-9,84%)	PENDENTES A INICIO ANO	XULGADO <sup>1</sup>
70	70	0 (0%)	INCOADOS DURANTE O ANO	
0	0	0 (0%)	REABRIDOS DURANTE O ANO	
180	192	-12 (-6,25%)	TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	
106	100	6 (6,00%)	PENDENTES A FIN ANO	
38	63	-25 (-39,68%)	CONCLUSOS	
2	5	-3 (-60,00%)	TRANSFORMACIÓNS	
60	72	-12 (-16,67%)	CUALIFICACIÓNS	AUDIENCIA <sup>2</sup>
1	5	-4 (-80,00%)	SOBRESEMENTOS/ARQUIVOS	
1	1	0 (0%)	REVOGACIÓNS	
GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	APLICACIÓN ART. 324 LACrim. EN SUMARIOS	
3	3	0 (0%)	DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE	
2	1	1 (100%)	DECLARACIÓN DE PRAZO MAXIMO	

Vén de arriba



## P. ORDINARIOS (SUMARIOS) - GALICIA 2018 - DATOS TOTAIS




## § 2. Análise de datos

## ■ Sumarios (SU) no Xulgado de Instrución

## ■ SU tramitados e incoados

- Datos totais do período 2008-2018

EVOLUCIÓN DE P. ORDINARIOS (SUMARIOS)  
TRAMITADOS E INCOADOS GALICIA PERÍODO 2008-2018

Durante o referido período as cifras de SU tramitados e incoados no Xulgado de Instrución mostran unha tendencia á progresiva diminución, cunha media anual respectiva de 193 e 85. Neste período hai descensos acumulados de -17,81 SU tramitados e de 36,36% de SU incoados.

- *Datos do ano 2018*

- *Datos xerais*

Conforme á estatística fiscal, consta a cifra total de 180 SU tramitados no Xulgado de Instrución, con lixeiro descenso interanual de -12 (-6,25%) e unha porcentaxe do 0,068% na cifra global de procedementos tramitados o mesmo ano en Galicia (132.454).

- Datos particulares de SU tramitados- Pendentes a inicio de ano: 110 con descenso interanual de -12 (-9,84%).

- Reabertos: 0, sen variación interanual.

- Incoados no ano: 70, sen variación interanual, e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 30; Lugo, 7; Ourense, 5; 10; e Pontevedra, 25.

#### ■ **SU terminados (conclusos e transformacións)**

Conforme a estatística fiscal de 2018, constan 38 terminacións por “conclusión” (descenso de -25 =-39,68%) e 2 por “transformación” noutro procedemento (descenso de -3=-60%).

#### ■ **Referencia á aplicación do art. 324 LACrim. (control duración instrución)**

A estatística fiscal reflicte a cifra total de 3 “declaracións de complexidade”, así como 2 “declaración de prazo máximo”.

#### ■ **Sumarios (SU) na Audiencia Provincial (procedementos ordinarios)**

##### ■ **Cualificacións**

No ano 2018 foron obxecto de cualificación fiscal unha cifra total de 60 procedementos ordinarios (SU) na Audiencia Provincial, con lixeiro descenso interanual de -12 (-16,67%) e unha porcentaxe do 33,33% respecto da cifra total de tramitados no Xulgado de Instrución (180). Por provincias as cualificacións distribúense así: A Coruña, 25 (41,67% do total); Lugo, 15 (25,00%); Ourense, 6 (10,00%); e Pontevedra, 14 (23,33%).

##### ■ **Terminacións**

Constan 1 sobresemento/arquivo (descenso de -4) e 1 revogación (sen variación).



SECCIÓN 1.1.1.3.6.  
 PROCEDEMENTO DO TRIBUNAL DO XURADO (PX)

§ 1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA FISCALÍA DE GALICIA 2018 - PROCEDEMENTOS DO TRIBUNAL DO XURADO <sup>35</sup> DATOS PROVINCIAIS E GLOBAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
INCOACIÓNS	18	1	2	7	28	25	3 (12,00%)
SOBRESEMENTOS/ ARQUIVOS	1	2	0	1	4	4	0
CUALIFICACIÓNS	12	1	2	9	24	18	6 (33,33%)
XUÍZOS	8	3	1	7	19	16	3 (18,75%)
CONFORMIDADES SEN XUÍZO	0	0	0	1	1	1	0

P. XURADO- GALICIA 2018 - DATOS TOTAIS


INCOADOS	28
CUALIFICACIÓNS	24
XUÍZOS	19



## § 2. Análise de datos

### ■ PX incoados

#### ■ *Datos totais do período 2008-2018*



No referido período, con diversas fluctuacións, a media anual é de 32,27 incoacións cun apreciable descenso acumulado de -18 (-39,13%) entre o inicio e o final do ciclo.

#### ■ *Datos do ano 2018*

A estatística fiscal reflicte unha cifra total de 28 PX incoados, con aumento interanual de 3 (12,00%) e unha porcentaxe de só 0,027% dos procedementos incoados o mesmo ano en Galicia (103.358).

#### ■ **PX cualificados**

Consta en 2018 a cifra de 24 cualificacións no ámbito do PX (na Audiencia Provincial), con apreciable aumento interanual de 6 (33,33%) e unha porcentaxe do 85,71% en relación coa cifra de procedementos incoados. Distribución provincial da cifra de cualificacións: A Coruña, 12 (50% do total); Lugo, 1 (4,17%); Ourense, 2 (8,33%); e Pontevedra, 9 (37,50%).





SECCIÓN 1.1.1.4.  
ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL


§ 1. Datos totais de cualificacións fiscais

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA CUALIFICACIÓN FISCAL - DATOS TOTAIS DE GALICIA - ANOS 2008-2018				
ANO	TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	PORCENTAXE (%)	
2008	14.263	3.292 (30,00%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (301.098)	4,73%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (249.770)	5,71%
2009	13.352	-911 (-6,38%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (331.838)	4,02%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (283.964)	4,70%
2010	13.762	410 (3,07%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (307.287)	4,48%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (255.863)	5,38%
2011	15.211	1.449 (10,53%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (310.011)	4,91%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (250.052)	6,08%
2012	14.383	-828 (-5,44%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	5,44%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,00%
2013	14.581	198 (1,38%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	5,44%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,00%
2014	13.842	-739 (-5,07%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	6,16%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,71%
2015	12.696	-1.146 (-8,28%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (215.701)	5,89%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (183.186)	6,93%
2016	13.923	1.227 (9,66%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (158.695)	8,77%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (126.447)	11,01%
2017	13.561	-362 (-2,60%)	% CIFRA TOTAL BRUTA DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (136.751)	9,92%
			% CIFRA TOTAL BRUTA DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (111.455)	12,17%
2018	11.946	-1.615 (-11,91%)	% CIFRA TOTAL BRUTA DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (132.454)	9,02%
			% CIFRA TOTAL BRUTA DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (103.358)	11,56%
MEDIA ANUAL DE CUALIFICACIÓN EN PERÍODO 2008-2018	13.775			
% MEDIA PROCEDEMENTOS TRAMITADOS 2008-2018 (239.135)	5,76%			



## CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA PERÍODO 2008-2018



### ■ Análise de datos

#### ■ Datos totais do período 2008-2018

Durante ese período obsérvanse varias fluctuacións debidas, en maior medida, a algunhas reformas legislativas (leis orgánicas 15/2007, 5/2010 e 1/2015). A media anual de cualificacións fiscais no ciclo é de case 14.000 (13.775), cunha porcentaxe media de 5,76% na correlativa media anual de procedementos tramitados (239.135).

Entre o inicio e o final do período apréciase un descenso acumulado de -2.317(-16,24%), inferior ao correlativo de -58,62% dos procedementos tramitados, o que evidencia un incremento progresivo da actividade de cualificación fiscal: 5,89% en 2015, 8,77% en 2016, 9,92% en 2017 e 9,02% en 2018.

O punto álxido do ciclo foi 2011 (tras reforma penal por LO 5/2010), que rexistrou un total de 15.211 cualificacións (aumento de 1.449=10,53%). A partir dese ano a media anual situouse nas 14.000 cualificacións (13.768). Entre ese ano 2011 e o ano 2015 produciuse un descenso acumulado de -2.515 (-16,53%) e desde este último ano ao 2017 produciuse unha lixeira subida de 865 (6,81%), incremento decaído en 2018 (-5,90%), probablemente polo impacto da folga funcional deste último ano.

#### ■ Datos totais de cualificacións fiscais no ano 2018

##### - Datos xerais

Constan 11.946 cualificacións, con descenso interanual de -1.615, equivalente a -11,91%, variación que contrasta cos datos dos dous anos precedentes (9,66% en 2016 e -2,60% en 2017).



Cómpre salientar que a cantidade de 2018 equivale a unha alta porcentaxe do 9,02% na correlativa cifra bruta total de procedementos tramitados ese ano (132.454). Esta porcentaxe elévase mesmo a 10,80% se ao número de procedementos tramitados lle restamos a cifra correlativa de XDL (21.793), que non teñen trámite de cualificación escrita, así como a máis da metade (57,75%) se ademais restamos o número de tramitacións de DP (89.974), o habitual “filtro procedementa preliiminar”.

En relación coa cifra bruta de procedementos incoados no ano (103.358) a porcentaxe do cualificacións sobe a 11,56%, porcentaxe que se eleva mesmo ata 13,85% se á cifra de procedementos tramitados lle restamos tamén a cifra correlativa de XDL (17.114), así como a máis de tres cuartas partes (78,83%) se ademais restamos tamén o número de incoacións de DP (71.091). A táboa seguinte recolle unha síntese dos datos expostos.

<b>CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2018</b> <b>PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓNS</b> <b>EN RELACIÓN CON NÚMERO DE PROCEDEMENTOS (TRAMITADOS E INCOADOS)</b>					
TOTAL CUALIFICACIÓNS	11.946	% CUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS	TOTAL CUALIFICACIÓNS	11.946	% CUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS
TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (PT)	132.454	9,02%	TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (PI)	103.358	11,56%
PT SEN XDL	110.661	10,82%	PI SEN XDL	86.244	13,85%
PT SEN XDL NIN DP	20.687	57,75%	PI SEN XDL NIN DP	15.153	78,83%

A referida *ratio* de 9,02% é bastante próxima á de 12,86% que a cantidade total de sentenzas da estatística fiscal de 2018 (17.035) ten en relación coa de procedementos tramitados (132.454), aínda que hai que ter en conta que as sentenzas se ditan en procedementos con cualificacións efectuadas ben no mesmo ano ou en anteriores.

Se sumásemos á indicada cantidade de cualificacións 649 escritos de alegacións formulados no proceso de menores polo Ministerio Fiscal en 2018, obteríamos unha cifra conxunta de 12.595 cualificacións fiscais nese ano, con leve descenso interanual total de -1.538 (-10,88%). Os escritos de alegacións referidos supoñerían só o 5,5% da cifra conxunta mencionada.

#### -Valoración de datos

Tras as últimas reformas legais (Lei 41/2015 e LO 1/2015), o número cualificacións fiscais estábese a normalizar e a asentarse arredor de 13.500-14.000, con claro aumento de 9,66% en 2016 e leve descenso de -2,60% en 2017. Tales reformas propiciaron un gran descenso no número de incoación e tramitación de procedementos (sobre todo, DP), coa conseguinte



liberación de recursos e a posibilidade de incrementar a actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos). Con todo, esta tendencia rompeu en 2018, ao rexistrarse un apreciable descenso de -11,91%. Esta situación moi probablemente ten relación co impacto da folga en Galicia, entre febreiro e maio dese ano, por parte do funcionariado xudicial.

## § 2. Datos particulares de cualificacións fiscais por tipo de procedemento

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA CUALIFICACIÓNS FISCAIS - DATOS PARTICULARES POR PROCEDEMENTOS ANOS 2008-2018							
ANO	DU	PA			SU	PX	TOTAL
		PA-XP	PA-AP	PA-Total			
2008	7.011	6.783	345	7.128	98	26	14.263
2009	6.319	6.590	320	6.910	91	32	13.352
2010	6.385	7.042	210	7.252	94	31	13.762
2011	7.991	6.945	194	7.139	68	13	15.211
2012	7.502	6.545	241	6.786	71	24	14.383
2013	6.534	7.683	272	7.955	68	24	14.581
2014	6.256	7.202	294	7.496	73	17	13.842
2015	5.791	6.556	269	6.825	67	13	12.696
2016	6.009	7.514	321	7.835	66	13	13.923
2017	6.129	7.036	306	7.342	72	18	13.561
2018	6.107	5.488	267	5.755	60	24	11.946
V.I.	-22 (-0,36%)	-1.548 (-22,00%)	-39 (-12,74%)	-1.587 (-21,61%)	-12 (-16,67%)	6 (33,33%)	-1.615 (-11,91%)
% TOTAL GALICIA	51,12%	45,94%	2,24	48,18%	0,502%	0,201%	100%
% PROCEDEMENTOS TRAMITADOS	72,36% (de 8.440)			47,80% (de 12.039)	33,33% (de 180)	85,71% (de 28)	9,02% (de 132.454 <sup>36</sup> )
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	6.549	6.853	276,27	7.129	75,27	21,36	13.775



## CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2018

### DATOS PARTICULARES POR TIPOS DE PROCEDEMENTO

TOTAL	11.946
PA	5.755
DU	6.107
SU	60
PX	24

#### ■ Análise de datos

Por procedementos, a cantidade total de 11.946 cualificacións en 2018 distribúese así:

**1º. Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU):** 6.107 cualificacións, con leve descenso interanual de -22 (-0,36%) e unha porcentaxe do algo máis da metade (51,12%) do total. O menor descenso neste tipo de procedemento, moi inferior ao descenso conxunto das cualificacións (-11,91%), demostra a menor repercusión da folga funcional en este procedemento de tramitación preferente.

Así mesmo, como mostra da *grande eficacia das DU*, esa cifra de cualificacións representa case tres cuartos (72,36%) respecto da cifra correlativa de procedementos tramitados (8.440), porcentaxe moi superior aos doutros tipos de procedementos (PA e SU, con 47,80% e 33,33%, respectivamente), só superado polo PX (85,71%). Estes datos e outros significativos detállanse na seguinte táboa.

CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2018 PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓNS EN DILIXENCIAS URXENTES (DU) EN RELACIÓN CON CIFRAS DE PROCEDEMENTOS (TRAMITADOS E INCOADOS)					
TOTAL CUALIFICACIÓNS	6.107	%CUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS	TOTAL CUALIFICACIÓNS	6.107	% CUALIFICACIÓNS/ PROCEDEMENTOS
TOTAL DU TRAMITADAS	8.440	72,36%	TOTAL DU INCOADAS	8.284	
TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (PT)	132.454	4,61%	TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (PI)	103.358	73,72%
PT SEN XDL	110.661	5,52%	PI SEN XDL	86.244	5,91%
PT SEN XDL NIN DP	20.687	29,52%	PI SEN XDL NIN DP	15.153	40,30%



**2º. Procedemento abreviado (PA) no Xulgado de Instrución:** 5.755 cualificacións, con gran descenso interanual de -1.587, equivalente a máis da quinta parte (-21,61%), moi superior ao do ano anterior (-6,29%); e cunha porcentaxe do case a metade (48,18%) na totalidade, así como tamén case a metade (47,80%) da cantidade correlativa de procedementos tramitados (12.039). No ano 2016 rexistrárase un elevado aumento do 14,80% nas cualificacións deste tipo procedemental, debido á maior repercusión neste da aplicación do novo art. 284 LACrim. (reformado pola Lei 41/2015): descenso de incoacións nas DP e liberación de recursos que aumentan a actividade en PA.

A cantidade de cualificacións nos PA divídese en dúas cifras concretas:

- 5.488 (95,36%) cualificacións ante o Xulgado do Penal (XP), con acusado descenso de -1.548 (-22%) e unha porcentaxe do 45,945 do total de cualificacións (11.946).
- 267 (4,17%) cualificacións ante a Audiencia Provincial (AP), con descenso de -39 (-12,74%) e unha porcentaxe do 2,24%.

**3º. Sumarios (procedementos ordinarios) (SU):** 60 cualificacións, con descenso de -12 (-16,67%) e unha porcentaxe do só 0,502% no total, así como de máis dun terzo (33,33%) da cantidade correlativa de procedementos tramitados (180).

**4º. Procedementos do Tribunal do Xurado (PX):** 24 cualificacións, con aumento de 6 (33,33%) e unha porcentaxe do só 0,201% no número total, así como de 85,71% da cifra correlativa de procedementos tramitados (28).



### § 3. Datos particulares de cualificacións fiscais por provincias

#### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA CUALIFICACIÓN FISCAIS - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS - ANOS 2008-2018					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	6.116	1.389	1.524	5.234	14.263
2009	5.104	1.479	1.510	5.259	13.352
2010	5.678	1.463	1.678	4.943	13.762
2011	5.727	1.631	2.105	5.748	15.211
2012	4.991	1.553	2.150	5.689	14.383
2013	5.141	1.745	2.281	5.414	14.581
2014	4.890	1.640	1.891	5.421	13.842
2015	4.629	1.420	1.692	4.955	12.696
2016	5.741	1.543	1.617	5.022	13.923
2017	5.420	1.475	1.672	4.994	13.561
2018	4.654	1.287	1.445	4.560	11.946
V.I.	-766 (-14,13%)	-188 (-12,74%)	-227 (-13,58%)	-434 (-8,69%)	-1.615 (-11,91%)
% EN CIFRA TOTAL GALICIA	38,96%	10,77%	12,10%	38,17%	100%
% EN PROCEDEMENTOS TRAMITADOS EN PROVINCIA (SEN COMPUTAR XDL)	11,77% (de 39.523)	9,26% (de 13.895)	12,53% (de 11.533)	9,98% (de 45.680)	
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	5.281	1.511	1.779	5.204	13.775





## ■ Análise de datos

1º) *A Coruña*: 4.654, con descenso interanual de -766 (-14,13%) e unha porcentaxe do 38,96% da cifra total de Galicia (11.946), así como de 11,77% na cifra total de procedementos tramitados na provincia, sen contabilizar os XDL —en diante, CTPT sen XDL— (39.523). A media anual durante o período 2008-2018 é de 5.281 cualificacións. É a provincia con maior número de cualificacións en termos absolutos e en relación coa cifra total de Galicia. Distribución de cualificacións nesta provincia, por tipos de procedementos: PA, 2.514; DU, 2.103; SU, 25; e PX, 12.

2º) *Pontevedra*: 4.560, con descenso de -434 (-8,69%) e unha porcentaxe do 38,17% do total de Galicia, así como de 9,98% CTPT sen XDL (48.680). No período 2008-2018 a media anual foi de 5.204 cualificacións, similar á da provincia da Coruña. Distribución por tipos de procedemento: PA, 1.836; DU, 2.701; SU, 14; e PX, 9.

3º) *Ourense*: 1.445, con descenso de -227 (-13,58%) e unha porcentaxe do 12,10% na cifra total de Galicia, así como de 12,53% en CTPT sen XDL (11.533). Ten unha media anual de 1.779 cualificacións no período 2008-2018. Distribución por tipos de procedemento: PA, 636; DU, 801; SU, 6; e PX, 2.

4º) *Lugo*: 1.287, con lixeiro descenso de -18 (-12,74%) e unha porcentaxe do 10,77% da cifra total de Galicia, así como de 9,26% en CTPT sen XDL (13.895). No período 2008-2018 existiu unha media anual de 1.511 cualificacións. Distribución por tipos de procedementos: PA, 769; DU, 502; SU, 15; e PX, 1.



SECCIÓN 1.1.1.5.  
MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN

■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA SOLICITUDES DE PRISIÓN E MEDIDAS CAUTELARES - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
PETICIÓN FISCAL DE PRISIÓN SEN FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	256	64	74	207	601	522	79 (15,13%)
	NON ACORDADA	16	1	14	14	45	47	-2 (-4,25%)
PETICIÓN FISCAL DE PRISIÓN CON FIANZA	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	3	0	2	7	12	3	9 (300%)
	NON ACORDADA	1	0	1	1	3	4	-1 (-25,00%)
PETICIÓN FISCAL DE LIBERDADE	ACORDADA POR ÓRGANO XUDICIAL	129	1	3	272	405	387	18 (4,65%)
	NON ACORDADA	21	0	0	8	29	25	4 (16,00%)
TOTAL SOLICITUDES DE FISCAL (PRISIÓN/LIBERDADE)	ACORDADAS POR ÓRGANO XUDICIAL	388	65	79	486	1.018	912	106 (11,62%)
	NON ACORDADAS	38	1	15	23	77	76	1 (1,31%)
	TOTAL SOLICITUDES (ACORDADAS E NON ACORDADAS)	426	66	94	509	1.095	988	107 (9,77%)

■ Análise de datos

Brevemente cómpre dicir que conforme a estatística fiscal en 2018 houbo en Galicia 1.095 solicitudes do fiscal relativas a situación persoal (prisión/liberdade provisional) de inculpados, con aumento interanual de 107 (9,77%), das que o 92,97% foron acordadas polo órgano xudicial. As peticións de liberdade (434) representaron o 39,63% dese total (acordadas o 93,32% dos supostos). Pero a maior parte das peticións fórono de prisión, concretamente 661 (60,37%), a maior parte (90,92%) peticións de prisión sen fianza; case todas (613 =92,74%) foron acordadas polo órgano xudicial (601 prisión sen fianza e só 12 con fianza).



SECCIÓN 1.1.1.6.  
XUÍZOS

■ Exposición de datos

■ Datos xerais de xuízos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL - DATOS TOTAIS DE GALICIA (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICA XUDICIAL, PNX)			
		GALICIA 2018	% 2018
ANTE XULGADOS DE INSTRUCCIÓN (EN XUÍZO DELITOS LEVES), INCLUÍDOS XULGADOS VIOLENCIA SOBRE A MULLER	CELEBRADOS	9.472	70,14%
	SUSPENDIDOS	4.033	29,86%
	TOTAL SINALADOS	13.505	100%
ANTE XULGADOS DO PENAL (EN P. ABREVIADO, D. URXENTES E X. RÁPIDO)	CELEBRADOS	6.225	65,23%
	SUSPENDIDOS	3.318	34,77%
	TOTAL SINALADOS	9.543	100%
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL (EN P. ABREVIADO, P. ORDINARIO-SUMARIO, E P. XURADO)	CELEBRADOS	197	77,25%
	SUSPENDIDOS	58	22,75%
	TOTAL SINALADOS	255	100%
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		15.894	68,21%
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		7.409	31,79%
TOTAL XUÍZOS SINALADOS		23.303	100%

■ Datos particulares de xuízos celebrados con intervención do MF

-Resumo de xuízos celebrados con intervención do MF

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL RESUMO DE GALICIA (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICA XUDICIAL E ESTADÍSTICA FISCAL)		
	GALICIA 2018	% 2018
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS	15.894	100%
CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN MF	11.665	73,39%
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS	7.409	100%
SUSPENDIDOS CON INTERVENCIÓN MF	5.289	71,39%
TOTAL XUÍZOS SINALADOS	23.303	100%
SINALADOS CON INTERVENCIÓN MF	16.954	72,75%



## - Detalle de xuízos celebrados con intervención do Ministerio Fiscal

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICAS ANUAIS DE FISCALÍAS PROVINCIAIS)									
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	
ANTE XULGADOS DE INSTRUCCIÓN EN XUÍZOS DELITOS LEVES (XDL)	CELEBRADOS	978	796	930	2.343	5.047	7.555	-2.508 (-33,17%)	
	SUSPENDIDOS	42	387	230	351	1.010	822	188 (22,87%)	
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN MF)		1.020	1.183	1.160	2.694	6.057	8.377	-2.320 (-27,69%)	
ANTE XULGADOS DO PENAL EN P. ABREVIADOS E D. URXENTES X. RÁPIDO	CELEBRADOS	2.770	711	916	1.819	6.216	7.996	-1.780 (-22,26%)	
	SUSPENDIDOS	1.979	550	521	980	4.030	3.446	584 (19,75%)	
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN MF)		4.749	1.261	1.437	2.799	10.246	11.442	-1.196 (-10,45%)	
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADOS, SUMARIOS E P. XURADOS	CELEBRADOS	195	53	24	130	402	453	-51 (-11,26%)	
	SUSPENDIDOS	96	28	20	105	249	161	88 (54,66%)	
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN MF)		291	81	44	235	651	614	37 (6,03%)	
ANTE TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA	CELEBRADOS					0	0	0	
	SUSPENDIDOS					0	0	0	
TOTAL SINALADOS (CON INTERVENCIÓN MF)						0	0	0	
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		3.943	1.560	1.870	4.292	11.665	16.004	-4.339 (-27,11%)	
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		2.117	965	771	1.436	5.289	4.429	860 (19,42%)	
TOTAL XUÍZOS SINALADOS (CON INTEVENCIÓN MF)		6.060	2.525	2.641	5.728	16.954	20.433	-3.479 (-17,03%)	



## ■ **Análise de datos**

### ■ ***Datos xerais de 2018***

Conforme a estatística fiscal, en 2018 o número de xuízos penais celebrados (por delito) coa intervención do MF situouse en 11.665, con gran descenso interanual de -4.339, equivalente a máis da cuarta parte (-27,11%).

### ■ ***Valoración de datos***

Diciamos na memoria do ano anterior que, de forma semellante ás cualificacións fiscais, parecía que tras as últimas reformas legais (Lei 41/2015 e LO 1/2015) a cifra total de xuízos celebrados coa intervención do MF tendía a normalizarse e asentarse por volta dos 16.000. (Tales reformas supuxeran un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos —sobre todo DP— coa conseguinte liberación de recursos para posibilitar o aumento da actividade xudicial e fiscal —particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos—).

Malia esta tendencia, observamos en 2018 ese gran descenso de -27,11%. Este dato contrasta cos aumentos dos anos precedentes, concretamente 50,89% en 2016 (case a metade pola emerxencia do novo XDL), e un levisimo 0,83% en 2017. Este marcado descenso de 2018 moi probablemente é atribuíble á repercusión da folga funcional en Galicia entre febreiro e maio deste ano.



*SECCIÓN 1.1.1.7.**SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS*

Facemos aquí un repaso dos datos de sentenzas segundo a estatística das fiscalías territoriais de Galicia referida ao ano 2018.

### § 1. Datos globais de sentenzas (por delito)

#### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO - DATOS TOTAIS GALICIA - PERÍODO ANOS 2008-2018				
ANO	TOTAL SENTENZAS	TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
2008	13.544	1.636	11.908	8.607
2009	14.034	1.499	12.535	9.463
2010	13.573	1.621	11.952	8.688
2011	15.065	1.613	13.452	9.609
2012	14.305	1.542	12.763	9.173
2013	13.699	1.540	12.159	8.129
2014	13.797	1.547	12.250	8.998
2015	15.646	2.620	13.026	9.051
2016	20.115	5.009	15.106	9.278
2017	20.798	4.920	15.878	9.560
2018	17.035	3.865	13.170	8.434
V.I.	-3.763 (-18,09%)	-1.055 (-21,44%)	-2.708 (-17,05%)	-1.126 (-11,78%)
% DO TOTAL DE SENTENZAS	100%	22,69%	77,31%	56,12%
% DE SENTENZAS CONDENATORIAS			100%	64,04%
% DO TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (132.454)	12,86%	2,92%	9,94%%	6,37%
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	15.601	2.492	13.109	8.999
% MEDIAS ANUAIS 2008-2018 PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (239.135)	6,52%	1,04%	5,48%	3,76%



## P. ORDINARIOS (SUMARIOS) - GALICIA 2018 - DATOS TOTAIS

TOTAL SENTENCIAS	17.035
ABSOLUTORIAS	3.865
CONDENATORIAS	13.170
CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE	8.434

### ■ Análise de datos

#### ■ Datos totais de sentenzas no período 2008-2018

Durante ese período o número total de sentenzas recollidas na estatística fiscal mostra bastante estabilidade, salvo o aumento dos últimos anos (pola irrupción do novo XDL). A media anual nese ciclo é de 15.601 sentenzas, cunha porcentaxe media anual de 6,52% na media anual equivalente de procedementos tramitados (239.135). A media anual de sentenzas absolutórias é de 2.492 (15,97% do total); 13.109 (84,03%) as condenatorias; e 8.999 (57,68%) as condenatorias por conformidade do acusado.

Entre o inicio e o final de período apréciase un aumento de 3.491 (25,78%) —era 53,56% na memoria anterior—, atribuíble á emerxencia das sentenzas dos novos XDL polas reformas legais de 2015. Sen contar os datos dese novo procedemento (5.307 en 2018), a diferenza sería dun leve aumento de -1.816 (-13,41%).

#### ■ Datos totais de sentenzas no ano 2018

##### - Datos xerais

A teor da estatística fiscal, en 2018 constan 17.035 sentenzas por delito <sup>37</sup>, con apreciable descenso interanual de 3.763 equivalente a -18,09%, datos moi diferentes aos de anos anteriores (aumentos de 3,39% en 2017 e de 28,56% en 2016). A dita cantidade total de 17.035 representa o 12,86% (15,21% no ano anterior) dos procedementos tramitados este ano (132.454), próximo ao equivalente de 10,80% das cualificacións respecto dos procedementos tramitados (sen contabilizar os XDL).

Segundo a mesma fonte fiscal, a *ratio* de delito/sentenza condenatoria sería, en principio, unha insuficiente de 0,93 (menos de 1 delito/sentenza), dado que hai un total de 12.270





delitos asociados a un total de 13.170 sentenzas condenatorias. Pero como non constan na estatística fiscal os delitos asociados a sentenzas condenatorias no XDL (son 2.643 en 2018), a *ratio* referida resultaría ser unha correcta de 1,13 (14.913 delitos/13.170 sentenzas condenatorias).

- *Valoración de datos*

De forma semellante ao acontecido coas cualificacións fiscais e os xuízos celebrados con asistencia do fiscal, as reformas legais de 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015) parecen ter repercutido nas sentenzas ditadas, pola liberación de recursos lograda, con tendencia a estabilizarse ao redor de 20.500.

A pesar desta tendencia, observamos en 2018 ese descenso de -18,09% no número de sentenzas. Este dato contrasta cos aumentos dos anos anteriores, tras a emerxencia do novo XDL; concretamente, 28,56% en 2016 e 3,39% en 2017. Este descenso das sentenzas, ao igual que o reflectido nas cualificacións (-11,91%) e os xuízos celebrados con asistencia do fiscal (-27,11%), probablemente é atribuíble á repercusión da folga do funcionariado xudicial de Galicia entre os meses de febreiro e maio de 2018.

## § 2. Datos particulares de sentenzas por provincias

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA -SENTENZAS POR DELITO - GALICIA 2018 DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS			
PROVINCIA	CIFRA SENTENZAS	V.I.	PORCENTAXE (%)
A CORUÑA	5.397	-2.588 (-32,41%)	31,68%
LUGO	1.949	-260 (-11,77%)	11,44%
OURENSE	2.501	-185 (-6,89%)	14,68%
PONTEVEDRA	7.188	-730 (-9,22%)	42,20%
TOTAL GALICIA	17.035	-3.763 (-18,09%)	100%



### § 3. Datos particulares de sentenzas por sentido da resolución (absolutorio/condenatorio)

#### ■ Exposición de datos

DEMANDAS PRESENTADAS	<b>583</b>	<b>397</b>	<b>259</b>	<b>371</b>	<b>1.610</b>	1.192	35,06%
SENTENZAS ACOLLEDORAS DITADAS NO ANO	218	100	172	195	<b>685</b>	812	-15,64%
SENTENZAS DESACOLLEDORAS DITADAS NO ANO	4	2	2	0	<b>8</b>	25	-68%
TOTAL SENTENZAS	222	102	174	195	<b>693</b>	837	-17,20%
DEMANDAS PRESENTADAS POLOS PARTICULARES	213	34	109	169	<b>525</b>	1.859	-71,75%
TOTAL DEMANDAS PRESENTADAS (POR FISCAL E PARTICULARES)	<b>796</b>	<b>431</b>	<b>368</b>	<b>540</b>	<b>2.135</b>	2.451	-12,89%





**SECCIÓN 1.2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA**

Trátase da actividade na orde civil desenvolvida pola Fiscalía autonómica ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia.

### ■ Exposición de datos

<b>PROCEDEMENTOS XUDICIAIS CIVÍS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL - ANO 2018</b>			
	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>V.I.</b>
PROCEDEMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA	15	16	-6,3%
DITAMES EMITIDOS	15	16	-6,3%
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDOS	0	0	0%
RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	0%

### ■ Análise de datos

#### ■ Procedementos civís ingresados na Fiscalía

<b>TIPOS DE PROCEDEMENTOS CIVÍS INGRESADOS NA FISCALÍA - ANO 2018</b>	
RECURSOS DE CASACIÓN EN MATERIA DE DEREITO CIVIL FORAL OU ESPECIAL DE GALICIA	5
CUESTIÓNS DE COMPETENCIA	13
DILIXENCIAS PREPROCESUAIS CIVÍS	92

#### ■ Intervención do MF: ditames; xuízos e vistas; e recursos de casación

- Ditames. Efectuáronse en 2018 un total de 15 ditames de competencia en materia civil, un menos que o ano anterior.
- Xuízos e vistas. O fiscal non asistiu a xuízo ou vista civil ningunha.
- Recursos de casación. Non consta ningún interposto polo fiscal en 2018.



### SECCIÓN 1.3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

#### SECCIÓN 1.3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os datos e información recollida a continuación constitúen un resumo das táboas estatísticas relativas á área contencioso-administrativa.

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	2018	2017	V.I.
		CORUÑA						
DITAMES DE COMPETENCIA		141	17	41	238	437	471	-7,21%
DEREITOS FUNDAMENTAIS	CONTESTACIÓNS A DEMANDA	7	0	2	21	30	8	275%
	INCIDENTES SUSPENSIÓN	0	0	0	0	0	0	0%
	VISTAS	2	0	2	7	9	6	50%
MATERIA ELECTORAL		0	0	0	0	0	0	0%
ENTRADAS EN DOMICILIO		20	30	7	23	80	53	50,94%
OUTROS		28	125	0	200	353	691	-48,91%



### SECCIÓN 1.3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Trátase da actividade desenvolvida pola Fiscalía autonómica ante a Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, composta de catro seccións.

#### ■ Exposición de datos

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL - ANO 2018			
	ANO 2018	ANO 2017	V.I.
PROCEDEMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA	324	171	89,47%
INFORMES DE COMPETENCIA EMITIDOS	269	139	93,52%
VISTAS ASISTIDAS	2	2	0%
RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	0%

#### ■ Análise de datos

##### ■ *Procedementos contencioso-administrativos ingresados na Fiscalía*

Segundo resulta da estatística fiscal, consta que no ano 2018 ingresaron en Fiscalía un total de 324 procedementos contencioso-administrativos do TSX (independentemente da data da súa incoación no TSX), o que supón un aumento interanual de 153 (89,47%). No seguinte cadro refléctese a distribución por materias dos asuntos ingresados en 2018.

TIPO DE PROCEDEMENTOS XUDICIAIS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS INGRESADOS NA FISCALÍA – ANO 2018	
MATERIA	
DEREITO REUNIÓN	0
DEREITOS FUNDAMENTAIS	22
PROCEDEMENTO ELECTORAL	0
OUTROS (P. ORDINARIO, APELACIÓNS E CUESTIÓNS DE COMPETENCIA)	302
TOTAL	324

##### ■ *Intervención do MF: ditames; xuízos e vistas; e recursos de casación.*

- Ditames emitidos (informes de competencia). Consta, segundo a estatística fiscal de 2018, un total de 269 informes sobre competencia emitidos, cun aumento de 130 (93,52%).
- Vistas asistidas. Segundo a estatística fiscal, constan dúas vistas con asistencia do fiscal en 2018, o mesmo que o ano anterior.
- Recursos de casación interpostos. Non consta ningún recurso de casación interposto polo Ministerio Fiscal.



## SECCIÓN 1. 4. ÁREA SOCIAL

SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Nun primeiro apartado faise referencia á actividade da área do social ou laboral nas fiscalías provinciais de Galicia, e nunha segunda abórdase a actividade da mesma área na Fiscalía da CA de Galicia.

### SECCIÓN 1.4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os datos e información recollidos a continuación constitúen un resumo das táboas estatísticas relativas á área contencioso-administrativa.

#### ACTUACIÓN SOCIAL OU LABORAL FISCALÍAS PROVINCIAIS GALICIA - RESUMO ANO 2018

DITÁMENES COMPETENCIA	264
JUICIOS	339
EXECUCIÓNS	33



### SECCIÓN 1.4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

Trátase da actividade desenvolvida pola Fiscalía autonómica ante a Sala do Social do TSX de Galicia.

#### ■ Exposición de datos

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS SOCIAIS OU LABORAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL - ANO 2018			
	2018	2017	V.I.
INFORMES DE COMPETENCIA	10	7	42,9%
PROCEDEMENTOS ÚNICA INSTANCIA. DITAMES	10	5	100%
PROCEDEMENTOS ÚNICA INSTANCIA. VISTAS	8	8	0%
RECURSOS DE SUPPLICACIÓN. DITAMES	9	15	-40%
RECURSOS DE UNIFICACIÓN DE DOCTRINA (INTERPOSICIÓN DE PARTE)	59	--	--
RECURSOS DE UNIFICACIÓN DE DOCTRINA	0	0	0%
SENTENZAS EN RECURSO DE SUPPLICACIÓN (NOTIFICADAS AO MINISTERIO FISCAL)	4.405	-	-

#### ■ Análise de datos

##### ■ Intervención do Ministerio Fiscal: ditames; xuízos e vistas; e recursos de casación

- Ditames emitidos. De acordo coas propias fontes de Fiscalía, foron emitidos en 2018 un total de 29 ditames, dous máis que o ano anterior; distribuídos entre 10 ditames en cuestións de competencia, outros 10 en procedementos de única instancia e 9 en recursos de suplicación.
- Xuízos e vistas con asistencia. Segundo a estatística fiscal, a cifra é de 8 vistas coa asistencia do MF, igual que o ano anterior.
- Recursos interpostos. Non consta ningún interposto polo MF, se ben a estatística reflicte a cifra de 59 por instancia de parte en unificación de doutrina e 9 de suplicación.
- Por último, constan 4.405 sentenzas notificadas á Fiscalía.



## SECCIÓN 2. ÁREAS ESPECIALIZADAS

### SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

#### 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA

#### 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO

### SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL

### SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)

### SECCIÓN 2.4. ÁREA ESPECIALIZADA DE ESTRANXEIRÍA

### SECCIÓN 2.5. ÁREA ESPECIALIZADA DE SEGURIDADE VIARIA

### SECCIÓN 2.6. ÁREA ESPECIALIZADA DE MENORES

### SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

### SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS INFORMÁTICOS

### SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL

### SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

### SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS

### SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN (“DELITOS DE ODIO”)

## SECCIÓN 2.1. ÁREA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

### INTRODUCCIÓN: A VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)

Dentro do concepto total de violencia familiar ou intrafamiliar (a que se produce entre membros dunha mesma familia) hai que considerar dúas clases de violencia:

- *Violencia doméstica.* É todo acto de violencia producida no ámbito familiar, excluída a de xénero ou sobre a muller.
- *Violencia de xénero.* Constitúe a violencia física, psicolóxica ou sexual que o home exerza sobre a muller, no ámbito dunha relación de parella ou exparella —conxugal ou de feito—, aínda sen convivencia; e que constitúe manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres (LOVX, Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero).



ÁREA ESPECIALIAZADA DE VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	
FISCALÍA	FISCAL DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. FERNANDO QUIROGA MARTÍNEZ (Fiscal delegado provincial, destinado na Fiscalía Provincial - FP- da Coruña). Ten categoría de FISCAL DECANO.
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. <sup>a</sup> ÁUREA MARTÍNEZ DE LA FUENTE (Fiscala delegada provincial, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. JULIÁN PARDINAS SANZ (Fiscal delegado provincial, destinado na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> ROSALINA CARRERA COTADO, fiscala delegada provincial de Pontevedra e actual Fiscala Delegada Autonómica na materia
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	<p>PONTEVEDRA: D. ALBERTO VALLE PAVÓN (Fiscal de enlace, destinado na Sección Territorial -ST- de Cambados)</p> <p>SANTIAGO: D.<sup>a</sup> PILAR FERNÁNDEZ PÉREZ (Fiscala de enlace, destinada na referida Fiscalía)</p>



### 2.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA

De forma sintetizada recóllense nas seguintes táboas os datos e información estatística en materia de violencia doméstica (VD), a partir dos datos contidos nas estatísticas anuais relativas ao ano 2018 das fiscalías provinciais de Galicia.

#### § 1. Procedementos incoados

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA PROCEDEMENTOS INCOADOS - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2018	ANO 2017	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	% 2018
XUÍZOS RÁPIDOS - DILIXENCIAS URXENTES- (DU)	44	106	-58,50%	4,13%
DILIXENCIAS PREVIAS DE PA (DP)	877	965	-9,11%	82,42%
PROCEDEMENTO ABREVIADO (PA)	140	216	-39,18%	13,15%
SUMARIO (SU)	1	0	1 (100%)	0,09%
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO)	1	2	-50%	0,09%
PROCED. XURADO INSTRUCCIÓN (PXI)	1	2	-50%	0,09%
PROCED. XURADO AUDIENCIA (PXA)	0	0	0	0
<b>TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS</b>	<b>1064</b>	<b>1.291</b>	<b>-17,50%</b>	<b>100%</b>

#### § 2. Delitos asociados aos procedementos (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA NATUREZA DA INFRACCIÓN PENAL (DELITOS) - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
DELITOS	INCOADOS	CUALIFICADOS	SENTENZAS	
			CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
ASASINATO CONSUMADO	0	0	0	0
ASASINATO INTENTADO	0	0	0	0
HOMICIDIO CONSUMADO	0	0	0	0
HOMICIDIO INTENTADO	0	0	0	0
LESIÓNS	63	35	21	12
MALTRATO OCASIONAL ART. 153.1 CP	663	221	53	78
MALTRATO HABITUAL 173.2 CP	205	44	19	11
ACOSO FAMILIAR 172 TER CP	5	3	1	0
DETENCIÓN ILEGAL	0	0	0	0
AMEAZAS 171.4 CP	24	25	5	11

Continúa na páxina seguinte





Vén da páxina anterior

COACCIÓNS 172.2 CP	6	4	1	2
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL 173.1 CP	2	0	0	0
VIOLACIÓN	0	0	0	0
ABUSOS SEXUAIS	1	0	4	0
OUTRA AGRESIÓN SEXUAL	0	0	0	0
VIOLACIÓN DE DOMICILIO	0	0	1	0
QUEBRANTAMENTO DE MEDIDA CAUTELAR/ CONDENA	57	42	24	12
FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	0	1	1	0
DESCUBRIMENTO OU REVELACIÓN DE SEGREDOS ART. 197.1 CP	0	1	0	0
<b>TOTAL DELITOS 2018</b>	<b>1.026</b>	<b>378</b>	<b>130</b>	<b>115</b>
<b>TOTAL DELITOS 2017</b>	<b>1.055</b>	<b>378</b>	<b>129</b>	<b>105</b>
V.I.	-2,74%	0	0,77%	9,52%
<b>DELITOS LEVES</b>				
<b>DELITOS LEVES</b>	<b>INCOADOS</b>	<b>SENTENZAS</b>		
		<b>CONDENATORIAS</b>	<b>CONDENATORIAS CONFORMIDADE</b>	
AMEAZAS 171 CP	27	0	0	
COACCIÓNS 172 CP	10	0	0	
OUTROS	13	0	0	
<b>TOTAL DELITOS LEVES 2018</b>	<b>50</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	
<b>TOTAL DELITOS LEVES 2017</b>	<b>30</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	
V.I.	66,66%	0	0	

### § 3. CUALIFICACIÓNS FISCAIS

<b>ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA CUALIFICACIÓNS FISCAIS - DATOS TOTAIS GALICIA</b>	
ANO 2018	<b>417</b>
ANO 2017	<b>433</b>
V.I.	-3,69%



#### § 4. Sentenzas

<b>ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA DATOS TOTAIS GALICIA - SENTENZAS</b>	
<b>TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS + ABSOLUTORIAS)</b>	
ANO 2018	248
ANO 2017	231
V.I.	7,35%
<b>SENTENZAS CONDENATORIAS</b>	
ANO 2018	173
ANO 2017	89
V.I.	94.38%
<b>SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE</b>	
ANO 2018	104
ANO 2017	90
V.I.	15,55%
<b>SENTENZAS ABSOLUTORIAS</b>	
ANO 2018	75
ANO 2017	142
V.I.	-47,18%

#### § 5. Parentesco da vítima co agresor

<b>ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA PARENTESCO DA VÍTIMA CO AGRESOR -DATOS TOTAIS DE GALICIA</b>				
	<b>2018</b>	<b>2017</b>	<b>V.I.</b>	<b>% 2018</b>
CÓNXUXE	47	49	-4,08%	4,74%
EXCÓNXUXE	28	28	0	2,82%
PARELLA DE FEITO	36	43	-18,27%	3,63%
EX PARELLA DE FEITO	39	36	8,33%	3,93%
FILLOS	346	437	-20,82%	34,91%
PROXENITORES	170	209	-18,66%	17,15%
NETOS E OUTROS DESCENDENTES	86	117	-26,49%	8,67%
AVÓS E OUTROS ASCENDENTES	9	10	-10%	0,90%
PERSOA VULNERABLE QUE CONVIVA CO AGRESOR	3	1	200%	0,30%
OUTROS PARENTES	227	136	66,91%	22,90%
<b>TOTAL</b>	<b>991</b>	<b>1.066</b>	<b>-7,03 %</b>	<b>100%</b>



## § 6. Medidas cautelares. Ordes de protección

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DOMÉSTICA MEDIDAS CAUTELARES - ORDES DE PROTECCIÓN - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
	ANO 2018	ANO 2017	V.I.	% 2018
PRISIÓN PROVISIONAL (ART. 503 LACrim)	6	16	-62,5%	9,09%
ORDE DE AFASTAMENTO (ART. 544 bis LACrim)	63	66	-4,54%	95,45%
<b>TOTAL MEDIDAS CAUTELARES</b>	<b>66</b>	<b>82</b>	<b>-19,51%</b>	<b>100%</b>
<b>ORDES DE PROTECCIÓN - OP (ART. 544 TER LACrim)</b>				
INCOADAS (SOLICITADAS)	107	104	0,02%	
ADOPTADAS	61	65	-6,15%	
ADOPTADAS SÓ CON MEDIDAS PENAIS	55	62	-11,29%	
ADOPTADAS CON MEDIDAS CIVÍS E PENAIS	6	2	200%	
ADOPTADAS SÓ CON MEDIDAS CIVÍS	0	1	-100%	
DENEGADAS	45	31	45,16%	



## 2.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO

### § 1. ESTATÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

#### § 1. TEMAS E CUESTIÓN DE INTERESE


## § 1. ESTATÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Realizamos aquí un exame dos datos propios das estatísticas anuais de 2018 das fiscalías provinciais de Galicia. Só nalgúns casos concretos se utilizan tamén, como fontes complementarias ou aclaratorias, outras fontes xudiciais ou administrativas, supostos en que así se indica.

### § 1.1. Poboación feminina e denuncias

#### ■ Datos do período 2008-2018

Os datos de Galicia e do conxunto de España durante ese período son os reflectidos no seguinte gráfico, de elaboración propia a partir da estatística xudicial (CXPX e PNX). A cifra media en Galicia é de 5.590 denuncias anuais, cunha porcentaxe do 4,01% con respecto á correlativa cifra estatal (139.206). Entre o inicio e o final do período apréciase un lixeiro aumento de 578 (9,70%) en Galicia, e de 24.836 (17,47%) no conxunto de España.



## ■ Datos do ano 2018

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
POBOACIÓN FEMININA, DENUNCIAS E RENUNCIAS FORMULADAS (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL E ADMINISTRATIVA)				
	GALICIA	ESPAÑA	PORCENTAXE	% DATOS GALICIA EN TOTAL ESPAÑA
POBOACIÓN FEMININA	1.401.134 (1.353.474 ESPAÑOLAS; 47.660 ESTRANXEIRAS)	23.826.378 21.465.565 ESPAÑOLAS; 2.360.813 ESTRANXEIRAS	100%	5,88%
DENUNCIAS FORMULADAS	6.537 (101=1,57%)	166.961 (698=0,42%)	100%	3,92%
RATIO DE DENUNCIAS/ 10.000 MULLERES	46,65	70,07		
RENUNCIAS Á CONTINUACIÓN DO PROCESO	378 (-24=-0,75%)	17.347 (883=5,36%)	100%	2,18 %
RATIO DE RENUNCIAS/ DENUNCIAS	5,78%	10,39%		

### POBOACIÓN FEMININA E DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO GALICIA 2018

POBOACIÓN FEMININA GALICIA

1.401.134

DENUNCIAS VX GALICIA

6.537

### ■ Análise de datos

- Poboación feminina: 1.401.134 mulleres en Galicia, cun descenso interanual de -2.813 (0,20%) e unha porcentaxe do 5,88% na cantidade equivalente de toda España (23.739.271) e algo máis da metade (51,86%) da poboación total de Galicia (2.701.746). Por nacionalidade, a distribución da poboación galega feminina en 2018 é a seguinte: 1.353.474 españolas (96,60% total) e 47.660 estranxeiras (3,40%).



- Denuncias: 6.537 denuncias en Galicia, con lixeiro aumento interanual de 101, equivalente a 1,57% (13,72% ano anterior) e unha porcentaxe do 3,92% no total estatal (166.961).

- Renuncias á continuación do proceso: 378, cun descenso de -24 (-0,75%) e unha porcentaxe do 2,18% no total de España (17.347). A *ratio* galega de renuncias/denuncias foi de 5,78%, claramente inferior á media estatal (10,39%). Por razón de nacionalidade, a renuncia foi formulada en Galicia por 306 mulleres españolas (80,95% do total de renunciante), mentres que estranxeiras foron 72 (19,05%); as cifras correlativas de España son: 11.106 españolas (64,02%) e 6.241 estranxeiras (35,98%).

## § 1.2. Datos xerais de mulleres vítimas

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO - DATOS TOTAIS GALICIA					
NÚMERO DE MULLERES (E MENORES) VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE ESTADÍSTICA XUDICIAL E ADMINISTRATIVA)					
	GALICIA	PORCENTAXE	ESPAÑA	%	% DATOS GALICIA EN DATOS ESPAÑA
TOTAL MULLERES VÍTIMAS	6.183 (182=3,03%)	100%	158.590 (373=0,24%)	100%	3,90%
DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA	5.110 (74=1,47%)	82,65%	108.686 (-1,29%)	68,53%	4,70%
DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA	1.073 (108=11,19%)	17,35%	49.904 (1.794=3,73%)	31,47%	2,15%
MULLERES FALECIDAS	3 (1=50%)		47 (-4=-7,84%)	100%	6,38%
MENORES FALECIDOS	0 (-1=-100%)		3 (-5)	100%	0%

### VIOLENCIA DE XÉNERO - GALICIA 2018 - MULLERES VÍTIMAS - MENORES FALECIDOS

MULLERES VÍTIMAS VX	6.183
MULLERES FALECIDAS VX	3
MENORES FALECIDOS VX	0



### ■ *Análise de datos*

Segundo a estatística xudicial (CXPX e PNX) houbo en Galicia durante 2018 un total de 6.183 mulleres vítimas de VX (mulleres vítimas nas denuncias formuladas), cun incremento interanual de 182, equivalente ao 3,03% (7,75% ano anterior) e unha porcentaxe do 3,90% na cifra equivalente total de España (158.590). A distribución desa cifra de vítimas por nacionalidade é a seguinte: 5.110 españolas, cun aumento de 74 (1,47%) e unha porcentaxe do 82,65% no total; e 1.073 estranxeiras, con incremento de 108 (11,19%) e unha porcentaxe do 17,35%. Se poñemos en relación estas cifras de vítimas coas de poboación feminina segundo nacionalidade, resulta que as mulleres españolas vítimas de VX en Galicia en 2018 (5.110) supoñen unha porcentaxe do 0,377% do total de mulleres nacionais da nosa CA (1.353.474); mentres que as 1.073 vítimas estranxeiras representan un superior 2,251% sobre a respectiva cifra de poboación feminina (47.660). É dicir, en termos absolutos as vítimas de nacionalidade española supoñen unha cifra que é 4,76 veces maior que a das estranxeiras; pero, en termos relativos, en relación coa poboación por nacionalidade, as mulleres vítimas estranxeiras representan unha cifra 16,75 veces maior que a correlativa das de nacionalidade española.

### § 1.3. Datos particulares de mulleres mortas por VX (homicidio/asasinato). Menores falecidos


Especial mención debe facerse á cifra concreta de mulleres falecidas por VX, como expresión máis trágica deste grave fenómeno delituoso. Contrastando as distintas fontes (fiscais, xudiciais e administrativas), realízanse as seguintes exposición e análise de datos.

### ■ *Exposición de datos*

VIOLENCIA DE XÉNERO - PERÍODO ANOS 2008 A 2018 - DATOS TOTAIS DE GALICIA E ESPAÑA													
MULLERES MORTAS ÁS MANS DA SÚA PARELLA OU EXPARELLA -													
MENORES FALECIDOS POR VX													
DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA													
(A PARTIR DE INFOME 2015 VIOLENCIA DE XÉNERO DE SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E DE INFORMES 2015 DA DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA A VIOLENCIA DE XÉNERO (SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE DO MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE)													
ANO	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	V.I.	% 2018
MULLERES MORTAS POR VX EN GALICIA	7	3	2	3	4	3	6	8	4	2	3	-1 (-33,33%)	6,38%
MULLERES MORTAS POR VX EN ESPAÑA	76	56	73	62	52	54	54	60	49	51	47	-4 (-7,84%)	100%
MENORES MORTOS POR VX EN GALICIA	-	-	-	-	-	0	0	0	0	1	0	-1 (-100%)	0%
MENORES MORTOS POR VX EN ESPAÑA	-	-	-	-	-	6	4	5	1	8	3	-5 (-166,67%)	100%



## VIOLENCIA DE XÉNERO - GALICIA E ESPAÑA ANOS 2008 A 2018 EVOLUCIÓN DE CIFRA DE MULLERES MORTAS



### ■ Análise de datos

#### - Datos totais do período 2008 a 2018

Ao longo do período mencionado constan as cifras oficiais arriba expresadas de mulleres falecidas por VX, cunha cifra media anual de 3,78 mortes en Galicia e de 55,22 no conxunto de toda España. Entre o inicio e o final do período obsérvase en Galicia un descenso de -4 (57,14%), así como de -29 (-38,16%) no ámbito estatal.

#### - Datos do ano 2018

Segundo as fontes oficiais que manexamos, neste último ano consta a cifra de 3 mulleres falecidas por VX con aumento interanual de 1 (50%) e unha porcentaxe de 6,38% na cifra estatal, que foi de 47, con descenso de -4 (-7,84%). A de 8 vítimas mortais no ano 2015 fora a máis alta desde 1999, pero reduciuse sobre 2/3 en 2016. En todo caso as 3 vítimas de Galicia en 2018 está preto da media estatal das dezasete CC. AA. e as dúas cidades autónomas (2,47). Conforme á nova normativa, tamén se computan como vítimas de VX aos menores. En 2018 non houbo ningunha vítima menor en Galicia, con descenso interanual de -1 (-100%); fronte á cifra estatal que foi de 3, con descenso de -5 (-62,50%).






## § 1.4. Procedementos incoados

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO DATOS TOTAIS GALICIA - PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO)					
TIPO PROCEDEMENTO	ANO 2018	ANO 2017	V.I.	% 2018	% NO TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS
DILIXENCIAS URXENTES (DU)	2.082	1.979	5,20%	28,63%	28,63%
XUÍZOS RÁPIDOS (XR)	263	322	-18,32%	3,61%	3,61%
DILIXENCIAS PREVIAS EN XULGADO INSTRUCCIÓN (DP)	4.111	4.145	-0,82%	56,53%	56,53%
PROCEDEMENTO ABREVIADO EN XULGADO PENAL (PA)	788	1.084	-27,30%	10,83%	10,83%
SUMARIOS EN XULGADO INSTRUCCIÓN (SU)	10	6	66,66%	0,13%	0,13%
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO) EN AUDIENCIA PROVINCIAL	5	12	-58,33%	0,06%	0,06%
PROCEDEMENTO DO XURADO EN XULGADO INSTRUCCIÓN (PXI)	7	1	600%	0,09%	0,09%
PROCEDEMENTO DO XURADO EN AUDIENCIA PROVINCIAL (PXA)	5	5	0	0,06%	0,06%
<b>TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS</b>	<b>7.271</b>	<b>7.554</b>	<b>-3,74%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

VIOLENCIA DE XÉNERO - GALICIA 2018  
PROCEDEMENTOS INCOADOS - RESUMO ESTADÍSTICA FISCAL



## § 1.5. Cualificacións fiscais

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO - DATOS TOTAIS GALICIA CUALIFICACIÓNIS FISCAIS			
	ANO 2018	ANO 2017	V.I.
CUALIFICACIÓNIS FISCAIS FORMULADAS	2.204	2.371	-167 (-7,04%)
% RESPECTO DE CIFRA TOTAL DE CUALIFICACIÓNIS EN GALICIA	18,45% (RESPECTO DE 11.946)	17,48% (RESPECTO DE 13.561)	
% NOS PROCEDEMENTOS INCOADOS EN VIOLENCIA XÉNERO	30,31% (RESPECTO DE 7.271)	31,88% (RESPECTO DE 7.554)	

### VIOLENCIA DE XÉNERO 2018 - CUALIFICACIÓNIS FISCAIS DATOS XERAIS

TOTAL CUALIFICACIÓNIS	2.204
% NO TOTAL DE CUALIFICACIÓNIS	18,45%
RATIO ESPECÍFICA CUALIFICACIÓNIS VX PROCEDEMENTOS INCOADOS VX	30,31%


### ■ Análise de datos

Segundo a estatística fiscal de 2018 figura o total de 2.204 cualificacións fiscais efectuadas en materia de VX, cun descenso interanual de 167 (7,04%), así como unha apreciable porcentaxe do 18,45% respecto do total de cualificacións en Galicia no mesmo ano (11.946): 1,85 de cada 10 cualificacións fiscais en Galicia en 2018 fórono por VX. A distribución das cualificacións por provincias é a seguinte: A Coruña, 975 (44,24% do total); Lugo, 262 (11,89%); Ourense, 280 (12,70%); e Pontevedra, 687 (31,17%).

*Ratio* das cualificacións (2.204) respecto dos procedementos incoados (7.271). Esta *ratio* equivale en 2018 a un 30,31%: 3,03 de cada 10 procedementos incoados sobre VX son obxecto de cualificación fiscal, *ratio* superior á media xeral do 0,90% (cualificacións/procedementos tramitados).



## ESTADÍSTICA FISCAL 2018 - VIOLENCIA DE XÉNERO CALIFICACIÓNS - DATOS GLOBAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA



### § 1.6. Sentenzas

<b>ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO DATOS TOTAIS GALICIA SENTENZAS</b>			
	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2017</b>	<b>VARIACIÓN INTERANUAL</b>
<b>TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS + ABSOLUTORIAS)</b>	<b>1.318</b>	<b>1.485</b>	-11,24%
<b>SENTENZAS CONDENATORIAS</b>	<b>984</b>	<b>1.059</b>	-7,08%
<b>SENTENZAS CONDENATORIAS SEN CONFORMIDADE</b>	<b>336</b>	<b>463</b>	-27,42%
<b>SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE</b>	<b>648</b>	<b>596</b>	8,72%
<b>SENTENZAS ABSOLUTORIAS</b>	<b>334</b>	<b>426</b>	-21,59%

### § 1.7. Delitos asociados aos procedementos xudiciais (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

#### ■ Resumo xeral dos delitos

#### ■ Resumo xeral de delitos (incoados, cualificados e sentenciados)

- Delitos incoados: 5.761 fronte a 6.075 do ano anterior, cun descenso interanual de 314 (9,16%).
- Delitos cualificados: 1.896 fronte aos 2.032 do ano 2017, cun descenso de 136 (6,69%) e unha porcentaxe do 32,91% na cifra equivalente de delitos incoados (5.761).
- Delitos sentenciados: 1.365 fronte aos 1.386 de 2017, cun descenso de 21 (1,51%).



■ **Resumo particular dos delitos máis representativos cuantitativamente**

<b>VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2018 DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE</b>				
	<b>TIPO DE DELITO</b>	<b>CIFRA</b>	<b>V.I.</b>	<b>%</b>
1º	MALTRATO OCASIONAL	3.642		63,21%
2º	MALTRATO HABITUAL	935		16,22%
3º	QUEBRANTAMENTO MEDIDA CAUTELAR/CONDENA	660		11,45%
4º	AMEAZAS	195		3,38%
5	LESIÓNS	91		1,57%
6º	ACOSO FAMILIAR	76		1,31%
7º	FALTA DE PAGAMENTO DE PENSÍONS	66		1,14%
<b>SUBTOTAL</b>		<b>5.665</b>		
	RESTO DELITOS	96		
<b>TOTAL</b>		<b>5.761</b>		

<b>VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2018 DELITOS CUALIFICADOS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE</b>				
	<b>TIPO DE DELITO</b>	<b>CIFRA</b>	<b>V.I.</b>	<b>%</b>
1º	MALTRATO OCASIONAL	858		45,25%
2º	QUEBRANTAMENTO MEDIDA CAUTELAR/CONDENA	410		21,62%
3º	MALTRATO HABITUAL	194		10,23%
4º	AMEAZAS	176		9,28%
5º	LESIÓNS	96		5,06%
6º	COACCIÓN	59		3,11%
7	FALTA DE PAGAMENTO DE PENSÍONS	36		1,89%
<b>SUBTOTAL</b>		<b>1.829</b>		
	RESTO DELITOS	367		
<b>TOTAL</b>		<b>1.896</b>		<b>100%</b>

<b>VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2018 DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE</b>				
	<b>TIPO DE DELITO</b>	<b>CIFRA</b>	<b>V.I.</b>	<b>%</b>
1º	MALTRATO OCASIONAL	609		44,61%
2º	QUEBRANTAMENTO MEDIDA CAUTELAR/CONDENA	244		17,87%
3º	MALTRATO HABITUAL	167		12,23%
4º	AMEAZAS	145		10,62%
5º	LESIÓNS	84		6,15%
6º	FALTA DE PAGAMENTO DE PENSÍONS	41		3%
7º	COACCIÓN	39		2,85%
<b>SUBTOTAL</b>		<b>1.329</b>		
	RESTO DELITOS	36		
<b>TOTAL</b>		<b>1.365</b>		<b>100%</b>



■ Exame detallado

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
NATUREZA DA INFRACCIÓN PENAL				
DELITOS	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS	
			DELITOS ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS	DELITOS ASOCIADOS A SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
ASASINATO CONSUMADO	2	2	2	0
ASASINATO INTENTADO	0	0	1	1
HOMICIDIO CONSUMADO	0	0	1	0
HOMICIDIO INTENTADO	3	0	0	0
LESIÓNS	91	96	41	43
MALTRATO OCASIONAL ART. 153.1 CP	3.642	858	244	365
MALTRATO HABITUAL 173.2 CP	935	194	74	93
ACOSO FAMILIAR ART. 172 TER CP	76	20	11	8
DETENCIÓN ILEGAL	0	7	0	1
AMEAZAS 171.4 CP	195	176	49	96
COACCIÓNS 172.2 CP	67	59	14	25
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL 173.1 CP	3	2	1	0
VIOLACIÓN	3	2	2	0
ABUSOS SEXUAIS	4	1	0	0
OUTRA AGRESIÓN SEXUAL	10	0	2	1
VIOLACIÓN DE DOMICILIO	2	4	2	0
QUEBRANTAMENTO DE MEDIDA CAUTELAR/ CONDENA	660	410	103	141
FALTA DE PAGAMENTO DE PENSIÓNS	66	36	16	25
DESCUBRIMENTO OU REVELACIÓN DE SEGREDOS ART. 197.1 CP	2	2	1	2
<b>TOTAL DELITOS 2018</b>	<b>5.761</b>	<b>1.896</b>	<b>564</b>	<b>801</b>
<b>TOTAL DELITOS 2017</b>	<b>6.075</b>	<b>2.032</b>	<b>584</b>	<b>802</b>
<b>VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)</b>	<b>-5,16%</b>	<b>-6,69%</b>	<b>-3,42%</b>	<b>-0,12%</b>




DELITOS LEVES	INCOADOS	SENTENZAS	
		CONDENATORIAS	CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
AMEAZAS 171 CP	6	0	0
COACCIÓNS 172 CP	1	0	0
OUTROS	33	0	0
<b>TOTAL DELITOS LEVES 2018</b>	<b>40</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL DELITOS LEVES 2017</b>	<b>24</b>	<b>1</b>	<b>1</b>
V.I.	66,66%	-100%	-100%

### § 1.8. Parentesco da vítima co agresor

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO - DATOS TOTAIS DE GALICIA PARENTESCO DA VÍTIMA CO AGRESOR				
	ANO 2018	2017	VARIACIÓN INTERANUAL	%
CÓNXUXE	957	978	-2,14%	21,26%
EXCÓNXUXE	346	483	-28,36%	7,68%
PARELLA DE FEITO	1.122	1.120	0,17%	24,92%
EX PARELLA DE FEITO	1.397	1.364	2,41%	31,03%
NOIVADO	679	738	-7,99%	15,08%
<b>TOTAL</b>	<b>4.501</b>	<b>4.683</b>	<b>-3,88%</b>	<b>100%</b>

### VIOLENCIA DE XÉNERO - GALICIA 2018 PROCEDEMENTOS INCOADOS - RESUMO ESTADÍSTICA FISCAL



## § 1.9. Medidas cautelares. Ordes de protección


**ESTADÍSTICA XUDICIAL 2018 - VIOLENCIA DE XÉNERO**  
**ÓRDENES DE PROTECCIÓN E MEDIDAS CAUTELARES - DATOS GLOBAIS DE GALICIA**

OPERACIÓNS SOLICITADAS	2.021
OPERACIÓNS ADOPTADAS	1.357
OPERACIÓNS INADMITIDAS	10
OPERACIÓNS DENEGADAS	654


ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - VIOLENCIA DE XÉNERO - DATOS TOTAIS GALICIA						
ORDES DE PROTECCIÓN (OP) E MEDIDAS CAUTELARES (MC)- DATOS XERAIS						
TÁBOA DE ELABORACIÓN PROPIA - FONTES UTILIZADAS: ESTADÍSTICA XUDICIAL -PNX-						
	GALICIA	%	ESPAÑA	%	% GALICIA EN DATOS ESPAÑA	RATIO OP-MC / DENUNCIAS FORMULADAS (DENUNCIAS EN GALICIA E EN ESPAÑA)
OP INCOADAS (SOLICITADAS)	2.021 (93=0,95%)	100%	39.176 (1.125=2,96%)	100%	5,16%	30,91% EN GALICIA ( 2.021 OP-MC/ 6.537 DENUNCIAS)
OP INADMITIDAS	10 (-3=-23,08%)=	0,49%	392 (-410=-51,12%)	1%	2,55%	
OP ADOPTADAS	1.357 (73=5,68%)	67,15%	27.093 (1.049=4,03%)	69,16%	5,01%	23,46% EN ESPAÑA (39.176 OP-MC/166.961 DENUNCIAS)
OP DENEGADAS	654 (23=3,64%)	32,36%	11.691 (46=0,99%)	29,84%	5,59%	



### EVOLUCIÓN DE O. PROTECCIÓN VX GALICIA E ESPAÑA - ANOS 2014 A 2018



### ESTADÍSTICA XUDICIAL 2018 - VIOLENCIA DE XÉNERO ORDENES DE PROTECCIÓN E MEDIDAS CAUTELARES - DATOS GLOBAIS DE GALICIA





## § 2. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

### § 2.1. Actuacións preventivas en materia de VX: Sistema VioGén

#### ■ Consideracións preliminares. Sistema VioGén e valoración policial de risco en VX

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén), da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, púxose en funcionamento o 26 de xullo do 2007, en cumprimento do establecido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Como se afirmou desde a Secretaría de Estado de Seguridade (Ministerio do Interior), VioGén constitúe un sistema que permite afrontar a loita contra a violencia de xénero desde un enfoque preventivo e anticipativo. Mediante o uso compartido dos recursos e a xestión eficiente das fontes de información, búscase unha resposta máis global, integral e coherente <sup>46</sup>.

En canto á normativa actual sobre valoración policial do risco en materia de VX, hai que ter en conta a Instrución 7/2016, do 8 de xullo, da Secretaría de Estado de Seguridade (Ministerio do Interior), pola que se estableceu un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero (Lei orgánica 1/2004) e de xestión da seguridade das vítimas.

#### ■ Datos estatísticos do Sistema VioGén (sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero) <sup>47</sup>.

Informe VioGén a día 31.12.2018 de datos referidos a Galicia

(Datos de elaboración propia a partir dos datos da estatística web do Ministerio do Interior: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-al-ciudadano/violencia-contra-la-mujer/estadisticas>)

Ofrecemos inicialmente datos a esa data, por tratarse dunha memoria referida ao ano 2018.

Desde a posta en funcionamento de VioGén (xullo de 2007), o total de casos rexistrados en toda España é de 529.762, con 479.966 vítimas asociadas [candade á que poderían engadirse os casos dos *moscos d'esquadra* enviados automaticamente desde Cataluña]. En canto a Galicia o total é de 29.772 casos (5,62% da cifra estatal), con 27.335 vítimas asociadas (5,69% da cifra estatal). Dese total de Galicia constan 26.240 casos como inactivos (o 88,14% do total) e só 3.532 como activos (11,86%). Destes 3.532 “casos activos”, a maior parte son casos con “risco non apreciado”, concretamente, 1.454 (41,17%). O resto, 2.078 (58,83%), son “casos de risco apreciado”, distribuídos entre 1.671 con “risco baixo”, 395 con “risco medio”, 12 con “risco alto” e 0 con “risco extremo”.



## § 2.2. Colaboración coa Xunta de Galicia en materia de VX: Observatorio Galego de VX e Protocolo de coordinación institucional

A Fiscalía de Galicia colabora coa Xunta de Galicia mediante a súa participación no Observatorio Galego de Violencia de Xénero (OGVX), creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da VX no relativo aos órganos consultivos e de participación. En reunión do Pleno deste Observatorio, celebrada na EGAP de Santiago o día 20.03.2018 aprobouse definitivamente o Protocolo de coordinación e cooperación na materia para Galicia. Na páxina web da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia encóntrase dispoñible o texto íntegro e un resumo deste <sup>48</sup>.

## § 2.3. Nomeamento da nova fiscalía delegada autonómica en materia de violencia sobre a muller

Como deixamos indicado no capítulo I desta memoria, tras a tramitación regulamentaria oportuna, mediante decreto do día 02.01.2018 (expediente gubernativo 596/2017), o fiscal xeral do Estado acordou o nomeamento da Ilma. Sra. Rosalina Carrera Cotado, fiscalía delegada provincial de Pontevedra, como fiscalía delegada autonómica en materia de violencia de xénero para Galicia. Sen dúbida este nomeamento supón unha potenciación da área especializada de violencia de xénero na nosa CA, que é a cuarta en contar con fiscal delegado autonómico na materia.

Pouco despois do seu nomeamento, a nova fiscalía delegada autonómica, o día 28.02.2018, tivo ocasión de intervir na sesión celebrada no Parlamento autonómico de Galicia, no marco da Comisión Especial, non permanente, de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

§ 2.4. **Xuntas de coordinación en materia de VX.** Xa nos referimos no propio capítulo I á reunión coa fiscalía de sala de VX, Excma. Sra. Pilar Martín Nájera, que tivo lugar na sede desta Fiscalía autonómica.



## SECCIÓN 2.2. ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL

§ 1. INTRODUCCIÓN

§ 2. ESTATÍSTICA

### § 1. INTRODUCCIÓN

#### ■ O fenómeno da sinistralidade laboral (SL)

De sobra é coñecida a gravidade e extensión do fenómeno da sinistralidade laboral, tal como apuntaba o Protocolo Marco subscrito en 2007 polo CXPX, a FXE e os Ministerios de Traballo e do Interior. Este drama social e humano, que comporta inxentes perdas humanas e económicas require dos poderes públicos e axentes sociais unha decidida actuación para a prevención e represión da delincuencia nesta materia.

Neste sentido cabe destacar que tanto a nivel mundial (OIT, OMS) como a nivel da Unión Europea, estatal e autonómico se viñeron elaborando estratexias en materia de seguridade e saúde no traballo (SST). Tras a Estratexia Española de SST para 2007-2012, para seguir avanzando na mellora das condicións de traballo e na constante e sostida redución dos accidentes laborais e as enfermidades profesionais, elaborouse a nova Estratexia Española da SST para 2015-2020, aprobada o 24.04.2015 polo Consello de Ministros, logo de consenso entre a Administración Xeral do Estado, as CCAA e os axentes sociais. No ámbito da CA de Galicia, en liña coas estratexias adoptadas a nivel internacional, europeo e estatal, aprobouse unha Estratexia Galega de SST para 2017-2020.

#### ■ Rede de fiscais especialistas en SL nas fiscalías de Galicia

FISCAIS DA ÁREA ESPECIALIZADA DE SINISTRALIDADE LABORAL	
FISCAL DELEGADO AUTONÓMICO	D. LUIS ANGUITA JUEGA, destinado en Fiscalía Provincial (FP) da Coruña
FISCALÍA PROVINCIAL A CORUÑA	O referido fiscal delegado autonómico tamén ten a condición de fiscal delegado provincial
FISCALÍA PROVINCIAL LUGO	D. JOSÉ-LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (Fiscal delegado provincial, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL OURENSE	D <sup>a</sup> . ELENA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (Fiscal delegada provincial, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL PONTEVEDRA	D <sup>a</sup> . MARTA DURÁNTEZ GIL (Fiscal delegada provincial, destinada na FP de Pontevedra)
FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO	D. ERNESTO-DAVID CANOA GONZÁLEZ (Fiscal de enlace, destinado na Fiscalía de Área de Vigo)
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADO	Fiscalía de área de Santiago: D. RAMÓN LOJO CORBAL fiscalía de área de Ferrol: D <sup>a</sup> . MARÍA NEMINA SUÁREZ



## § 2. ESTATÍSTICA

Esta estatística propia da Fiscalía recolle datos e información en materia de sinistralidade laboral (SL) durante o ano 2018 a partir das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia. Para os efectos de sistematización, distinguimos entre datos da actividade fiscal (DIP e cualificacións) e datos da actividade xudicial (procedementos e sentenzas).


### § 2.1. DATOS DA ACTIVIDADE FISCAL (DIP E CUALIFICACIÓNS)

#### ■ Procedementos fiscais: dilixencias de investigación penal (DIP)

##### ■ Datos totais do período 2014-2018


No seguinte gráfico móstrase a evolución, durante o mencionado período, da actuación do MF a través da incoación e xudicialización (mediante denuncia ou querela) das súas DIP relativas a delitos relacionados coa sinistralidade laboral nas provincias de Galicia durante o mencionado período. A cifra media anual foi de 37,4 DIP incoadas e de 32,4 xudicializadas. En canto ás incoacións, entre o inicio e o final do ciclo apréciase un descenso de -1 (-3%), coa subida máis extrema precisamente nos anos 2014 e 2018. Polo que se refire ás xudicializacións, entre inicio e final do período non se observa tampouco unha variación significativa.

SINISTRALIDADE LABORAL - DIP INCOADAS E XUDICIALIZADAS  
GALICIA PERIODO 2014 - 2018



ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - SINISTRALIDADE LABORAL DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DIP INCOADAS	3	36	0	2	41	38	7.90%	100%
DIP TERMINADAS POR ARQUIVAMENTO	2	36	0	1	39	34	14,70%	95%
DIP TERMINADAS POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)	0	34	0	1	35	36	-2.78%	85%
DIP EN TRÁMITE	2	0	0	0	2	0	0%	5%

### SINISTRALIDADE LABORAL - GALICIA 2018 DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL




## ■ Cualificacións fiscais

### ■ Datos totais do período 2014-2018


A través do seguinte gráfico reflíctese a actividade do MF na área de SL, no período referido, mediante a formulación de escritos de acusación (cualificacións). Entre o inicio e o final do ciclo obsérvase un ascenso de +6 (+8,9%), cunha media anual de 46,2 cualificacións e punto álxido no ano 2014 (56 cualificacións).

SINISTRALIDADE LABORAL - CALIFICACIÓNS FISCAIS  
GALICIA PERIODO 2014 - 2018



ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - SINISTRALIDADE LABORAL CUALIFICACIÓNS FISCAIS - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
ESCRITOS DE ACUSACIÓN (CUALIFICACIÓNS)	12	7	0	15	41	49	-16.32%	100%
%	29,26%	17,07%	0	36,58%	100%			

SINISTRALIDADE LABORAL - GALICIA 2018  
CALIFICACIÓNS (ESCRITOS ACUSACIÓN)




## § 2.1.2. DATOS DA ACTIVIDADE XUDICIAL (PROCEDEMENTOS E SENTENZAS)

### ■ Procedementos xudiciais penais incoados (delitos asociados)

#### ■ Datos totais do período 2014-2018

No seguinte gráfico reflíctese a actividade xudicial na área de SL, no período referido, mediante a incoación de procedementos penais. Entre o inicio e o final do ciclo obsérvase un marcado descenso de -1.281 (-88%), cunha cifra media anual de 922,2 cualificacións e punto álxido no ano 2015 (1.587 asuntos). Os descensos últimos, especialmente o rexistrado en 2018, moi probablemente son resultado da aplicación das reformas legais de 2015.

### SINISTRALIDADE LABORAL - PROCEDIMENTOS INCOADOS (DELITOS ASOCIADOS) GALICIA PERIODO 2014 - 2018



**ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - SINISTRALIDADE LABORAL  
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS INCOADOS -DELITOS ASOCIADOS (DELITOS  
INCOADOS)**

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
<b>TOTAL DELITOS</b>	<b>143</b>	<b>18</b>	<b>10</b>	<b>19</b>	<b>190</b>	<b>310</b>	-71%	100%
<b>DELITO (MENOS GRAVE) DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA GRAVE</b> (art. 142.1 CP e concordantes)	7	0	2	2	11	9	22.22%	5.78%
<b>DELITO (MENOS GRAVE) DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA GRAVE</b> (art. 152.1 CP e concordantes)	135	6	8	17	166	278	-40,28%	87.36%
<b>DELITO (LEVE) DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA MENOS GRAVE</b> (art. 142.2 CP e concordantes)	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>DELITO (LEVE) DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL POR IMPRUDENCIA MENOS GRAVE</b> (art. 152.2 CP e concordantes)	0	0	0	0	0	1 <sup>1</sup>	-100%	0
<b>DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO</b> (arts. 316, 317 e 318 CP e concordantes)	1	12	0	0	13	22	-40.90%	6.84%
V.I.								
%	75,26%	9,50%	5.26%	10%	100%			






ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - SINISTRALIDADE LABORAL PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS PENDENTES -DELITOS ASOCIADOS (DELITOS INCOADOS)								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
<b>TOTAL DELITOS</b>	25	8	21	4	58	86	-32,55%	
<b>DELITO DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL</b> (art. 142 CP e concordantes)	1	0	2	1	4	8	-50%	6.90%
<b>DELITO DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL</b> (art. 152 CP e concordantes)	23	3	19	3	48	70	-31,42%	82.75%
<b>DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO</b> (arts.. 316, 317 e 318 CP e concordantes)	1	5	0	0	6	8	-25%	10,34%
<b>V.I.</b>								
<b>%</b>	<b>43,10%</b>	<b>13,80%</b>	<b>36.20%</b>	<b>6.90%</b>	<b>100%</b>			



## ■ Sentenzas xudiciais ditadas

■ Datos totais do período 2014-2018

SINISTRALIDADE LABORAL -  
SENTENCIAS PERIODOS 2014 - 2018



ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - SINISTRALIDADE LABORAL SENTENZAS XUDICIAIS DITADAS - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
SENTENZAS DO XULGADO DO PENAL	7	6	0	10	23	52	-55,76%	82,14%
SENTENZAS DA AUDIENCIA PROVINCIAL QUE RESOLVEN RECURSO DE APELACIÓN	2	1	0	2	5	10	-50%	17,85%
TOTAL SENTENZAS	6	7	0	12	28	62	-54,83%	100%
% 2018	21,42%	29%	0	42,85%	100%			



## SECCIÓN 2.3. ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)

§ 1. INTRODUCCIÓN

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 3. TEMAS E CUESTIÓNS VARIAS

### § 1. INTRODUCCIÓN

#### § 1.1. Ámbito material da área especializada de MAU

A materia competencial das seccións constituídas nas fiscalías provinciais de Galicia en materia de medio ambiente e urbanismo (MAU) queda determinada pola referencia aos seguintes delitos <sup>49</sup>:

- Delitos medioambientais en sentido estrito (art. 325 e ss. do Código penal)
- Delitos de urbanismo e ordenación do territorio (art. 319 e ss. CP)
- Delitos contra o patrimonio histórico (art. 321 e ss. CP)
- Delitos contra a flora e a fauna e delitos de maltrato animal —contra animais domésticos ou amansados— (art. 332 e ss. CP)
- Ademais, inclúense na propia área competencial das referidas seccións os delitos de incendio forestal (art. 352 e ss. CP <sup>50</sup>)

#### § 1.2. Rede de fiscais especialistas das fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU)	
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. ÁLVARO GARCÍA ORTÍZ (Fiscal delegado provincial e autonómico, destinado na FA de Santiago)
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. <sup>a</sup> LUCÍA GIRÓN CONDE (Fiscala delegada provincial, destinada na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. <sup>a</sup> M <sup>a</sup> -CARMEN EIRÓ BOUZA (Fiscala delegada provincial, destinada na FP de Ourense)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> NATIVIDAD GURRIARÁN FERNÁNDEZ (Fiscala delegada provincial, destinada na FA de Vigo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. (Fiscal de enlace, destinado na FA de Vigo)
FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO	O xa mencionado D. ÁLVARO GARCÍA ORTÍZ (MEDIO AMBIENTE), junto con D. <sup>a</sup> ARÁNZAZU SAN JOSÉ GONZÁLEZ, como fiscala coordinadora de urbanismo, a partir do 25.07.2017, en substitución de D. ANTONIO ROMÁ VALDÉS (que cesou a partir de 05.05.2017 por traslado a destino na FXE)
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	Fp de pontevedra: DAVID DE LA FUENTE VALDÉS



## § 2. ESTATÍSTICA

A continuación, en dous apartados separados, recolleemos os datos das estatísticas anuais das fiscalías provinciais anuais no relativo a: 1) actividade fiscal (DIP, denuncias e querelas e cualificacións); e b) actividade xudicial (procedementos incoados, sentenzas ditadas e delitos incoados, cualificados e sentenciados).

### § 2.1. RESUMO XERAL

#### ■ Resumo da actividade fiscal

<b>ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE FISCAL (1): DILIXENCIAS DE INVESTIVACIÓN PENAL (DIP) PERÍODO 2008-2018 - DATOS TOTAIS DE GALICIA</b>		
<b>ANO</b>	<b>DIP INCOADAS</b>	<b>XUDICIALIZADAS (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)</b>
2008	300	73
2009	199	63
2010	203	37
2011	216	33
2012	135	23
2013	83	17
2014	293	79
2015	288	88
2016	270	118
2017	256	74
2018	290	100
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	13,28%	
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2018	230,27	64,08

<b>ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE FISCAL (2): CUALIFICACIÓNS FISCAIS PERÍODO 2012-2018 - DATOS TOTAIS DE GALICIA</b>	
<b>ANO</b>	<b>CUALIFICACIÓNS</b>
2012	80
2013	70
2014	65
2015	95
2016	131
2017	142
2018	102
V.I.	-28,16%
MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2012-2018	97,85



## Resumo da actividade xudicial

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE XUDICIAL (1): PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS E SENTENZAS DITADAS PERÍODO 2008-2018 - DATOS TOTAIS DE GALICIA		
ANO	PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	SENTENZAS DITADAS
2008	548	67
2009	898	91
2010	728	72
2011	1.156	133
2012	763	85
2013	864	110
2014	631	110
2015	830	73
2016	550	82
2017	679	133
2018	544	140
V.I.	-19,88%	5,26%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2018	744,64	99,64

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) RESUMO DE ACTIVIDADE XUDICIAL (2): DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS PERÍODO 2012-2018 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2012	825	80	73
2013	984	70	86
2014	572	65	80
2015	762	95	60
2016	472	131	74
2017	499	142	133
2018	458	102	140
V.I.	-8,21%	-28,16%	5.26%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2012-2018	653,14	97,85	92,28



## § 2.2. EXAME DETALLADO

### § 2.2.1. DATOS DA ACTIVIDADE FISCAL (DIP, DENUNCIAS E QUERELAS E CUALIFICACIÓNS)

#### ■ Dilixencias de investigación penal (DIP)

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) - INCOACIÓNS DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA - PERÍODO ANOS 2008-2018					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	120	23	55	102	300
2009	88	9	41	61	199
2010	119	16	31	37	203
2011	117	3	53	43	216
2012	61	16	31	27	135
2013	35	7	15	26	83
2014	93	29	62	109	293
2015	93	41	34	120	288
2016	60	63	40	107	270
2017	89	25	45	97	256
2018	60	51	60	119	290
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-32,58%	104%	33,33%	22,68%	13,28%
PORCENTAXE (%)	20,68%	17,58%	20,68%	41,03%	100%
CIFRA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2008-2018	76,54	25,72	42,45	77,09	230,27

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA - ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (MAU) DIP- INCOACIÓNS POR SUBÁREAS				
SUBÁREA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
MEDIO AMBIENTE	45	35	28,57%	15,51%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	162	171	-5,26%	55,86%
PATRIMONIO HISTÓRICO	24	5	380%	8,27%
2015	979	375	1.354	414	65	479
2016	888	362	1.250	383	82	465
2017	835	377	1.212	424	82	506
2018	761	416	1.177	398	99	497
V.I.	-8,86%	10,34%	-2,88%	-6,13%	20,73%	-1,77%
% 2018	64,65%	35,34%	100%	80,08%	19,91%	100%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	1.068,18	457,36	1.654,09	410,09	77,09	487,18

Continúa abaixo

OURENSE			PONTEVEDRA			ANO
DP	ER	TOTAL	DP	ER	TOTAL	
238	180	418	1.972	530	2.502	2008
433	149	582	1.864	548	2.412	2009
598	187	785	1.624	412	2.036	2010
519	171	690	1.661	439	2.100	2011
446	209	655	1.423	312	1.735	2012
343	178	521	1.347	333	1.680	2013
307	140	447	871	268	1.139	2014
269	110	379	954	278	1.232	2015
298	142	440	839	271	1.110	2016
341	166	507	958	375	1.333	2017
351	160	511	765	333	1.098	2018
2,93%	-3,61%	0,78%	-20,14%	-11,2%	-17,63%	V.I.
68,68%	31,31%	100%	69,67%	30,32%	100%	% 2018
376,6	162,90	539,54	752,54	347,36	1670,73	CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018

Vén de arriba



## ■ Análise de datos

### ■ Datos totais do período 2008-2018

Nos gráficos reflíctese con detalle a evolución no dito período das cifras totais de procedementos incoados (distribuídos tamén entre DP e ER incoados). A media anual no período foi de 4.388,63 procedementos incoados, distribuída entre 3.318,63 DP e 1.070 ER.

Entre o inicio e o final do ciclo (5.710 e 3.283) rexistrouse un marcado descenso acumulado de -2.427, equivalente a 39%. O punto álxido do ciclo foi o ano 2010 (5.761); a partir de aí, o descenso foi case continuo.

### ■ Datos do ano 2018

■ Datos xerais. Neste ano a estatística fiscal reflicte a cantidade total de 3.283 procedementos de menores incoados por delito na nosa CA, cun lixeiro descenso interanual de 275 (7,72%).

■ Datos particulares por tipo de procedementos

- Dilixencias preliminares (DP): 2.275, cun descenso interanual de -283 (-11,06%).
- Expedientes de reforma (ER): 1.008, con lixeiro aumento de 8 (0,8%).

■ Datos particulares por provincias

- A Coruña: 1.177, con descenso interanual de -2,89% e un 35,85% no total de Galicia (3.283). Esa cifra total provincial distribúese entre 761 DP e 416 ER.
- Lugo: 497, con descenso de -1,78% e un 15,14%. Esa cifra total provincial distribúese entre 398 DP e 99 ER.
- Ourense: 511, con aumento de 0,79% e un 15,56%. Ese total provincial desdóbrase entre 351 DP e 160 ER.
- Pontevedra: 1.098, con descenso de -17,63% e un 33,45% na cifra total (3.283). Ese total provincial desdóbrase entre 765 DP e 333 ER.

■ Especial referencia aos procedementos tramitados (suma de incoados e pendentes do ano anterior).

- Dilixencias preliminares (DP) tramitadas. Consta a cifra total de 2.470 en Galicia, con descenso interanual de -216 (-8,04) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 887; Lugo, 400; Ourense, 355; e Pontevedra, 828.







- Expedientes de reforma (ER) tramitados. Figura a cifra total de 1.266 en Galicia, con aumento interanual de 29 (2,34%) e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 515; Lugo, 118; Ourense, 177; e Pontevedra, 456.

Polo tanto, o total de procedementos tramitados en 2018 foi de 3.736, cun descenso interanual de -187 (-4,77%). Como consta unha pendencia a final de ano de só 566 (165 DP e 401 ER), a cantidade de rematados debería ser 3.170, aínda que os datos da estatística fiscal só chegan, en conxunto, a 1.927 (1.086 arquivamentos, por distintas causas, en DP, máis 841 en ER (139 solucións extraprocesuais, 53 sobresementos e 649 escritos de alegacións).

## § 2.2. Menores intervidos (axuizados)

### ■ Exposición de datos

Os datos e información son de elaboración propia, pero a partir das fontes da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNx).


ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES MENORES AXUIZADOS. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2008-2018 (DATOS ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE ESTADÍSTICA XUDICIAL, PNx)									
PROVINCIAS	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
A CORUÑA	450	472	605	577	476	389	362	338	256
LUGO	82	91	81	102	91	85	102	85	81
OURENSE	78	107	116	152	130	109	159	80	58
PONTEVEDRA	372	503	519	370	274	176	234	175	180
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>982</b>	<b>1.173</b>	<b>1.321</b>	<b>1.201</b>	<b>971</b>	<b>759</b>	<b>857</b>	<b>678</b>	<b>575</b>
V.I.		191 (19,45%)	148 (12,62%)	-120 (9,09%)	-230 (-19,15%)	-212 (-21,94%)	98 (12,92%)	-179 (-20,89%)	-103 (-15,20%)
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2018									

Continúa abaixo

2017	2018	V.I.	% 2018	PROVINCIAS
261	240	21 (8,75%)	38,96%	A CORUÑA
82	80	2 (2,5%)	12,98%	LUGO
109	101	8 (76,92%)	16,40%	OURENSE
212	195	17 (8,72%)	31,66%	PONTEVEDRA
664	616	-48 (-7,23%)	100%	TOTAL GALICIA
89 (15,48%)	-48 (-7,23%)			V.I.
	890,64			CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2018

Vén de arriba



REFORMA DE MENORES - MENORES AXUIZADOS  
DATOS TOTAIS DE GALICIA - ANOS 2008 - 2018

### ■ Análise de datos

#### ■ Datos totais do período 2008-2018

No gráfico precedente móstrase a evolución das cifras xerais de menores axuizados (menores sometidos a xuízo) durante o referido período. Son datos de elaboración propia a partir dos datos da estatística xudicial (PNX). Entre o inicio e o final do ciclo (982 e 664) obsérvase un apreciable descenso de -318 (-32,38%). O punto álxido do período foi o ano 2010, cunha cifra de 1.321; a partir de aí a tendencia foi un case continuo descenso, que parece paralelo ao descenso das cifras de procedementos tramitados e incoados, aínda que tamén pode estar parcialmente influído por certo éxito das solucións extraprocesuais alcanzadas.

#### ■ Datos do ano 2018

Datos xerais. Segundo a estatística xudicial, neste ano consta o total de 616 menores intervidos (axuizados) en Galicia, con descenso interanual de -48 (-7,22%).



- Datos particulares por franxas de idade
  - 14-15 anos: 142, con descenso interanual de -26 (-15,48%) e unha porcentaxe de un cuarto (23,05%) no total de Galicia (616).
  - 16-17 anos: 474, con descenso de -22 (-4,43%) e unha porcentaxe de algo máis de tres cuartos (76,95%) no total.
  
- Datos particulares por nacionalidade
  - Españóis: 513 (83,28% do total): 112 entre 14-15 anos; e 401 entre 16-17 anos.
  - Estranxeiros: 103 (16,72%): 30 entre 14-15 anos; e 73 de entre 16-17 anos.
  
- Datos particulares por razón das medidas eventualmente impostas
  - Con imposición de medidas: 551, con descenso de -44 (-7,39%) e unha porcentaxe do 89,45% no total (616).
  - Sen imposición de medidas: 65, con descenso de -4 (-5,80%) e unha porcentaxe do 10,55%.
  
- Datos particulares de condenas por violencia familiar (doméstica ou de xénero)
  - 69 condutas tipificadas como delitos de violencia familiar (63 violencia doméstica e 6 violencia de xénero; 1 en violencia doméstica é delito leve).
  
- Datos particulares por provincias
  - A Coruña: 240, con descenso interanual de -21 (-8,04%) e unha porcentaxe do 38,96% en Galicia (616).
  - Lugo: 80, con descenso de -2 (-2,44%) e unha porcentaxe do 12,99%.
  - Ourense: 101, con descenso de -8 (-7,34%) e unha porcentaxe do 16,40%.
  - Pontevedra: 195/212, con descenso de -17 (-8,02%) e unha porcentaxe do 31,65%.



## § 2.2. Infraccións penais (delitos, incluídos delitos leves)

## ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES INFRACCIÓN PENAIS (DELITOS E FALTAS). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
DELITOS	HOMICIDIO/ASASINATO DOLOSO	0	0	0	0
	LESIÓNS	185	109	70	98
	CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	29	13	10	20
	AGRESIÓN SEXUAL	10	12	2	6
	ABUSO SEXUAL	19	1	9	14
	CONTRA O PATRIMONIO	391	109	117	163
	ROUBOS CON FORZA	56	18	24	42
	ROUBOS CON VIOLENCIA OU INTIMIDACIÓN	49	21	10	28
	FURTOS	223	25	56	53
	DANOS	63	41	27	40
	CONTRA A SAÚDE PÚBLICA	28	13	10	8
	CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	29	13		14
	CONDUCCIÓN ETÍLICA/DROGAS	0	0	0	1
	CONDUCCIÓN TEMERARIA	2	0	0	0
	CONDUCCIÓN SEN PERMISO	27	13	0	13
	VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	119	30	27	102
	VIOLENCIA DOMÉSTICA	89	30	24	95
	VIOLENCIA DE XÉNERO	30	0	3	7
	OUTROS (DELITOS SEN ESPECIFICAR)	270	81	4	130
	<b>TOTAL DELITOS</b>	<b>1.074</b>	<b>368</b>	<b>263</b>	<b>551</b>
DELITOS LEVES	CONTRA O PATRIMONIO	CONTRA O PATRIMONIO	0	111	30
	CONTRA AS PERSOAS	8	39	47	109
	OUTROS (DELITOS SEN ESPECIFICAR)	7	24	0	0
	<b>TOTAL DELITOS LEVES</b>	<b>15</b>	<b>174</b>	<b>77</b>	<b>205</b>
<b>TOTAL DELITOS (INCLUÍDOS DELITOS LEVES)</b>	<b>1.089</b>	<b>542</b>	<b>340</b>	<b>756</b>	

Continúa na páxina seguinte




Vén da páxina anterior


GALICIA 2018	GALICIA 2017	VARIACIÓN INTERANUAL		
0	0	0	HOMICIDIO/ASASINATO DOLOSO	DELITOS
462	517	-10,63%	LESIÓNS	
73	55	32,72%	CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	
30	22	36,36%	AGRESIÓN SEXUAL	
43	33	30,30%	ABUSO SEXUAL	
776	946	-17,97%	CONTRA O PATRIMONIO	
140	168	-16,66%	ROUBOS CON FORZA	
108	120	-10%	ROUBOS CON VIOLENCIA OU INTIMIDACIÓN	
357	487	-27,65%	FURTOS	
171	171	0	DANOS	
59	44	34,09%	CONTRA A SAÚDE PÚBLICA	
56	65	-13,84%	CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	
1	0	1 (100%)	CONDUCCIÓN ETÍLICA/DROGAS	
2	3	-33,33%	CONDUCCIÓN TEMERARIA	
53	62	-14,51%	CONDUCCIÓN SEN PERMISO	
278	235	18,29%	VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	
238	215	10,69%	VIOLENCIA DOMÉSTICA	
40	20	100%	VIOLENCIA DE XÉNERO	
485	330	46,96%	OUTROS (DELITOS SEN ESPECIFICAR)	
2.251	2.134	5,48%	TOTAL DELITOS	
96	237	146	CONTRA O PATRIMONIO	DELITOS LEVES
203	224	-9,37%	CONTRA AS PERSOAS	
31	42	-26,19%	OUTROS (DELITOS SEN ESPECIFICAR)	
471	412	14,32%	TOTAL DELITOS LEVES	
2.722	2.546	6,48%	TOTAL DELITOS (INCLUÍDOS DELITOS LEVES)	



### DELITOS INCOADOS EN PROCEDEMENTOS DE MENORES GALICIA - RESUMO PERÍODO 2008 - 2018



### REFORMA DE MENORES - GALICIA 2018 GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE



### REFORMA DE MENORES. INFRACCIÓN S PENAIS. DATOS POR PROVINCIAS. GALICIA ANO 2018

PROVINCIA	CIFRA	V.I.	% DO TOTAL
A CORUÑA	1.089	251 (29,95%)	40%
LUGO	542	192 (54,86%)	19,91%
OURENSE	340	-1 (-0,29%)	12,49%
PONTEVEDRA	756	-261 (-25,66%)	27,77%



ESTADÍSTICA FISCAL 2018 GALICIA. REFORMA DE MENORES GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS. DATOS TOTAIS DE GALICIA						
ORDE	CIFRA TOTAL DE DELITOS INCOADOS (INCLUÍDOS DELITOS LEVES)					
	GRUPOS DE DELITOS	2018	%	2017	%	V.I.
1º	DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	776	34,47%	946	37,16%	-17,97%
2º	DELITOS DE LESIÓNS	462	20,52%	517	20,31%	-10,63%
3º	VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO)	278	12,35%	235	9,23%	18,29%
4ª	DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	73	3,24%	55	2,16%	32,72%
5º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA	59	2,62%	44	1,73%	34,09%
6º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	56	2,48%	65	2,55%	-13,84%
7º	DELITOS CONTRA A VIDA (HOMICIDIO/ ASASINATO DOLOSO)	0	0	0	0%	0
OUTROS DELITOS	DELITOS SEN ESPECIFICAR	485	21,54%	330	13,10%	46,96%
	DELITOS LEVES (CONTRA PATRIMONIO, CONTRA PERSOAS E OUTROS)	471	17,30%	412	16,18%	14,32%

### § 2.3. Escritos de alegacións do Ministerio Fiscal


#### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. PROCESO PENAL DE MENORES ESCRITOS DE ALEGACIÓN DO MINISTERIO FISCAL. PERÍODO ANOS 2008-2018 DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
ANO	TOTAL GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2008	721	287	57	67	310
2009	793	384	77	92	240
2010	991	556	57	99	279
2011	738	334	58	116	230
2012	638	276	68	115	179
2013	637	298	69	131	139
2014	628	326	72	95	135
2015	479	209	60	67	143
2016	526	250	69	67	140
2017	572	206	59	116	191
2018	649	236	106	78	229
V.I.	13,46%	14,56%	79,66%	-32,75%	19,89 %
% 2018	100%				
% RESPECTO EXPEDIENTES DE REFORMA TRAMITADOS (ER)	51,26% (de ER 1.266 tramitados)	45,82% (de ER 515 tramitados)	89,30% (de 118 ER tramitados)	44,07% (de 177 ER tramitados)	50,22% (de 456 ER tramitados)
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	670,18	305,63	68,36	88,72	201,36





## REFORMA DE MENORES - ESCRITOS DE ALEGACIÓNS DATOS TOTAIS DE GALICIA - ANOS 2008 - 2018



### ■ Análise de datos

#### ■ Datos totais do período 2008-2018

No gráfico precedente reflíctese a evolución das cifras de escritos de alegacións formuladas no período referido, cunha media anual de 670,18. Entre o inicio e o final do ciclo (721 e 649) rexístrase un apreciable descenso de -72 (-9,98%). O punto álxido do período foi o ano 2010, cunha elevada cifra de 991; a partir de aí a tendencia foi dun paulatino descenso, ata lixeiros ascensos nos dous últimos anos.

#### ■ Datos do ano 2018

##### - Datos xerais

Segundo a estatística fiscal, constan 649 escritos de alegacións, con descenso interanual de 77, equivalente a 13,46% e unha elevada porcentaxe de máis da metade (51,26%) respecto da cifra de 1.266 ER tramitados, así como de case dous terzos (64,38%) respecto da de 1.008 ER incoados. Polo tanto, pode dicirse que no ano 2018 por cada 10 ER tramitados o fiscal formulou 5,12 escritos de alegacións.

- Datos particulares por provincias. Están reflectidos na táboa anterior.



## § 2.5. Sentenzas

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES. SENTENZAS DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
ABSOLUTORIAS		16	4	8	29	57	52	9,61%
CONDENATORIAS	SEN CONFORMIDADE	181	11	13	169	374	284	31,69%
	POR CONFORMIDADE	95	52	83	132	362	349	3,72%
	TOTAL CONDENATORIAS	106	63	96	301	736	633	16,27%
TOTAL SENTENZAS		122	67	104	338	793	685	15,76%
RECURSOS DO FISCAL	APELACIÓN	28	1	0	6	35	11	218%
	CASACIÓN	0	0	0	0	0	0	0

## § 2.6. Solucións extraprocesuais

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES SOLUCIÓN EXTRAPROCESUAIS. RESUMO PERÍODO ANOS 2008-2018. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA						
ANO	TOTAL GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
2008	292	136	9	35	112	
2009	248	129	9	34	76	
2010	265	118	8	27	112	
2011	175	75	5	35	60	
2012	185	75	4	29	77	
2013	168	96	1	23	48	
2014	156	47	6	24	79	
2015	193	61	3	34	95	
2016	139	37	7	29	66	
2017	138	37	13	30	58	
2018	139	39	25	8	67	
V.I.	0,72%	5,40%	92,30%	-73,33%	15,51	
% 2018	100%	28,06%	17,99%	5,75%	48,20%	
% DE EXPEDIENTES DE REFORMA TRAMITADOS (ER)	10,98% (de ER 1.266 tramitados)	7,57% (de ER 515 tramitados)	21,19% (de 118 ER tramitados)	4,52% (de 177 ER tramitados)	14,69% (de 456 ER tramitados)	
% DE SENTENZAS (ST)	17,52%	31,96%	37,31%	7,69%	19,82%	
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2018	190,72	77,27	8,18	28	77,27	



## ■ Análise de datos

### ■ Datos totais do período 2008-2018

Durante este período as cifras totais de solucións extraprocesuais (SE) en Galicia son as reflectidas no anterior gráfico, cunha cifra media anual de 190,72 equivalente ao 17,53% respecto da cifra media anual equivalente de 1.088 ER tramitados, lonxe da cifra óptima desexable, que estaría entre un 20% e un 25%. Entre o inicio e o final da serie, que son, precisamente, os puntos máis alto e máis baixo do ciclo (292 e 139), rexístrase un destacado descenso de -153, equivalente a máis da metade (52,39%). A tendencia desde o inicio do período foi o descenso, con algúns momentos de efémera recuperación en 2010, 2012 e 2015.

### ■ Datos do ano 2018

#### - Datos xerais

Consta neste ano a referida cifra de 139 SE, cun mínimo aumento de 1 (0,72) e un 10,98% no total de 1.266 ER tramitados. Polo tanto, pode dicirse que en 2018 por cada 10 ER tramitados só 1,10 finalizaron polo mecanismo alternativo da solución extraprocesual.

- Datos particulares por provincias. Detállanse na anterior táboa.

### ■ Eficacia das SE en relación con ER

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES EFICACIA DAS SOLUCIÓNS EXTRAPROCESUAIS (SE) EN RELACIÓN CON EXPEDIENTES DE REFORMA (ER) PERÍODO 2008-2018. DATOS TOTAIS DE GALICIA				
ANO	CIFRA SE	CIFRA ER TRAMITADOS	PORCENTAXE (%) SE/ ER	
2008	292	1.749	16,69%	
2009	248	1.842	13,46%	
2010	265	1.740	15,23%	
2011	175	1.413	12,38%	
2012	185	1.270	14,57%	
2013	168	1.377	12,20%	
2014	156	1.227	12,71%	
2015	193	1.135	17,00%	
2016	139	1.062	13,09%	
2017	138	1.237	11,16%	
2018	139	1.266	10,98%	
V.I.	0,72%	29 (2,34%)		
CIFRAS MEDIAS PERÍODO 2008-2018	190,72	1.393	13,69%	Obxectivo desexable: alcanzar unha porcentaxe mínima de 20-25%



## § 2.1.7. Medidas (execución)

### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES MEDIDAS (EXECUCIÓN)								
DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
EXPEDIENTES DE EXECUCIÓN		212	99	96	157	564	593	-4,89%
NATUREZA DAS MEDIDAS								
INTERNAMENTOS	PECHADO	30	0	0	5	35	10	250%
	SEMIABERTO	61	33	13	31	138	143	-3,49%
	ABERTO	7	0	1	0	8	1	700%
	TERAPÉUTICOS	29	6	3	1	39	31	25,80%
	TOTAL INTERNAMENTOS	127	39	17	37	220	185	18,91%
PERMANENCIA DE FIN DE SEMANA		0	0	11	0	11	11	0
LIBERDADE VIXIADA		216	153	54	99	522	354	47,45%
PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE		8	3	11	18	40	37	8,10%
PRIVACIÓN DE PERMISOS E LICENZAS		0	0	0	1	1	0	1 (100%)
AMOESTACIÓNS		3	0	0	1	4	2	100%
CONVIVENCIA FAMILAR/ EDUCATIVA		4	36	0	0	40	17	194%
OUTRAS MEDIDAS		6	10	6	66	88	105	-16,19%
TOTAL MEDIDAS		237	202	71	185	926	711	30,24%
TRANSFORMACIÓN DAS MEDIDAS	REDUCIÓNS E SUBSTITUCIÓNS (ARTS. 13 E 51)	47	4	3	20	74	66	12,12%
	POR QUEBRANTAMENTO ART. 50.2	21	0	1	20	42	49	-14,28%
	CANCELACIÓNS ANTICIPADAS	0	0	3	22	25	31	-19,35%
	TRASLADO A CENTROS PENITENCIARIOS	0	0	0	0	0	0	0
	CONVERSIÓN INTERNAMENTOS EN PECHADOS (ARTS. 51.2)	0	1	0	0	1	1	0
	TOTAL TRANSFORMACIÓNS	68	5	7	62	142	131	8,39%



## ■ Análise de datos

### ■ Expedientes de execución

Conforme a estatística xudicial de 2018, consta a cifra total de 564, con descenso interanual de 29 (4,89%).

### Medidas de execución impostas

#### ■ Datos totais do período 2008-2018

Durante ese período, figuran como cifras totais de medidas de execución as seguintes: 426 en 2008, 902 en 2009, 1.212 en 2010, 1.229 en 2011, 941 en 2012, 820 en 2013, 688 en 2014, 664 en 2015, 800 en 2016, 711 en 2017 e 926 en 2018 cunha media anual de 847,18.

#### ■ Datos do ano 2018 (medidas impostas de maior aplicación)

RELACIÓN DAS MEDIDAS SEGUNDO A SÚA MAIOR APLICACIÓN DURANTE O ANO 2018		
TIPO DE MEDIDA	CIFRA CONCRETA	% 2018
<b>CIFRA TOTAL DE MEDIDAS</b>	<b>926</b>	<b>100%</b>
LIBERDADE VIXIADA	522	56,37%
INTERNAMENTO EN ESTABLECEMENTO SEMIABERTO	138	14,90%
OUTRAS MEDIDAS	88	9,50%
<b>TOTAL TRES PRIMEIRAS MEDIDAS</b>	<b>748</b>	<b>80,78%</b>
PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE	40	
CONVIVENCIA FAMILIAR/EDUCATIVA	40	
INTERNAMENTO EN CENTRO TERAPÉUTICO	39	
INTERNAMENTO EN ESTABLECEMENTO PECHADO	35	
PERMANENCIA FIN DE SEMANA	11	
INTERNAMENTO EN ESTABLECEMENTO ABERTO	8	
AMOESTACIÓNS	4	
PRIVACIÓN DE PERMISOS E LICENZAS	1	
<b>TOTAL RESTO</b>	<b>178</b>	<b>19,22%</b>



### § 3. PROTECCIÓN DE MENORES

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. PROTECCIÓN DE MENORES DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
EXPEDIENTES DE TUTELA AUTOMÁTICA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA		146	60	86	1.186
EXPEDIENTES DE GARDA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA		120	34	58	438
EXPEDIENTES DE PROTECCIÓN ABERTOS A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO		509	263	63	1.736
PROCEDEMENTOS DE IMPUGNACIÓN DE MEDIDAS ACORDADAS POLAS ENTIDADES PÚBLICAS	POR INSTANCIA DO FISCAL	0	0	0	0
	POR INSTANCIA DE PARTICULARES	23	28	0	108
	TOTAL	23	28	0	108
INTERVENCIÓN EN PROCESOS XUDICIAIS RELATIVOS A ACOLLEMENTOS		43	50	0	156
INTERVENCIÓN EN ADOPCIÓNS		22	19	8	32
INTERVENCIÓN EN PROCESOS EN DEFENSA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS		0	1	0	78
VISITAS DE INSPECCIÓN A CENTROS DE PROTECCIÓN DE MENORES		26	25	4	52
PROCESOS SOBRE SUBTRACCIÓN INTERNACIONAL DE MENORES		2	1	0	0
EXPEDIENTES SOBRE ENSAIOS CLÍNICOS		0	0	0	0

Continua abaixo

GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	
1.478	363	307,16%	EXPEDIENTES DE TUTELA AUTOMÁTICA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA
650	263	147,14%	EXPEDIENTES DE GARDA INCOADOS TRAS COMUNICACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA
2.571	1.475	74,30%	EXPEDIENTES DE PROTECCIÓN ABERTOS A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO
0	1	-1	PROCEDEMENTOS DE IMPUGNACIÓN DE MEDIDAS ACORDADAS POLAS ENTIDADES PÚBLICAS
159	75	112%	POR INSTANCIA DO FISCAL
159	76	109,2%	POR INSTANCIA DE PARTICULARES
			TOTAL
249	57	336,8%	INTERVENCIÓN EN PROCESOS XUDICIAIS RELATIVOS A ACOLLEMENTOS
81	109	-25,68%	INTERVENCIÓN EN ADOPCIÓNS
79	8	887,5%	INTERVENCIÓN EN PROCESOS EN DEFENSA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS
107	63	69,84%	VISITAS DE INSPECCIÓN A CENTROS DE PROTECCIÓN DE MENORES
3	2	50%	PROCESOS SOBRE SUBTRACCIÓN INTERNACIONAL DE MENORES
0	0	0	EXPEDIENTES SOBRE ENSAIOS CLÍNICOS

Vén de arriba



En materia de protección de menores debe destacarse o relativo ás adopcións. Segundo os datos extraídos da Consellería de Política Social e informacións do medio de comunicación *La Voz de Galicia*, as adopcións encóntranse nun proceso decrecente sobresaliente.

Cada vez é menor o número de familias galegas que decide adoptar. A cifra derrúbase ata ser a máis baixa das estatísticas que recolle a Consellería de Política Social, que se remontan ao ano 2000. Un exemplo: no 2004 un total de 888 familias iniciaron un proceso nacional ou internacional. No 2018 a cifra reduciuse a 135, case a metade, 68 na provincia da Coruña.

O número de peticións para formar unha familia acollendo un neno descende tanto nos casos nacionais como nos internacionais. De feito é a cifra máis baixa do rexistro en ambos os dous. Pero mentres que nos procesos iniciados en España a curva é máis suave nesta caída, nos doutros países o descenso foi en picado. No 2004 iniciaron unha solicitude 683 familias e no 2018 un total de 48. No caso das nacionais, a cifra máis alta foi a do 2003, con 276 peticións, e o pasado exercicio foron 87, tal e como acaba de publicar a Xunta.

O feito de que caian as peticións ten unha razón evidente: cada vez se resolven menos adopcións. No 2018 houbo 47 preasignacións de menores doutros países, fronte ás 332 do 2006. As nacionais levan un ritmo máis estable, pero tamén se producen moi poucas, 27 no último exercicio, fronte ás 92, por exemplo, do ano 2002.

No caso das internacionais, no 2018 só chegaron pequenos de seis países: 21 de Hungría, 11 de Vietnam, 2 de Bulgaria, 8 de China, 4 catro de Colombia e 1 de Filipinas.

En teoría, que caian as adopcións é unha mala noticia para as familias que queren acollerse a este proceso, pero é un síntoma de que as condicións socioeconómicas do país elixido melloraron. Diferente é cando hai que pechar un destino por conflito, ou porque non pode asegurarse un proceso con garantías. Etiopía, que durante anos foi un Estado ao que moitas familias acudían para acoller un pequeno —desde o 2000 chegaron 833 pequenos a Galicia, por riba de China, con 709—, pechou no 2017 a saída de nenos en adopción internacional, asegurando que buscaría solucións nacionais para os nenos dos orfanatos.

Agora mesmo quen inicia un proceso de adopción en Galicia pode enfrontarse a máis de dez anos de espera, como pasa en China, mentres que no 2005 a demora podía ser de 18 meses. A adopción nacional non experimentou cambios tan bruscos nin nas solicitudes nin no tempo, pero as familias que queren ser pais enfróntanse a uns sete anos de espera, salvo no caso dos programas especiais, con varios grupos de irmáns ou pequenos con algún tipo de discapacidade.



## SECCIÓN 2.7. ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Conforme as instrucións recibidas da fiscalía de sala coordinadora da FXE, as memorias das catro fiscalías provinciais de Galicia abordaron a temática da Cooperación Internacional, área que, de acordo coa súa normativa específica (particularmente, Instrucións 2/2003 e 1/2011 da FXE) abarca os ámbitos da actividade internacional. Desta forma, trátanse temas relativos ao auxilio xudicial internacional (comisións rogatorias, redes internacionais como Rede Xudicial Europea e Iber-Red, Rede interna de Fiscais de Cooperación Internacional); as relacións internacionais e a cooperación ao desenvolvemento.

A seguir, facemos unha descrición resumida da información na materia facilitada polas fiscalías provinciais nas súas respectivas memorias anuais relativas ao ano 2018.

### Fiscalía Provincial da Coruña

*Orde Europea de Investigación (OEI).* Constan 22 ordes recibidas, desde xullo a decembro de 2018, a maior parte delas procedentes de Alemaña. Apunta que a principal vantaxe do novo instrumento de recoñecemento mutuo de resolucións na Unión Europea (Lei 23/2014, modificada por a Lei 3/2018) é a facilidade para concretar as dilixencias solicitadas, así como para identificar e contactar coas autoridades requirentes.

*Expedientes de cooperación internacional.* Aparece consignada a cifra total de 61 expedientes, con aumento interanual de 11 (22%) e a seguinte distribución: 34 comisións rogatorias, 22 ordes de investigación (xa referidas), 1 seguimento pasivo internacional, 1 ditame de servizo, 1 recoñecemento mutuo activo e 2 recoñecementos pasivos.

En canto aos expedientes de cooperación pasiva recibidos, a maior parte deles (15 dun total de 34) proceden de Portugal.

### Fiscalía Provincial de Lugo

*Comisións rogatorias.* Tramitáronse en 2018 un total de 10 (todas pasivas, ningunha activa), cun descenso interanual de -1 (-11,1%).

Sinala tamén a memoria provincial que “o 30 de decembro de 2018 houbo unha reunión na sede de Eurojust entre as autoridades españolas e italianas en relación coa investigación levada a cabo por ambos os dous países. Acordouse nela que por parte de España se ía remitir unha comisión rogatoria a Italia e por parte de Italia se emitiría unha orde europea solicitando información ao Xulgado de Instrución nº 1 de Vilalba, Lugo, e outra á Fiscalía Xeral do Estado para recibir información sobre feitos similares investigados en toda España.”





### Fiscalía Provincial de Ourense

*Comisións rogatorias.* Tramitáronse en 2018 un total de 8 comisións rogatorias pasivas, con descenso interanual de -4 (-33,33%). A maior parte delas (7) procedían de Portugal. En canto ás comisións rogatorias activas, tramitáronse 2, con descenso de -4 (-66,67%).

Outros datos. No 2018 tamén se rexistraron 3 seguimentos pasivos e 20 ditames de servizo (igual que no ano anterior).

### Fiscalía Provincial de Pontevedra

- Tramitáronse no ano un total de 115 expedientes de cooperación internacional, con elevado incremento, respecto á anualidade anterior, de 49 (74,24%). A maioría deles proceden tamén de Portugal, concretamente 73 (63,48%).

- Distribución desa cifra total: 27 relativos a ordes europeas de investigación (OEI), 3 de seguimento pasivo, 27 comisións rogatorias pasivas e 56 ditames (44 pasivos e 12 activos) de servizo referidos a cuestións reguladas na mencionada Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea. Constan tamén 3 ditames de servizo emitidos en expedientes de cooperación xudicial executados por xulgados de instrución da provincia.

Por último, recollemos a rede de fiscais de Galicia en relación con esta área especializada.

ÁREA ESPECIALIZADA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. <sup>a</sup> ARÁNZAZU SAN JOSÉ GONZÁLEZ, Delegada provincial, destinada na Fiscalía de Área de Santiago
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. <sup>a</sup> BELÉN QUINTELA LÓPEZ Delegada provincial, destinada na Fiscalía Provincial de Lugo
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. JOSÉ-MANUEL UCHA LÓPEZ, Delegado provincial, destinado na Fiscalía Provincial de Ourense
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> ELENA SOUTO TABOADA (Fiscalía delegada, destinada na Fiscalía Provincial de Pontevedra)
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	FISCALA ENLACE NA FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL: D. <sup>a</sup> M <sup>a</sup> -ELENA GÁNDARA ÁLVAREZ, Fiscal de enlace na fiscalía de área de Vigo D. JAVIER ARIAS FRANCÉS



## SECCIÓN 2.8. ÁREA ESPECIALIZADA EN DELITOS INFORMÁTICOS

§ 1. INTRODUCCIÓN

§ 2. ESTATÍSTICA

### § 1. INTRODUCCIÓN

#### ■ O fenómeno da ciberdelincuencia

O crecente e exponencial impacto, en todas as ordes da vida, das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) supuxo, tamén —tal como dicíamos na memoria do ano pasado— unha transformación da concepción tradicional do mundo xurídico. Unhas veces, as TIC supuxeron novos medios ou instrumentos para a comisión de delitos clásicos, mentres que noutras ocasións esta nova realidade tecnolóxica supuxo a irrupción de novas figuras delituosas. Referímonos á denominada ciberdelincuencia, cibercrime ou delincuencia informática, que podemos definir como aquela que supón o uso de dispositivos ou sistemas informáticos e telemáticos, ben como instrumento de comisión delituosa, ben como obxecto material da mesma actividade ilícita.

Os expertos veñen apuntando que co avance exponencial das TIC se produce un fenómeno dobre. Por unha banda, cada ano prodúcese un incremento real da ciberdelincuencia, que pode ser, polo menos, dun 40%, pero por outra banda só se denuncia (delitos coñecidos) unha reducida parte dos delitos informáticos, ao redor do 10%, que mesmo podería ser só o 2%. Isto supón que unha cantidade próxima ao 90-98% da delincuencia informática real formaría parte da denominada “delincuencia oculta”, é dicir, realmente existente pero non denunciada por diversos motivos. Este silencio vén motivado moitas veces porque hai empresas vítimas que temen coa denuncia prexudicar a súa reputación corporativa ou perder a confianza do mercado.

As singulares características do cibercrime (grande impacto económico, extraterritorialidade, altos índices de impiedade etc.) esixen unha resposta apropiada por parte dos poderes públicos, tanto desde un punto de vista preventivo como represivo.

O noso ordenamento xurídico foise adecuando a este novo ámbito tecnolóxico, social e económico e para tal fin veu establecendo novas modalidades ou subtipos de figuras delituosas xa existentes ou ben creando *ex novo* outros tipos penais, de carácter específico e autónomo (*sexting, stalking, phishing, grooming...*). A culminación desta adaptación produciuse a través da reforma do CP operada polo 1/2015, do 30 de marzo.

Particularmente salientable é a incidencia das TIC en determinadas áreas delituosas, como os delitos patrimoniais, os delitos de odio e discriminación, os delitos contra a liberdade (inxurias e calumnias), a delincuencia contra menores ou contra mulleres. Tampouco hai que esquecer os delitos cometidos por menores a través das redes informáticas (ciberacoso, violencia de xénero).



A pesar da complexidade que representa o control da ciberdelincuencia, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado están moi preparadas para perseguir este tipo de delitos, se ben contan cunha escasa dotación de medios e teñen que adaptarse a esta problemática cambiante modificando tamén a súa metodoloxía de persecución e investigación. Para iso, dentro do Corpo Nacional de Policía creáronse Brigadas Especializadas en Investigación Tecnolóxica e Seguridade Informática, e dentro da Garda Civil, o Grupo de Delitos Telemáticos.

Para a persecución da actual ciberdelincuencia resultan inadecuados e insuficientes os medios tradicionais de investigación. A denominada *proba electrónica* resulta esencial para a investigación e persecución das diversas modalidades de cibercrime. Tanto os órganos xudiciais como as Fiscalías e as Forzas e Corpos de Seguridade públicos deben dispoñer de suficientes recursos humanos, materiais e tecnolóxicos, así como dun apoio legal axeitado. Neste sentido, a última reforma da LACrim en virtude da Lei orgánica 13/2015, do 5 de outubro, para o fortalecemento das garantías procesuais e a regulación das medidas de investigación tecnolóxica, proporciona unha apropiada base normativa para afrontar os novos retos.

A Instrución 2/2011 da FXE, do 11 de outubro, ocupouse da regulación desta especialidade ao redor da figura do novo fiscal de Sala de Criminalidade Informática —creado por RD 1735/2010— e das seccións de criminalidade informática das fiscalías. A delincuencia informática ou ciberdelincuencia caracterízase esencialmente por englobar unha ampla gama de comportamentos ilícitos cun factor común tecnolóxico, a utilización das TIC, as tecnoloxías da información e as comunicacións (informática, telemática...), as cales, á súa vez, mostran unha capacidade exponencial de crecemento e modificación. Debido a esa variedade e amplitude, xunto ao referido elemento tecnolóxico, outra das características dos delitos informáticos é que, a nivel de tipificación penal, non se encontran sistematizados no Código penal, senón que se achan dispersos ao longo de diferentes títulos da súa parte especial.

A referida Instrución 2/2011 da FXE refírese aos delitos que integran o ámbito obxectivo da área de criminalidade informática e realiza un “catálogo inicial de delitos” aos que se estende o marco de competencias da área, e que estrutura en tres bloques, dentro dos cales se inclúen os tipos delituosos concretos que logo se recollen no apartado de “estatística fiscal”: A LO 1/2015, do 30 de marzo, de reforma do CP, afectou a moitos destes tipos, o que se traduciu nuns novos cadros estatísticos que gardan pouca relación cos de anos anteriores. A Instrución, para facilitar o labor interpretativo, recolle unha clasificación dos delitos informáticos sobre a base de tres criterios.

- Delitos nos que o obxecto da actividade delituosa son os propios sistemas informáticos ou as TIC. Neste bloque podemos incluír o delito de danos (arts. 264 e ss. CP), o de descubrimiento e revelación de segredos contra particulares ou empresas (arts. 197 e 278), así como os delitos contra os servizos de radiodifusión ou interactivos (art. 286).
- Delitos nos que a actividade criminal se serve para a súa execución das vantaxes que ofrecen as TIC. Neste apartado teñen cabida delitos como a “estafa informática” ou cometi-



da con medios TIC (arts. 248 y 249), o delito de acoso a menores de 16 anos (art. 183 ter), os delitos relativos a pornografía con menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección (art. 189), ou os delitos contra a propiedade intelectual na sociedade da información (arts. 270 e ss.).

■ Delitos nos que a actividade criminal, ademais de servirse para a súa execución das vantaxes que ofrecen as TIC, entraña especial complexidade na súa investigación, que demanda coñecementos específicos na materia. Neste grupo teñen cabida os delitos de falsificación documental (arts. 390 e ss.), os delitos contra o honor (arts. 211 e ss.), os delitos de ameazas e coaccións (arts. 169 e ss. e 172 e ss.), os delitos contra a integridade moral (art. 173.1), os delitos de apoloxía ou incitación á discriminación, o odio e a violencia (art. 510).

A nivel europeo abordouse esta delincuencia mediante a creación dun Centro Europeo do Cybercrime, que forma parte da estrutura da Europol, con sede na Haia. A nivel internacional, o texto xurídico de referencia é o Convenio sobre a Ciberdelincuencia, feito en Budapest o 23 de novembro de 2001, ratificado por España mediante instrumento do 20.05.2010 (publicado no BOE do 17.09.2010).

Por último, non debe esquecerse a posible incidencia que na área da delincuencia informática ten a entrada en vigor e plena aplicabilidade, o día 25.05.2018, do novo Regulamento europeo de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos). Mentres tanto e de forma paralela segue o seu curso a tramitación no Congreso dos Deputados do Proxecto de Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (BOCG 24.11.2017), que pretende a adaptación a ese novo marco normativo da Unión Europea da anterior LO 15/1993, do 13 de decembro.

### ■ Rede de fiscais especialistas nas fiscalías de Galicia

ÁREA ESPECIALIZADA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. LUIS VÁZQUEZ SECO (Fiscal delegado provincial, destinado na FP da Coruña, onde tamén é FISCAL RESPONSABLE SIMF)
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. JOSÉ-LUIS ÁLVAREZ GARCÍA (Fiscal delegado provincial, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (Fiscal delegado provincial, destinado na FP de Ourense, da que é FISCAL-XEFE)
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D.ª REBECA CORDEIRO VILLAR (Fiscal delegada provincial, destinada na FA de Vigo)
FISCAIS DE ENLACE	Fiscalía provincial de Pontevedra: D.ª REBECA RODRÍGUEZ SUÁREZ



## § 2. ESTATÍSTICA

A continuación recóllense, de forma sintetizada e sistematizada, os datos das estatísticas fiscais provinciais nesta área de delincuencia informática (§ 2.1). Digamos tamén que o Ministerio do Interior conta cun portal estatístico web no que se recolle unha minuciosa estatística de cibercriminalidade <sup>51</sup> Sen ánimo exhaustivo, desde o punto de vista material ou substantivo aquí poden incluírse condutas moi heteroxéneas, tales como o acceso non autorizado a sistemas informáticos (*hacking*), a alteración, modificación ou eliminación de datos dun sistema informático (*cracking*), o acoso sexual. Entre os delitos tradicionais, con nova modalidade cibernética, podemos citar os supostos, previstos no vixente Código penal (CP), de difusión de material pornográfico entre menores (art. 186), a pornografía infantil ou con vítimas incapaces (art. 189), a difusión de mensaxes inxuriosas ou calumniosas (art. 211), as estafas informáticas ou electrónicas (art. 248.2), os delitos contra a propiedade intelectual (art. 278), a espionaxe empresarial (art. 278), a publicidade enganosa (art. 282) e a falsidade documental (arts. 390 e ss.). Por outra parte, o propio CP tipifica determinados delitos de perfil singularmente infotelemático, como os previstos nos arts. 197 a 201 (interceptación de correo electrónico, apoderamento, utilización, modificación ou acceso a datos reservados de carácter persoal, acceso a sistemas informáticos etc.), os do arts. 256 (uso non autorizado de terminais de comunicación) e os dos arts. 264 a 264 *quater* (danos informáticos).

A estafa informática segue a ser o delito de maior relevancia cuantitativa, isto é, a cometida a través de TIC (artigo 172 CP), cuxos datos porcentuais son os seguintes: a) en canto á actividade fiscal, 28,2% dos delitos asociados ás DIP incoadas e 46,3% dos asociados ás cualificacións fiscais; e b) en canto á actividade xudicial, 70,71% dos delitos asociados aos procedementos incoados (delitos incoados) e 52,5% dos delitos asociados ás sentenzas (delitos sentenciados). Os delitos informáticos relacionados coa pornografía con menores ou con persoas con discapacidade ocupan o segundo lugar en importancia con porcentaxes do 16,6% dos delitos cualificados e o 22% dos sentenciados.

Aínda que con pouco peso na estatística de momento, si teñen moita relevancia criminolóxica e social outros delitos: o delito de *ciberstalking* ou acoso a través das TIC (art. 172 CP), en particular o *ciberstalking* ou acoso a menores de 16 anos a través das TIC, configurado tamén como *online child grooming*, delito de preparación *on line* de menores con fins sexuais (art. 183 ter CP), ou o delito de pornografía relativo a menores ou persoas discapacitadas cometidos a través das TIC (art. 189 CP).

A estatística propia da Fiscalía recolle datos e información en materia de delincuencia informática durante o ano 2018 a partir das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia. Para os efectos de sistematización, distinguimos entre datos da actividade fiscal (DIP e cualificacións) e datos da actividade xudicial (procedementos e sentenzas).



## § 2.1. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE FISCAL: DIP E CUALIFICACIÓNS

### ■ Procedementos fiscais: dilixencias de investigación penal (DIP)

ESTATÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
DIP INCOADAS	35	0	3	1	39	30	30%
DIP REMATADAS	35	0	3	0	38	30	26-66%
DIP REMATADAS POR ARQUIVAMENTO	10	0	3	0	13	21	-38,10%
DIP REMATADAS POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)	25	0	0	0	25	9	177%

### ■ Delitos asociados a incoación de DIP

ESTATÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA DIP INCOADAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS Á SÚA INCOACIÓN) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN DE DIP		CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	2	0	0	0	2	4	-50%	5.12%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER)	2	0	0	0	2	1	100%	5,12%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 173)	0	0	0	0	0	0	0	0

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189)	9	0	0	0	9	0	9 (100%)	23%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0	0	0	0	0
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	5	0	0	0	5	0	5 (100%)	12,8%
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	3	0	0	0	3	0	3 (100%)	7,7%
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197)	5	0	0	0	5	0	5 (100%)	12,8%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215)	0	0	0	0	0	1	0	0
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249)	9	0	2	0	11	23	-52.17%	28,2%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	0	0	0	0	0
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0	0	0	0	0
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	0	0	0	1	1	0	1 (100%)	2,56%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	0	0	1	0	1	0	1 (100%)	2,56%

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	0	0	0	0	0	1	-100%	0
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510)	0	0	0	0	0	0	0	0
CIFRA TOTAL		35	0	3	1	39	30	30%	30%
% DO TOTAL		89.74%	0	7,69%	2.56%	100%			

### ■ Cualificacións fiscais (delitos asociados)

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA CUALIFICACIÓN FISCAIS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A CUALIFICACIÓN		CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓN A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	3	0	2	0	3	1	200%	2.7%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER)	3	0	0	0	3	1	200%	2.7%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 173)	3	0	0	0	3	0	300%	2.7%
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189)	4	0	1	13	18	8	125%	16,6%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0	0	0	0	0
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	7	0	0	0	7	0	700%	6,48%

Continúa na páxina seguinte





Vén da páxina anterior

DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	0	0	0	0	0	7	-100%	0
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197)	1	0	4	0	5	5	0	4,6%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215)	0	0	0	0	0	1	-100%	0
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249)	11	13	16	10	50	39	28.20%	46,3%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	7	7	1	600%	6,48%
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0	0	1	-100%	0
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	2	0	0	4	6	5	20%	5,55%
	DELITOS CONTRA A PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	0	0	1	0	1	0	100%	0,92%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	3	0	0	0	3	2	50%	2,7%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510)	0	0	0	0	0	0	0	0
CIFRA TOTAL		37	13	24	34	108	71	52.11%	52.11%
% DO TOTAL		34,25%	12,03%	22,22%	31,48%	100%			



## § 2.2. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE XUDICIAL: PROCEDEMENTOS XUDICIAIS E SENTENZAS

### ■ Procedementos xudiciais incoados (delitos asociados)

ESTATÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A INCOACIÓN PROCEDIMENTAL		CORU	LUGO	OURE	PONTE	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	9	0	29	1	39	59	-33,90%	6,6%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER)	11	0	0	1	12	2	500%	2,05%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172)	2	0	0	0	2	2	0	0,34%
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189)	12	2	3	13	19	26	-26.92%	3,25%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	1	1	3	-66.66%	0,17%
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	21	1	0	1	23	0	100%	3.93%

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 B12IS E TER)	9	0	0	3	12	6	100%	2,05%
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197)	31	0	5	1	37	15	147%	6,33%
DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 215)	4	0	0	0	4	2	100%	0,68%
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249)	128	40	198	47	413	407	1.47%	70,71%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	1	1	0	100%	0,17%
	DELITOS CONTRA SERVICIOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0	0	0	0	0
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	0	0	0	3	3	6	-50%	0,51%
	DELITOS CONTRA A PROPIEDAD INTELECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	1	0	1	1	3	1	200%	0,51%
	DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	0	0	0	3	3	2	50%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510)	0	0	1	0	1	0	100%	0,17%
CIFRA TOTAL		228	43	237	76	584	526		
% DO TOTAL		39.14%	7,36%	40.58%	13.01%	100%			-33,90%



## ■ Sentenzas ditadas

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS DITADAS. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
SENTENZAS CONDENATORIAS SEN CONFORMIDADE DO ACUSADO	8	1	10	14	33	28	17,85%	44,59%
SENTENZAS CONDENATORIAS CON CONFORMIDADE DO ACUSADO	10	4	1	9	24	52	-53,84%	32,43%
TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	18	5	11	23	57	80	-28,75%	77%
TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	5	1	9	2	17	15	13,33%	22,97%
TOTAL SENTENZAS (CONDENATORIAS E ABSOLUTORIAS)	23	6	20	25	74	95	-22,10%	100%
PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL	31.08%	8.10%	27.02%	33.78%	100%			

## ■ Suxeitos (acusados e condenados)

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA SUXEITOS (ACUSADOS E CONDENADOS). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
ACUSADOS	81	30	24	34	169	164	3,04%	75,11%
CONDENADOS	19	4	12	21	56	76	-26,31%	31,66%
TOTAL ACUSADOS E CONDENADOS	100	34	36	55	225	240	-6,25%	100%
PORCENTAXE EN CIFRA TOTAL	44.44%	15,11%	16%	24,44%	100%			



■ Sentenzas condenatorias (delitos asociados)

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELINCUENCIA INFORMÁTICA SENTENZAS CONDENATORIAS (DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA									
DELITOS INFORMÁTICOS ASOCIADOS A SENTENZA CONDENATORIA		CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	AMEAZAS E COACCIÓNS A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 169 E SS. E 172 E SS. CP)	2	0	1	0	3	21	-85,71%	5%
	ACOSO COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172 TER)	2	0	0	0	2	42	-95,23%	3,3%
DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	TRATO DEGRADANTE COMETIDO A TRAVÉS DE TIC (ART. 172)	0	0	0	0	0	0	0	0
DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL	DELITOS DE PORNOGRAFÍA INFANTIL OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 189)	3	1	1	8	13	13	0	22%
	ACOSO A MENORES DE 16 ANOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 183 TER)	0	0	0	0	0	0	0	0
	CALQUERA OUTRO DELITO CONTRA A LIBERDADE SEXUAL COMETIDO A TRAVÉS DE TIC	1	0	0	0	1	0	100%	1,7%
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	ATAQUES A SISTEMAS INFORMÁTICOS/ INTERCEPTACIÓN TRANSMISIÓN DATOS (ART. 197 BIS E TER)	0	0	0	0	0	0	0	0
	DESCUBRIMENTO E REVELACIÓN DE SEGREDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 197)	1	0	3	0	4	5	-20%	8,7%

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

DELITOS CONTRA O HONOR	CALUMNIAS/ INXURIAS CONTRA FUNCIONARIO OU AUTORIDADE COMETIDAS A TRAVÉS DE TIC (ART. 0215)	0	0	0	0	0	0	0	0
DELITOS CONTRA O PATRIMONIO	ESTAFA COMETIDA A TRAVÉS DE TIC (ARTS. 248 E 249)	11	3	5	12	31	43	-27.90%	52,5%
	DESCUBRIMENTO DE SEGREDOS EMPRESARIAIS (ARTS. 278 E SS.)	0	0	0	1	1	0	1(100%)	1.7%
	DELITOS CONTRA SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN E INTERACTIVOS (ART. 286)	0	0	0	0	0	1	-100%	0
	DELITOS DE DANOS INFORMÁTICOS (ARTS. 264, 264 BIS E 264 TER)	1	0	0	0	1	1	0	1,7%
	DELITOS CONTRA PROPIEDAD INTELLECTUAL EN SOCIEDADE INFORMACIÓN (ARTS. 270 E SS.)	1	0	1	0	2	1	100%	3,3%
DELITOS DE FALSIDADE	FALSIFICACIÓN A TRAVÉS DE TIC	0	1	0	0	1	3	-66%	1,7%
DELITOS CONTRA A CONSTITUCIÓN	DELITOS DE DISCRIMINACIÓN COMETIDOS A TRAVÉS DE TIC (ART. 510)	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>CIFRA TOTAL</b>		<b>22</b>	<b>5</b>	<b>11</b>	<b>21</b>	<b>59</b>	<b>130</b>	<b>-54.61%</b>	<b>-54,6%</b>
<b>% DO TOTAL</b>		<b>37.28%</b>	<b>8,47%</b>	<b>18,64%</b>	<b>35,59%</b>	<b>100%</b>			



## SECCIÓN 2.9. ÁREA ESPECIALIZADA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL

### § 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

#### § 2. ACTUACIÓNS DA FISCALÍA DE GALICIA: PROXECTO DE CREACIÓN DA OFICINA DE ATENCIÓN Á VÍTIMA DO DELITO (OAVD) EN GALICIA

### § 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Ben pode dicirse que o ano 2015 foi o ano das vítimas, en canto á aprobación e entrada en vigor das respectivas leis nacionais de transposición de toda a normativa da Unión Europea sobre vítimas. A partir dese momento, fóronse desenvolvendo distintas actuacións tanto a nivel estatal como autonómico de Galicia.

Así, respecto á UE, constituíu un fito fundamental a Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos. A dita directiva estableceu a obriga de que os Estados membros puxesen en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido nesta, como moito o 16.11.2015 (art. 27, “incorporación ao dereito interno”).

Polo que se refire a España, a transposición desta importante directiva realizouse mediante o Estatuto da vítima do delito (EVD), aprobado pola Lei 4/2015, do 7 de abril, publicada no BOE do día 28.4.2015 e con entrada en vigor aos seis meses da súa publicación, concretamente o 28.10.2015.

O novo EVD constituíu un auténtico fito normativo no noso ordenamento xurídico nesta materia específica e transversal, xa que, de xeito expreso e detallado, regula o estatuto do colectivo de vítimas dos delitos, incluíndo un catálogo de dereitos e un compendio de facultades, co fin de brindar unha especial protección.

Posteriormente ditouse o Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve o EVD e se regulan as Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito (OAVD). O art. 15 deste RD e o art. 31 EVD outórganlle ao Goberno e ás Comunidades Autónomas con competencias transferidas (como é o caso de Galicia) a facultade para determinar a organización, dirección e control das OAVD, así como para aprobar os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

Desde o primeiro momento, a temática do novo EVD e a posta en marcha das referidas oficinas foi obxecto de especial atención por parte da Fiscalía, tanto da FXE como das fiscalías territoriais e, particularmente, da Fiscalía de Galicia.



ÁREA ESPECIALIZADA DE VÍTIMAS	
FISCALÍA	FISCAL DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D.ª Mª EUGENIA LÓPEZ ARIAS, Delegada provincial, destinada na Fiscalía Provincial da Coruña
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D.ª CLAUDIA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Delegada provincial, destinada na Sección Territorial de Mondoñedo
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (FISCAL XEFE) Delegado provincial destinado na Fiscalía Provincial de Ourense
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. JUAN-CARLOS ALADRO FERNÁNDEZ (FISCAL XEFE), Delegado provincial, destinado na FP de Pontevedra
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	FISCAL ENLACE EN FERROL: D. MIGUEL ARMENTEROS LEÓN (FISCAL XEFE) Fiscala enlace na fiscalía de área de Vigo: D.ª RITA RUÍZ BARCIA

## § 2. ACTUACIÓNS DA FISCALÍA DE GALICIA: PROXECTO DE CREACIÓN DA OFICINA DE ATENCIÓN Á VÍTIMA DO DELITO EN GALICIA

### 1. Fase inicial en FXE e Fiscalía de Galicia

O tema do novo modelo da OAVD xa foi inicialmente obxecto de atención por parte da FXE, que o levou á reunión da Xunta de Fiscais Superiores, que tivo lugar o día 04.11.2015. Alí acordouse iniciar nas fiscalías autonómicas a organización dun Servizo de Atención ás Víctimas, inspirado no modelo da Fiscalía autonómica de Madrid (Servizo de Atención a Víctimas, Testemuñas e demais Persoas en Situación de Risco). Concretamente, dispuxérase que, en relación coa implantación dos servizos de atención ás vítimas, os fiscais superiores terían que iniciar a posta en marcha destes servizos. No dito modelo o contido mínimo das funcións dos fiscais superiores estaría integrado pola coordinación, a supervisión e a reclamación de medios. Engadiuse que farían unha relación das dificultades e carencias detectadas para realizar unha avaliación do realizado na seguinte Xunta de Fiscais Superiores.

Posteriormente, a Fiscalía autonómica de Galicia abordou este tema na Xunta de Fiscais do 15.12.2015, na que o Fiscal Superior comunicou que se implantarían nas fiscalías provinciais as Oficinas de Asistencia ás Víctimas, seguindo as pautas establecidas na Xunta de Fiscais Superiores de CA do día 4.11.2015.

### 2. Actuacións en 2016

En posteriores comunicacións da fiscala xeral do Estado, concretamente as do 16.11.2015 e do 21.4.2016, remitíronse instrucións para o cumprimento do acordado naquela Xunta de Fiscais Superiores do 04.11.2015.

Novamente, a Xunta de Fiscais da Fiscalía autonómica de Galicia, na súa reunión do 21.6.2016, abordou a implantación do novo modelo de OAVD, nos seguintes termos:





- Analizouse o papel correspondente á Administración autonómica (Xunta de Galicia) na creación das ditas oficinas. Corresponderalle a dotación dos recursos correspondentes para o seu funcionamento óptimo e a subscrición de convenios con entidades colaboradoras privadas.
- O papel do fiscal debía vir referido fundamentalmente á información procesual que puidese afectarlle e ao asesoramento na materialización dos dereitos recoñecidos pola lei. Esa información podería ser facilitada ás OAVD, ben de oficio ou a petición destas.
- Foi fixado o deseño do novo modelo da OAVD como un dos temas para incluír na orde do día da seguinte reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta.

O 25.10.2016 celebrouse outra Xunta de Fiscais Superiores de CA, na que se abordou o estado da cuestión das actuacións en protección da vítima. Posteriormente, o fiscal xeral, mediante oficio do 13.12.2016, como recordatorio da acordado na dita xunta, deu instrucións para que os fiscais superiores trasladasen aos fiscais provinciais o documento elaborado pola fiscalía de sala delegada de vítimas.

Seguidamente, mediante oficio do 29.12.2016, o fiscal superior de Galicia comunicou á referida fiscalía de sala delegada que, en razón do ordenado, remitira íntegro o documento elaborado por ela aos catro fiscais xefes provinciais de Galicia para a súa difusión entre todos os fiscais das súas respectivas fiscalías, especialmente os delegados de protección de vítimas. Así mesmo, informoulle do envío da Instrución 3/2016 do fiscal superior (que logo se comenta) ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e que a temática das OAVD sería tratada na seguinte reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta, dado as competencias transferidas á Administración autonómica na materia.

Con data do 19.12.2016 o fiscal superior de Galicia ditou a Instrución 3/2016, sobre actuacións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre a protección e tutela das vítimas no proceso penal. A devandita Instrución viña motivada pola necesidade de adecuar a actuación dos fiscais e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado con motivo da entrada en vigor do novo Estatuto da Vítima do Delito (Lei 4/2015) e o posterior Real decreto 1109/2015, polo que se desenvolve este e se regulan as OAVD.

### 3. Actuacións en 2017

A devandita reunión da Comisión Mixta, celebrada o 31.1.2017, abordou o tema das oficinas de asistencia integral ás vítimas do delito. Nesta acordouse que a Administración autonómica iniciase as xestións tendentes á creación das OAVD mediante a implantación dunha infraestrutura potente na materia, que contaría coa colaboración e participación activa, na súa tramitación e impulso, desta Fiscalía da CA de Galicia.

Este proxecto de OAVD sería obxecto tamén da Xunta de Fiscais Xefes Provinciais de Galicia celebrada o día 12.9.2017. O fiscal xefe de Pontevedra expuxo que, por propia iniciativa e como achega, estaba a desenvolver un proxecto para a futura oficina. O fiscal superior manifestou que o tema sería tratado na seguinte Comisión Mixta Fiscalía-Xunta, onde se propoñería



un avance decisivo mediante a creación dunha comisión dedicada á posta en funcionamento da OAVD, con participación de todos os sectores implicados (xuíces, fiscais, letrados da Administración de Xustiza).

A mencionada Comisión Mixta ocupouse, na súa nova reunión do 19.12.2017, da creación e posta en funcionamento das OAVD. O fiscal superior puxo de manifesto o interese da Unidade Especializada de Víctimas da FXE en impulsar as OAVD en todas as CC.AA. con competencias transferidas (como o caso de Galicia), resaltando a necesaria participación de todos os operadores xurídicos implicados e, especialmente, a colaboración ofrecida pola Fiscalía de Galicia á Xunta. Os representantes da Administración autonómica propuxeron, como actuación intermedia previa á definitiva implantación do novo modelo, un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para dotar a cada un dos actuais Servizos de Atención á Víctima e ao Cidadán (SAVC) dun psicólogo que asumise as funcións inherentes ás esixencias do Estatuto da Víctima de 2015. Expúxose tamén a conveniencia de elaborar, con participación da Fiscalía, un protocolo de actuación da intervención psicolóxica coas vítimas, para o que se solicitou á Fiscalía que se designase un fiscal. En todo caso, o fiscal superior de Galicia solicitoulle á Xunta que se traballase nun modelo de OAVD de futuro.

#### 4. Actuacións en 2018

Conforme o acordado na referida Comisión Mixta, mediante oficio do 12.1.2018 o fiscal superior designou ao fiscal xefe provincial de Pontevedra, don Juan-Carlos Aladro Fernández, para colaborar coa Xunta na confección do mencionado protocolo de actuación psicolóxica nos SAVC, sen prexuízo, se é o caso, do futuro nomeamento dun fiscal colaborador nos proxectos, borradores ou estudos que leve a cabo a Xunta de Galicia para a creación da Nova Oficina de Asistencia ás Víctimas.

A comezos deste ano (2.2.2018), o referido fiscal Sr. Aladro remitiulle á Fiscalía Superior o documento titulado “Proxecto de creación da Oficina de Atención á Víctima do Delito”.

Finalmente, en materia de protección de vítimas, cabe facer referencia ao expediente gubernativo 3/2018 desta Fiscalía autonómica de Galicia. Iniciouse o 18.1.2018 a partir de comunicado recibido da fiscalía delegada de Víctimas da FXE, no que solicitaba un informe sobre a existencia de prácticas ou protocolos de actuación nas fiscalías con órganos xudiciais ou con Forzas de Seguridade de Galicia, co obxecto de elaborar un Protocolo nacional de asistencia a menores vítimas de delito nas Oficinas de Asistencia ás Víctimas (OAVD). Con data do 22.012.2018 o fiscal superior remitiu un completo informe á fiscalía delegada solicitante, ao tempo que lle comunicou que a Comisión Mixta Fiscalía-Xunta do 19.12.2017 abordara a creación e posta en funcionamento das OAVD, á marxe do actual sistema vixente explicado no informe.



## SECCIÓN 2.10. ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

§ 1. INTRODUCCIÓN

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

### § 1. INTRODUCCIÓN

#### ■ Ministerio Fiscal e materia penitenciaria

Unha das funcións esenciais encomendadas constitucional e legalmente ao MF é controlar a execución do cumprimento das penas e medidas privativas de liberdade e, ao mesmo tempo, a protección dos dereitos das persoas afectadas por elas en virtude de condena xudicial firme.

En cumprimento desta misión e funcións, a Fiscalía tense que relacionar tanto cos órganos xudiciais especializados (os xulgados de vixilancia penitenciaria) como coa propia Administración Penitenciaria.

#### ■ Administración Penitenciaria

A institución penitenciaria dun Estado de dereito é instrumento indispensable para a aplicación das políticas de seguridade e intervención social. Constitucional e legalmente ten asignada como principal misión e función a de prestación do servizo público de execución das penas e medidas penais, con orientación da súa actividade ao tratamento, reeducación e rehabilitación das persoas condenadas, e a promoción e cumprimento de medidas alternativas á prisión.

Sobre a base do art. 25. 2 CE e 1 Lei orgánica xeral penitenciaria (LOXP, LO 1/1979, do 26 de setembro), os fins da Administración Penitenciaria poden concretarse en: a) reeducación e reinserción social dos sentenciados a penas e medidas penais privativas de liberdade; b) a retención e custodia de detidos, presos e penados; e c) a asistencia e axuda a internos e liberados. Para o cumprimento de tales fins, esta Administración terá que rexer a súa actuación por principios preestablecidos, como: o principio de legalidade (arts. 103 CE, 3.1 LOXP e 3.1 do seu regulamento); o principio de conservación dos dereitos fundamentais (salvo limitacións legais ou xudicialmente acordadas); e c) o principio de control xurisdiccional da actividade penitenciaria, a cal é exercida por uns órganos xudiciais especializados que son os xulgados de vixilancia penitenciaria.

#### ■ Xulgados especializados de vixilancia penitenciaria

Trátase de órganos xudiciais unipersoais especializados, integrados dentro da orde xurisdiccional penal, cuxa regulación se contén basicamente na referida LOXP e na LOPX. Estes órganos



asumen funcións de vixilancia, decisorias e consultivas e encárganse da execución das penas privativas de liberdade, conforme ao principio de legalidade. Teñen ao seu cargo, xunto co MF, a fiscalización da actividade penitenciaria, para garantir os dereitos das persoas reclusas, calquera que sexa a súa situación, e que se corrigan, de ser o caso, as deficiencias ou abusos que se advirtan no réxime penitenciario.

Polo que se refire á nosa CA, existen en Galicia tres xulgados de vixilancia penitenciaria (VP), que, conforme o acordo adoptado no seu día pola Sala de Goberno do TSX de Galicia, reparten entre si os asuntos correspondentes aos cinco centros penitenciarios (CP) existentes e os dous centros de integración social (CIS):

- Xulgado de VP Núm. 1, con sede na Coruña, que se ocupa dos asuntos do CP de Teixeiro-Curtis (A Coruña), así como os do CIS da Coruña.
- Xulgado de VP Núm. 2, con sede en Pontevedra, que asume os asuntos do CP da Lama (Pontevedra), así como os do CIS de Vigo.
- Xulgado de VP Núm. 3, con sede en Lugo, que se ocupa dos asuntos dos CP de Bonxe e Monterroso (ambos os dous na provincia de Lugo) e do Pereiro de Aguiar (Ourense).

#### ■ Rede de fiscais especialistas en VP nas fiscalías de Galicia

FISCAIS DA ÁREA ESPECIALIZADA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. ANTONIO-MIGUEL LOVERA TECEDOR (Fiscal coordinador, destinado na FP da Coruña)
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. ANTONIO MARTÍNEZ FERNÁNDEZ (Fiscal coordinador, destinado na FP de Lugo)
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	Non hai fiscal especializado nesta materia. Ao non existir Xulgado de Vixilancia Penitenciaria en Ourense, os asuntos na materia (CP do Pereiro de Aguiar) son derivados á Sección especializada da FP de Pontevedra).
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. JUAN-IGNACIO SÁIZ MARTÍN (Fiscal coordinador, destinado na FP de Pontevedra)



## § 2. ESTATÍSTICA

### § 2.1 ESTATÍSTICA XUDICIAL (RESUMO)

Facemos aquí un resumo da estatística xudicial na materia, de elaboración propia a partir dos datos do PNX. Seguidamente, ofrécese un exame máis detallado da nosa propia estatística fiscal en materia de VP.

#### ■ Procedementos

- Procedementos tramitados: 16.438, con descenso interanual de -646, equivalente a -3,78 (-11,07% ano anterior), cifra que comprende 2.530 pendentes do ano anterior e 13.908 incoados no ano (que sufriron un descenso de -1.140=-7,57%). Os procedementos tramitados máis numerosos son: 1) traballos en beneficios da comunidade (TBC), que foron 5.074, cunha porcentaxe sobre o total de case 1/3 (30,87%); 2) permisos de saída, 2.020 e porcentaxe do 12,29%; 3) clasificación de grao, 1.214 e porcentaxe do 7,38%; e 4º sancións disciplinarias, 1.141 e porcentaxe do 6,94%.
- Procedementos rematados: 13.563, con descenso de -991 (-6,81%).
- Procedementos pendentes a final de ano (tramitados - rematados): 2.875, 2.530, con aumento de 345 (13,64%).

- Resolucións. Constan 10.424 autos finais ditados no ano 2018, cun descenso interanual de -1.333 (-11,34%).

### § 2.2. ESTATÍSTICA FISCAL

Os datos desta estatística baséanse nos das estatísticas das fiscalías provinciais e refírense aos procedementos ingresados en Fiscalía (independentemente do ano da súa incoación), así como aos ditames fiscais emitidos sobre eles.


#### § 2.2.1. ESTATÍSTICA DE PROCEDEMENTOS

##### ■ Procedementos ingresados no período dos anos 2008 a 2018

O gráfico posterior reflicte a evolución dos procedementos de VP ingresados na Fiscalía durante ese período, cunha cifra media anual de 11.686. Entre o inicio e o final de ciclo obsérvase un lixeiro descenso acumulado de -537 (-4,32%).



## VIXILANCIA PENITENCIARIA - PROCEDIMIENTOS EN FISCALÍA GALICIA RESUMO PERIODO 2014 - 2018



### ■ Procedementos ingresados no ano 2018

#### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. VIXILANCIA PENITENCIARIA PROCEDIMENTOS XUDICIAIS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
PERMISOS DE SAÍDA	1.764	1.048	70	1.515	4.397	4.411	-0,30%	42,80%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	327	220	8	342	897	833	7,70%	8,73%
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	480	224	0	330	1.034	998	3,60%	10,06%
LIBERDADE CONDICIONAL	197	116	0	90	403	537	-25%	3,92%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA (AFS)	15	0	0	0	15	21	-28,57%	0,15%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	6	1	0	12	19	13	46%	0,18%
TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	7	46	0	1.100	1.153	2.295	-50%	11,22%
REDENCIÓNS	0	1	0	2	3	0	0	0,03%
REFUNDICIÓNS	0	143	0	231	374	523	-28,50%	3,64%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	275	472	7	565	1.319	1.672	-21,11%	12,84%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓ/RESTRICIÓ/SUSPENSIÓ)	10	29	0	90	129	76	69,73%	1,26%
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	2	99	0	392	493	378	30,42%	4,80%


Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	3	0	0	0	3	0	0	0,03%
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)		0	0	0	0	0	0	0
ABOAMENTO PREVENTIVA	12	2	0	3	17	0		0,17%
INDULTO PARTICULAR		0	0	0	0	0		0
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	8	6	0	3	17	14	21,42%	0,17%
LOCALIZACIÓN PERMANENTE	0	0	0	0	0	86	-100%	0
<b>TOTAL PROCEDIMENTOS</b>	<b>3.106</b>	<b>2.407</b>	<b>85</b>	<b>.4675</b>	<b>10.273</b>	<b>12.966</b>	<b>-20,76%</b>	<b>100%</b>
<b>PORCENTAXE DO TOTAL</b>	<b>30,23%</b>	<b>23,43%</b>	<b>0,82%</b>	<b>45,50%</b>	<b>100%</b>			
<b>CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2018</b>								

### VIXILANCIA PENITENCIARIA - GALICIA 2018 PROCEDIMENTOS INGRESADOS EN FISCALÍA POR MA TERRITORIAL



#### ■ Análise de datos

##### - Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal de 2018 constan 10.273 procedementos de VP con descenso interanual de -2693 (-20,76%). Pola súa banda, a estatística xudicial, como vimos, ofrece a cifra total de 16.438 procedementos tramitados no ano e 13.908 incoados, polo que os



procedementos ingresados na Fiscalía en 2018 (10.273) equivalen ao 62,49% e ao 73,86%, respectivamente, dos tramitados e incoados nos xulgados de VP.

- Datos particulares por provincias

PROCEDEMENTOS DE VP INGRESADOS EN FISCALIA EN 2018 DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS PROVINCIAIS			
	PROVINCIA	CIFRA	%
1º	Pontevedra	4.675	45,50%
2º	A Coruña	3.106	30,23%
3º	Lugo	2.407	23,43%
4º	Ourense	85	0,82%
<b>TOTAL</b>	<b>10.273</b>		<b>100%</b>

## § 2.2.2. ESTATÍSTICA DE DITAMES FISCAIS

### ■ Ditames fiscais emitidos no período dos anos 2008 a 2018

No seguinte gráfico móstrase, con bastantes fluctuacións, a evolución dos ditames emitidos en materia de VP no referido período, cunha cifra media anual de 15.661. Entre o inicio e o final do ciclo rexístrase un aumento de 10.854 (102,14%), que se reduce a só 1,21% se se toma como referencia inicial o ano 2010.

### ■ Ditames emitidos no ano 2018

#### ■ Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. VIXILANCIA PENITENCIARIA DITAMES FISCAIS EMITIDOS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
PERMISOS DE SAÍDA	1.242	2.236	70	3433	4.981	7.680	-35,14%	30,52%
CLASIFICACIÓN DE GRAO	248	475	8	777	1.508	1.511	-0,20%	9,24%
SANCIÓNS DISCIPLINARIAS	452	455	0	689	1.596	1.559	2,37%	9,78%
LIBERDADE CONDICIONAL	179	348	0	357	884	832	6,25%	5,42%
ARRESTO DE FIN DE SEMANA (AFS)	15	0	0	0	15	26	-42,30%	0,09%
MEDIDAS DE SEGURIDADE	6	2	0	19	27	21	28,57%	0,16%

Continúa na páxina seguinte






Vén da páxina anterior

TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE (TBC)	7	281	0	3074	3362	4.773	-29,56%	2,21%
REDENCIÓNS	0	2	0	4	6	0	0	0.03%
REFUNDICIÓNS	0	277	0	477	754	806	-6,45%	4.62%
OUTRAS QUEIXAS/PETICIÓNS	245	1.089	7	1.136	2.477	2.545	-2,67%	15.18%
COMUNICACIÓNS (INTERVENCIÓN/RESTRICIÓN/SUSPENSIÓN)	13	44	0	113	170	137	24.10%	1,04%
MEDIDAS COERCITIVAS (ART. 72 RP)	2	109	0	380	491	390	25.90%	3%
SUSPENSIÓN EXECUCIÓN PENA (ART. 60 CP)	2	0	0	0	2	0	0	0.01%
APLICACIÓN RÉXIME XERAL (ART. 36 CP)	0	0	0	0	0	1109	-100%	0
ABOAMENTO PREVENTIVA	11	10	0	6	27	0	0	0.16%
INDULTO PARTICULAR	0	0	0	0	0	0	0	0
VISITAS CENTROS PENITENCIARIOS	8	6	0	3	17	5	240%	0.10%
LOCALIZACIÓN PERMANENTE	0	0	0	0	0	86	-100%	0
TOTAL PROCEDEMENTOS	2.430	5.334	85	10.088	16.317	21.480	-24%	
PORCENTAXE DO TOTAL	14,90%	32.68%	0,52%	61.82%	100%	100%		100%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 20008-2018								



## VIXILANCIA PENITENCIARIA - EVOLUCIÓN DE DITÁMENES FISCAIS PERIODO ANOS 2014 - 2018 - DATOS GLOBAIS DE GALICIA



### ■ Análise de datos


- Datos xerais

Segundo a estatística fiscal, neste ano 2018 constan 16.317 ditames fiscais en materia de VP.

- Datos particulares por provincias

DITAMES FISCAIS EN VIXILANCIA PENITENCIARIA. ANO 2018. DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS			
	PROVINCIA	CIFRA	%
1º	Pontevedra	10.088	61,82%
2º	Lugo	5.334	32,68%
3º	A Coruña	2.430	14,90%
4º	Ourense	85	0,52%
<b>TOTAL</b>	<b>16.317</b>		<b>100%</b>

## VIXILANCIA PENITENCIARIA DITÁMENES FISCAIS POR MATERIAS GALICIA ANO 2018




### § 3. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE: POBOACIÓN RECLUSA

A información que segue é de elaboración propia a partir dos datos ofrecidos na estatística penitenciaria do apartado de Administración Penitenciaria da páxina web do Ministerio do Interior (<http://www.institucionpenitenciaria.es>). Os datos refírense ao final de cada ano (mes de decembro).

#### § 3.1. POBOACIÓN RECLUSA NO PERÍODO 2014 a 2018

No gráfico seguinte reflíctese a evolución da poboación reclusa (PR) durante o referido período, a nivel estatal e a nivel de Galicia. As cifras medias anuais foron de 60.783 persoas reclusas en España e 3.453 en Galicia (5,68% da cifra estatal). Entre o inicio e o final do ciclo obsérvase no conxunto de toda España un apreciable descenso acumulado de 6.134. De forma semellante, polo que se refire a Galicia en particular, rexistrouse un elevado descenso acumulado de 441. Polo que respecta ao Estado, o punto álxido do período foi o ano 2014, cunha PR de 65.017, data a partir da cal se iniciou un continuo descenso, ata chegar á cifra actual. En canto a Galicia, o punto álxido tamén foi o mesmo ano inicial do período, 2014, cunha cifra de 3.750; a partir de aí a tendencia foi de descenso, ata chegar á cifra actual de 3.309.

POBOACIÓN RECLUSA - GALICIA E ESPAÑA  
PERIODO 2014 - 2018



## § 3.2. POBOACIÓN RECLUSA NO ANO 2018

### ■ Datos de España

A data de decembro de 2018, segundo resulta da estatística da Administración Penitenciaria, a cifra total de poboación reclusa (PR) en España era de 58.883, con ascenso interanual de 69 (0,11%), 54.449 homes e 4.434 mulleres.

<b>POBOACIÓN RECLUSA (PR) ESPAÑA 2018</b>			
<b>TOTAL, POR SEXO, E SITUACIÓN PROCESUAL-PENAL</b>			
<b>DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE DIRECCIÓN XERAL IIPP</b>			
	<b>CIFRA</b>	<b>V.I</b>	<b>%</b>
<b>TOTAL</b>	58.883	-0,11	100%
<b>POR SEXO</b>			
<b>HOMES (H)</b>	54.449		92,47%
<b>MULLERES (M)</b>	4.434		7,53%

### ■ Datos de Galicia

Polo que se refire á nosa CA, a cifra de PR en decembro de 2018 era de 3.309, con aumento de 17 (0,51%), distribuída entre 3.113 homes (94,07%) e 196 mulleres (5,92%).

<b>POBOACIÓN RECLUSA GALICIA 2018</b>				
<b>TOTAL E POR SEXO</b>				
<b>DATOS DE ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DE DIRECCIÓN XERAL IIPP</b>				
	<b>CIFRA</b>	<b>V.I.</b>	<b>%</b>	<b>% EN CIFRA ESTATAL</b>
<b>TOTAL</b>	3.309	<b>0,51%</b>	<b>100%</b>	9,61%
<b>HOMES</b>	3.113		<b>94,07%</b>	
<b>MULLERES</b>	196		<b>5,92%</b>	



## SECCIÓN 2.11. ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS

§ 1. INTRODUCCIÓN

§ 2. ESTATÍSTICA

### § 1. INTRODUCCIÓN

Partimos do feito de que esta área especializada ten por obxecto a denominada **delincuencia socioeconómica**, a excepción da que é competencia exclusiva da Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada (art. 19.4 EOMF).

Boa parte desta delincuencia socioeconómica vén regulada, dentro do título XIII do libro II do vixente Código penal (“Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica”), se ben existen outros delitos, de similar natureza, tipificados noutros títulos do mesmo texto punitivo (como os delitos tributarios e contra a Seguridade Social).

Así como os delitos estritamente patrimoniais teñen á protección do patrimonio individual (dereitos económicos ligados á propiedade), os delitos socioeconómicos teñen como ben xurídico protexido, de forma especial, os intereses supraindividuais, sociais ou colectivos da vida económica (desenvolvemento da economía, sistema financeiro, sistema crediticio).

De acordo coas directrices marcadas polo fiscal de sala delegado en materia de delitos económicos, neste apartado corresponde centrar o noso interese no obxecto propio desta área especializada, concretamente os delitos societarios, os delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social e as insolvencias punibles de determinada importancia, cando non interveña a Fiscalía Anticorrupción.

Dado que a diferenza doutras áreas especializadas (violencia de xénero, seguridade viaria, menores, etc.) non existe aínda un sistema ou modelo estatístico específico para esta área, os datos obtidos da información facilitada polas fiscalías territoriais resulta escaso ou de difícil sistematización. Por tal razón, a seguir faremos unha sintética exposición de datos estatísticos que, cando menos, nos permita ter unha visión o máis atinada posible deste tipo de delincuencia nas provincias da nosa CA.



ÁREA ESPECIALIZADA DE DELITOS ECONÓMICOS	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. LUIS VÁZQUEZ SECO, Delegado provincial, destinado na Fiscalía Provincial da Coruña
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. XESÚS ÁLVAREZ GONZÁLEZ. Delegado provincial, destinado na Fiscalía Provincial de Lugo
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. MIGUEL-ÁNGEL RUÍZ SANZ, DELEGADO PROVINCIAL, destinado na Fiscalía Provincial de Ourense
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. AUGUSTO SANTALÓ RÍOS, Delegado provincial, destinado na Fiscalía Provincial de Pontevedra
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	EN FISCALÍA PROVINCIA PONTEVEDRA: Xesús M. Calles Villamandos José Alejandro Pazos Piñeiro (FP Pontevedra) Juan-Carlos Horro González (Enlace) Xosé Manuel Cobas Villanustre Juan Pablo Martínez Fernández (FA Vigo) Fiscala enlace en Santiago: D.ª ARÁNZAZU SAN JOSÉ GONZÁLEZ. Fiscala enlace en Ferrol: D.ª ELENA GÁNDARA ÁLVAREZ.

## § 2. ESTATÍSTICA

Nas seguintes táboas recóllense datos estatísticos sobre delitos económicos asociados a procedementos xudiciais penais (delitos incoados, cualificados e sentenciados).

### ■ Delitos incoados

DELITOS ECONÓMICOS INCOADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITOS SOCIECONÓMICOS (TÍTULO XII, LIBRO II CP)	30	12	11	27	80	124	-44 (-35,48%)	100%
INSOLVENCIA PUNIBLE	21	10	6	15	52	68	-16 (-23,53%)	
DELITOS SOCIETARIOS	9	2	5	12	28	56	-28 (-50%)	
DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL (TÍTULO XIV, LIBRO II CP)	31	19	5	18	73	67	6 (8,95%)	100%
DEFRAUDACIÓN TRIBUTARIA	15	3	5	11	34	39	-5 (-12,82%)	46,57%
FRAUDES COMUNITARIAS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	

Continúa na páxina seguinte



Vén da páxina anterior

CONTRA A SEGURIDADE SOCIAL	13	13	0	4	30	18	12 (66,67%)	41,09%
FRAUDE DE SUBVENCIÓNS	2	3	0	2	7	6	1 (16,67%)	
DELITO CONTABLE	1	0	0	1	2	3	-1 (-33,33%)	
<b>TOTAL DELITOS ECONÓMICOS INCOADOS</b>	<b>61</b>	<b>31</b>	<b>16</b>	<b>45</b>	<b>153</b>	<b>191</b>	<b>-38 (-19,89%)</b>	

### ■ Delitos cualificados

DELITOS ECONÓMICOS CUALIFICADOS	CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITOS SOCIECONÓMICOS (TÍTULO XII, LIBRO II CP)	22	6	2	16	46	40	6 (15%)	100%
INSOLVENCIA PUNIBLE	22	5	2	15	44	40	4 (10%)	95,65%
DELITOS SOCIETARIOS	0	1	0	1	2	0	2 (100%)	
DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL (TÍTULO XIV, LIBRO II CP)	12	4	0	10	26	67	1 (4%)	100%
DEFRAUDACIÓN TRIBUTARIA	9	2	0	7	18	39	-21 (-53,85%)	69,23%
FRAUDES COMUNITARIAS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	
CONTRA A SEGURIDADE SOCIAL	2	2	0	1	5	18	-13 (-72,22%)	
FRAUDE DE SUBVENCIÓNS	1	0	0	1	2	6	-4 (-66,67%)	
DELITO CONTABLE	0	0	0	1	1	3	-2 (-66,67%)	
<b>TOTAL DELITOS ECONÓMICOS CUALIFICADOS</b>	<b>34</b>	<b>10</b>	<b>2</b>	<b>10</b>	<b>56</b>	<b>107</b>	<b>-51 (-47,66%)</b>	



## ■ Delitos sentenciados

DELITOS ECONÓMICOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I	% 2018
DELITOS SOCIECONÓMICOS (TÍTULO XII, LIBRO II CP)	16	3	5	15	39	37	2 (7,54%)	100%
INSOLVENCIA PUNIBLE	15	3	5	15	38	36	2 (5,55%)	97,43%
DELITOS SOCIETARIOS	1	0	0	0	1	1	0	
DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL (TÍTULO XIV, LIBRO II CP)	9	3	0	23	35	42	-7 (-16,67%)	100%
DEFRAUDACIÓN TRIBUTARIA	8	1	0	22	31	40	-9 (-22,50%)	88,57%
FRAUDES COMUNITARIAS	0	0	0	0	0	0	0	
CONTRA A SEGURIDADE SOCIAL	0	0	0	1	1	2	-1 (-50,00%)	
FRAUDE DE SUBVENCIONES	1	1	0	0	2	0	2 (100%)	
DELITO CONTABLE	0	1	0	0	1	0	1 (100%)	
TOTAL DELITOS ECONÓMICOS SENTENCIADOS	25	6	5	38	74	79	-5 (6,33%)	





## SECCIÓN 2.12. ÁREA ESPECIALIZADA DE TUTELA PENAL DA IGUALDADE E CONTRA A DISCRIMINACIÓN (“DELITOS DE ODIOS”)

§ 1. INTRODUCCIÓN

§ 2. ESTATÍSTICA

§ 2. TEMAS E CUESTIÓNS DE INTERESE

### § 1. INTRODUCCIÓN

Desde hai anos institucións internacionais e europeas en materia de dereitos humanos veñen manifestando a súa preocupación tanto pola efectiva investigación dos delitos cometidos por motivos de odio ou discriminación como pola debida atención ás vítimas. Existe un crecente rexeitamento social cara a este tipo de condutas, que levou á súa protección reforzada mediante a intervención do Dereito penal.

No noso Dereito positivo, o groso dos tipos penais relativos a esta área concéntranse nos artigos 510 a 512 CP, dentro da Sección 1ª, relativa aos delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución, do capítulo IV do *título XXI* do libro II do CP (Delitos contra a Constitución). Non obstante, a través do texto articulado do CP encóntranse máis tipos penais relativos a esta materia, incluíndo tamén a agravante do art. 22.4 do mesmo texto punitivo. Deste último precepto cabe extraer a esencia deste fenómeno delituoso, concretado en delitos nos que a acción ilícita se leva a efecto “por motivos racistas, antisemitas ou outra clase de discriminación referente á ideoloxía, relixión ou crenzas da vítima, a etnia, raza ou nación á que pertenza, o seu sexo, orientación ou identidade sexual, razóns de xénero, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade. Así pois, os denominados “delitos de odio” maniféstanse inicialmente como delitos clásicos agravados pola especial motivación do suxeito activo e/ou pola selección discriminatoria do suxeito pasivo.

Na reforma penal operada pola LO 1/2015, do 30 de marzo, o lexislador decidiu reconfigurar completamente a regulación dos delitos relacionados con manifestacións de odio, hostilidade, discriminación e violencia cara a determinados grupos ou individuos por razón da súa pertenza a eles. Un dos preceptos máis destacados nesa reforma foi o artigo 510 CP, co que se dixo que se trata de reprimir penalmente o denominado “discurso do odio” (o anglosaxón *hate speech*).

Dous aspectos relevantes nesta temática son a facilitación e magnificación destes delitos a través das TIC e as redes sociais, así como a súa confrontación co exercicio da liberdade de expresión. En canto ao primeiro aspecto, efectivamente certo é que co desenvolvemento exponencial dos medios de comunicación, as TIC e as redes sociais, os delitos de odio concéntranse e potencian na súa forma típica do “discurso do odio” (declaracións intimidatorias, hostís ou discriminatorias). Polo que se refire á confrontación delitos de odio/liberdade de expresión, a opinión doutrinal maioritaria coincide esencialmente co criterio asentado tanto polo Tribunal



Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) como polo noso Tribunal Constitucional. E tal criterio é que o dereito fundamental á liberdade de expresión encontra o seu límite nas manifestacións innecesarias e excesivas, é dicir, aquelas que non se limitan ao simple cuestionamento ou crítica teórica do sistema democrático senón que, máis alá diso, o poñen en situación material de perigo. Poderíase engadir que supoñen unha quebra da “orde política e a paz social”, que se fundamenta, segundo o art. 10.1 CE, na dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto á lei e aos dereitos dos demais.

Como ocorre cos delitos económicos, tamén no ámbito desta delincuencia de odio e discriminación, non existe aínda un sistema ou modelo estatístico específico para esta área. Os datos e información facilitada polas fiscalías territoriais resultan escasos ou de difícil sistematización. Por tal razón, faremos a seguir unha exposición sintética de datos estatísticos, centrada nos dous únicos tipos penais desta área que parecen recollidos no sistema de xestión procesual *Fortuny*. Por un lado, o delito de discriminación, que englobaría os distintos tipos básicos e modalidades contempladas nos arts. 510 a 512 CP. Por outro, o delito de discriminación laboral. O primeiro delito é o tipo penal máis xenérico e transversal (como a nova agravante do art. 22.4 CP), a través do cal se protexe o dereito á igualdade e a non discriminación do art. 14 da nosa Carta Magna, que proclama a igualdade de todos ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, como o nacemento, a raza, o sexo, a relixión ou a opinión. En canto ao segundo delito (discriminación laboral, art. 314 CP), a súa finalidade é a de ofrecer tutela penal á discriminación no específico ámbito laboral, sobre a base do xenérico dereito de igualdade constitucional (art. 14 CE), así como ao previsto na lexislación laboral, que lles recoñece ás persoas traballadoras o dereito á non discriminación directa ou indirecta para o emprego, ou, unha vez empregadas, por razóns de sexo, estado civil, idade, raza ou etnia, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación sindical ou lingua (art. 4.2.c) Estatuto dos traballadores, aprobado por RD lexislativo 2/2015).

ÁREA ESPECIALIAZADA DE DELITOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	
FISCALÍA	FISCAL/A DELEGADO/A, DE ENLACE OU ENCARGADO/A
FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA	D. <sup>a</sup> M. <sup>a</sup> OLGA SERRANO PEDRÓS, Delegada provincial, destinada na Fiscalía Provincial
FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO	D. <sup>a</sup> CLAUDIA GONZÁLEZ FDEZ., DELEGADA PROVINCIAL, destinada na Sección Territorial de Mondoñedo
FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE	D. FLORENTINO DELGADO AYUSO (FISCAL XEFE), Delegado provincial
FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	D. <sup>a</sup> REBECA RODRÍGUEZ SUÁREZ, Delegada provincial, destinada na Fiscalía Provincial
FISCAIS DE ENLACE/ ENCARGADOS	Fiscalía enlace en Santiago: D. <sup>a</sup> CAROLINA GOYANES VIVIANI Fiscalía enlace en Vigo: D. <sup>a</sup> REBECA CORDEIRO VILLAR



## § 2. ESTATÍSTICA

Nas seguintes táboas recóllense algúns datos estatísticos sobre delitos de odio e discriminación, asociados a incoación, cualificación e sentenza: a) delito de discriminación xenérica (arts. 510 a 512, coas súas distintas modalidades); e b) delito específico de discriminación laboral. A fonte de procedencia son as estatísticas anuais das fiscalías provinciais, con datos rexistrados na aplicación *Fortuny*.

### ■ Delitos incoados

DELITOS INCOADOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	0	0	1	5	6	0	6 (100%)	46,15%
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	6	0	0	1	7	4	3 (75%)	53,85%
TOTAL DELITOS INCOADOS	6	0	1	6	13	4	11 (275%)	100%

### ■ Delitos cualificados

DELITOS CUALIFICADOS DE ODIO E DISCRIMINACIÓN	CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	0	0	0	0	0	0	0	0
DELITO DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL DELITOS CUALIFICADOS	0	0	0	0	0	0	0	0



## ■ Delitos sentenciados

DELITOS INCOADOS DE ODIOS E DISCRIMINACIÓN	CORUÑA	LUGO	OUREN	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	% 2018
DELITO DE DISCRIMINACIÓN (ARTS. 510-512 CP)	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0
DELITO DE DISCRIMINACIÓN LABORAL (ART. 314 CP)	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL DELITOS INCOADOS	0	0	0	0	0	0	0	0

### § 3. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE: INFORMACIÓN DO MINISTERIO DO INTERIOR SOBRE DELITOS DE ODIOS

Como mínimo desde 2013, este Ministerio vén elaborando datos estatísticos e informes anuais sobre a evolución dos incidentes relacionados cos delitos de odio en España, a cal pode consultarse na súa web oficial: (<https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/dynPx/inebase/index.htm?type=pcaxis&path=/Datos6/&file=pcaxis>)

Neses informes compútanse como “delitos de odio” os referidos aos seguintes ámbitos: 1) racismo/xenofobia; 2) orientación/identidade sexual; 3) crenzas/prácticas relixiosas; 4) antisemitismo; 5) diversidade funcional; 6) aporofobia; 7) ideoloxía; 8) discriminación por razón de sexo/xénero.

Do último informe anual publicado, referido ao ano 2017, destacamos os seguintes datos:

Delitos de odio. Informe ano 2017 do Ministerio do Interior Datos totais de España e particulares de Galicia					
	España		Galicia		% de Galicia en España
Feitos coñecidos	1.419	100%	41	100%	2,89%
Feitos esclarecidos	859	60,53%	25	60,97%	2,91%
Detencións/investigacións	1.104	77,80%	12	29,27%	1,09%
Vitimizacións	1.691	1,19 por feito coñecido	41	1 por feito coñecido	2,42%





CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitacion/csv/>





# CAPÍTULO III

TEMA ESPECÍFICO DE OBRIGADO TRATAMENTO: TRATA DE SERES HUMANOS

CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGQ&gPUstVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

As razóns e obxectivos da creación do Título VII bis “Da trata de seres humanos” e a modificación dos artigos 313 e 318 CP operada pola reforma do Código penal na LO 5/2010, do 22 de xuño, explícaaas na súa exposición de motivos: deseñar un tratamento penal separado de dúas realidades criminolóxicas perfectamente diferenciadas, como son o delito de trata de seres humanos, por un lado, e o delito de inmigración clandestina por outro. Deste xeito axustouse o noso ordenamento xurídico ás directrices da normativa internacional para o efecto, especialmente do *Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas*, especialmente mulleres e nenos, do Anexo II da Convención da ONU contra a delincuencia organizada transaccional do 15 de decembro de 2000, ratificado por España o 21 de febreiro de 2002. Así mesmo cumpriu a Decisión Marco do Convenio da UE do 19 de xuño de 2002.

## § 1. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DO MINISTERIO FISCAL E DOS ÓRGANOS DE AXUIZAMENTO PENAL (ESCRITOS DE ACUSACIÓN E SENTENZAS)

Os datos estatísticos que seguen, relativos ao período dos anos 2011 a 2018, proceden das estatísticas anuais das fiscalías provinciais e refírense ao tipo penal do art. 177 bis CP (trata de seres humanos, TSH), introducido pola reforma operada pola LO 5/2010, con entrada en vigor o 23.12.2010, e posteriormente reformado pola LO 1/2015, con entrada en vigor o 1.7.2015.

Nun primeiro apartado (§ 1.1) recóllense os datos estatísticos xenéricos relativos ao delito TSH (resumo Galicia período 2011-2018). Nun segundo apartado, expóñense os datos específicos, nos que son vítimas persoas estranxeiras (resumo Galicia período 2011-2018). Precisamente, é quizais nesta poboación onde maior incidencia ten esta problemática, relacionada sobre todo, á súa vez, coa explotación sexual. Loxicamente, por coherencia, os datos xenéricos serán maiores ou, como mínimo, iguais aos datos especializados de estranxeiría (pois estes últimos deben estar comprendidos dentro dos primeiros). Finalmente, expóñense os datos estatísticos concretos do ano 2018 (datos provinciais e totais de Galicia).





## § 1.1. DATOS ESTADÍSTICOS XENÉRICOS DO DELITO TSH. RESUMO GALICIA ANOS 2011-2018

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELITO DE TRATA DE SERES HUMANOS RESUMO PERÍODO 2011-2018 - DATOS XENÉRICOS DE GALICIA					
ANO	DELITOS ASOCIADOS A PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS				DELITOS ASOCIADOS A PROCEDEMENTOS DE FISCALÍA (DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL, DIP)
	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS	DELITOS EN MEDIDAS CAUTELARES PRISIÓN PROVISIONAL	
2011	4	0	0	3	25
2012	7	0	1	0	34
2013	12	3	0	5	27
2014	5	6	2	0	40
2015	13	8	2	0	24
2016	13	3	9	0	22
2017	2	0	2	0	13
2018	33	0	0	4	8
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	31 (/1.550%)	0	-2 (-100%)	4 (100%)	-5 (38,46%)
TOTAL PERÍODO	89	20	16	12	193
MEDIA ANUAL PERÍODO	11,12	2,5	2	1,5	24,12



§ 1.2. DATOS ESTADÍSTICOS DO DELITO TSH CONTRA PERSOAS ESTRANXEIRAS.  
RESUMO GALICIA ANOS 2011-2018

**ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELITO DE TRATA DE SERES HUMANOS RESUMO PERÍODO 2011-2018. DATOS ESPECÍFICOS RELACIONADOS CON PERSOAS ESTRANXEIRAS**

ANO	ACTUACIÓN XUDICIAL		ACTUACIÓN FISCAL		
	PROCEDEMENTOS PENAIS INCOADOS	SENTENZAS DITADAS	DIP		CUALIFICACIÓNS
			INCOADAS	XUDICIALIZADAS	
2011	8	0	28	2	0
2012	9	0	37	4	2
2013	11	0	27	5	1
2014	6	3	70	2	2
2015	8	2	23	7	3
2016	5	1	19	0	3
2017	1	3	13	3	0
2018	20	1	8	0	0
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	19 (1900%)	-2 (-66,66%)	-5 (-38,46%)	-3 (-100%)	0
TOTAL PERÍODO	68	9	225	23	11
MEDIA ANUAL PERÍODO	8,5	1,25	28,12	2,87	1,37

Continúa abaixo

ACTUACIÓN ADMINISTRACIÓN	ANO
PROCEDEMENTO ADVO. APLICACIÓN ART. 59 BIS LOEX	
12	2011
0	2012
31	2013
3	2014
4	2015
2	2016
3	2017
10	2018
7 (233,33%)	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
55	TOTAL PERÍODO
7,86	MEDIA ANUAL PERÍODO

Vén de arriba



## § 1.2. DATOS ESTADÍSTICOS DO DELITO TSH NO ANO 2018. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA (DATOS XENÉRICOS E ESPECÍFICOS DE ESTRANXEIRÍA)

### Datos estadísticos xenéricos

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELITO DE TRATA DE SERES HUMANOS - DATOS XENÉRICOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA NO ANO 2018								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.
DELITOS ASOCIADOS A PROCEDIMIENTOS XUDICIAIS PENAIS	DELITOS INCOADOS	15	3	2	13	33	2	31 (1.550%)
	DELITOS CUALIFICADOS	0	0	0	0	0	0	0
	DELITOS SENTENCIADOS	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)
	DELITOS EN MEDIDAS CAUTELARES PRISIÓN PROVISIONAL	2	0	0	2	4	0	4 (100%)
DELITOS ASOCIADOS A PROCEDIMIENTOS DE FISCALÍA (DIP)		0	0	0	8	8	13	-5 (-38,46%)

### Datos estadísticos específicos en área de estranxeiría

ESTADÍSTICA 2018 FISCALÍA DE GALICIA. DELITO DE TRATA DE SERES HUMANOS - DATOS ESPECÍFICOS DE ESTRANXEIRÍA - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA NO ANO 2018									
		CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEV	GALICIA 2018	GALICIA 2017	V.I.	
ACTUACIÓN XUDICIAL	PROCEDIMIENTOS PENAIS INCOADOS	9	2	1	8	20	1	19 (1.900%)	
	SENTENZAS DITADAS	1	0	0	0	1	3	-2 (-66,66%)	
ACTUACIÓN FISCAL	DIP	INCOADAS	0	0	0	8	8	13	-5 (-38,46%)
		XUDICIALIZADAS (DENUNCIA/QUE-RELA FISCAL)	0	0	0	0	0	3	-3 (-100%)
	CUALIFICACIÓN	0	0	0	0	0	0	0	
ACTUACIÓN ADMÓN.	PROCEDIMIENTO ADVO. APLICACIÓN ART. 59 BIS LOEX (relativo a vítimas estranxeiras de TSH, período de restablecemento e reflexión previsto art. 142 e ss. Regulamento de LOEX, aprobado por RD 557/2011)	3	0	1	6	10	3	7 (233,33%)	



## § 2. INSTRUMENTOS LEGAIS, SUBSTANTIVOS E PROCESUAIS

A normativa básica figura sistematizada na páxina web do Corpo Nacional de Policía ([https://www.policia.es/trata/marco\\_normativo.html](https://www.policia.es/trata/marco_normativo.html))

### I. NORMATIVA DE ÁMBITO NACIONAL

#### ■ Marco de Protección das vítimas de trata de seres humanos.

##### ■ Tipificación do delito de trata de seres humanos:

- Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal: artigo 177 bis.

##### ■ Protección das vítimas de trata:

- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: artigo 59 bis.
- Lei 4/2015, do 17 de abril, do Estatuto da vítima do delito.
- Real decreto lei 3/2013, do 22 de febreiro, polo que se modifica a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.
- Lei 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais.
- Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axuda e asistencia a vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

##### ■ Normas de creación de órganos especializados e instrucións:

- Orde do Ministerio do Interior 28/2013, do 18 de xaneiro, da Brigada Central contra a Trata de Seres Humanos.
- Instrución 6/2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, sobre actuacións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na loita contra a trata de seres humanos e na colaboración coas organizacións e entidades con experiencia acreditada na asistencia á vítimas, pola que se crean as figuras do Interlocutor Social Nacional e dos Interlocutores Sociais Territoriais, que exercen de punto de contacto con ONG e outras entidades con experiencia acreditada na loita contra a trata de seres humanos



## II. NORMATIVA DE ÁMBITO INTERNACIONAL

### ■ Nacións Unidas

- Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional. (Protocolo de Palermo - Instrumento de ratificación de 21/02/2002 publicado no BOE de 11/12/2003).
- Resolución 64/293, do 30 de xullo de 2010, pola que se aproba o Plan de Acción Mundial das Nacións Unidas para combater a trata de persoas.

### ■ Unión Europea

- Estratexia de la UE para la erradicación de la trata de seres humanos
- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011 relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.
- Directiva 2004/81/CE do Consello, do 29 de abril, relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas da trata de seres humanos ou fosen obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal que cooperen coas autoridades competentes

### ■ Consello de Europa

- Convenio do Consello de Europa do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos. (Ratificado por España o 2 de abril de 2009).
- Convenio do Consello de Europa para a Protección dos Nenos Contra a Explotación e o Abuso Sexual de outubro de 2007, ratificada por España o 12 de marzo de 2009 (BOE 12 de novembro de 2010).



### III. PROTOCOLOS INTERMINISTERIAIS

- Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas especialmente mulleres e nenos, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional. (Protocolo de Palermo - Instrumento de ratificación de 21.2.2002 publicado no BOE do 11.12.2003).
- Resolución 64/293, do 30 de xullo de 2010, pola que se aproba o Plan de Acción Mundial das Nacións Unidas para combater a trata de persoas.

Por outra parte, é importante resaltar os **recursos web seguintes**:

Completísima relación de todo tipo de fontes documentais sobre trata de seres humanos.

<http://www.bienestaryproteccioninfantil.es/fuentes.asp?sec=20>

Ministerio de Interior: <http://www.interior.gob.es/es/web/servicios-al-ciudadano/trata>

Policía Nacional. Marco normativo: [https://www.policia.es/trata/marco\\_normativo.html](https://www.policia.es/trata/marco_normativo.html)

Xunta de Galicia: <http://igualdade.xunta.gal/es/colectivo/trata-de-seres-humanos>

Rede española contra a trata de seres humanos: <http://redcontralatrata.org/>

Pola súa banda a **Fiscalía Provincial de Pontevedra** refire *in extenso* a normativa nesta materia:

Instrumentos legais:

Internacionais: Convenio de Nacións Unidas para a represión da trata de persoas e a explotación da prostitución allea, do 2.12.1948, Convenio europeo de dereitos humanos de 1950, Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979), Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, realizada en Nova York o 5.11.2000 (Instrumento de ratificación do 21.2.2002 publicado no BOE do 29.9.2003). Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, que complementa a convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional (instrumento de ratificación do 21.2.2002, publicado no BOE do 11.12.2003), Protocolo contra o tráfico ilícito de emigrantes por terra, mar e aire, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada, transnacional (instrumento de ratificación do 21.2.2002 publicado no BOE do 10.12.2003). Directiva 2004/81/CEE do Consello do 29 de abril relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas da trata de seres humanos ou fosen obxecto dunha acción de axuda



á inmigración ilegal que cooperen coas autoridades competentes, Convenio do Consello de Europa do 3.5.2005, para a acción contra a trata de seres humanos, Directiva 2011/36/UE de loita contra a trata de seres humanos, Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 25.10.2012, que establece normas mínimas sobre dereitos apoio e protección de vítimas de delitos.

Normativa nacional: Lei orgánica de estranxeiría, Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009 e a Lei orgánica 10/2011, arts. 59 bis e 59 bis LOEX, 31 bis, Regulamento de estranxeiría aprobado polo Real decreto 557/2011, do 20 de abril, arts. 135, 136, 137, 138, 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146. Lei de protección da infancia e adolescencia 8/2015 do 22 de xullo, Lei galega de violencia de xénero 11/2007 do 27 de xullo, Lei 23/2015 do 21 de xullo ordenadora do sistema de traballo e Seguridade Social.

Instrumentos substantivos: CP do 23.11.1995 e a súa reforma pola LO 2/2010 do 22 de decembro, art. 177 bis, 311 a 313, 318 bis CO, 172 bis CP, 232, 178 a 189 CP, arts. 127 a 127 OCT, art. 301 CP.

Instrumentos procesuais:

De investigación: LACrim (tras reformas operadas pola LO 41/2015 do 5 de outubro, 5/2015 do 7 de abril), Lei 23/2014 do 20 de novembro de recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais penais ditadas na UE, Lei 6/2014 do 29 de outubro complementaria á Lei 6/2014, Lei 3/2018 do 11 de xuño sobre orde europea de investigación.

De declaración das vítimas: LACrim arts. 331 a 333 (declaracións de menores), art. 448 (declaración de vítimas), arts. 681 e ss. (declaración de testemuñas no acto do xuízo oral). Lei orgánica de protección de testemuñas 19/1994. Lei 4/2015, do 27 de abril, de estatuto de vítima, Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, de desenvolvemento do estatuto da vítima.

De información e ofrecemento de accións: arts. 109, 109 bis, 110 LACrim, Lei 4/2015, do 27 de abril, de estatuto de vítima, Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, de desenvolvemento do estatuto de vítima.

De protección de vítimas: LACrim arts. 331 a 333 (declaracións de menores), art. 448 (declaración de vítimas), arts. 681 e ss. (declaración de testemuñas no acto do xuízo oral). Lei orgánica de protección de testemuñas 19/1994. Lei 4/2015 do 27 de abril de estatuto de vítima, Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, de desenvolvemento do estatuto de vítima. Protocolo marco de loita contra a trata de seres humanos, Protocolo galego institucional sobre medidas de prevención, investigación e tratamento de vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, protocolo marco de Menas, Protocolo galego de Menas.



### § 3. PROTOCOLOS E MECANISMOS DE COOPERACIÓN APROBADOS

- Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, asinado pola Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia o 18 de xaneiro de 2010.
- Acordo entre o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Traballo e Inmigración, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio Fiscal para a implantación do Protocolo marco de protección das vítimas de trata de seres humanos asinado en Madrid o 28 de outubro de 2011.
- Protocolo Marco de menores estranxeiros non acompañados do 22 de xullo de 2014.
- Protocolo da Comunidade Autónoma de Galicia sobre actuacións con menores estranxeiros non acompañados do 21 de decembro de 2016, no relativo ao capítulo I apartado cuarto (información sobre dereitos das posibles vítimas de trata de seres humanos e sobre normativa e protección de menores) e capítulo VI (Menores estranxeiros en situación de risco: medidas de prevención da trata de seres humanos e contra a utilización de menores) con nove apartados equivalentes a artigos.
- Rede galega de loita contra a trata.
- IBER RED (Fiscal especial contra a trata).
- EURO JUST

### § 4. APLICACIÓN DO ARTIGO 59 BIS DA LO 4/2000, DO 11 DE XANEIRO, SOBRE DEREITOS E LIBERDADES DOS ESTRANXEIROS EN ESPAÑA E A SÚA INTEGRACIÓN SOCIAL

As **Fiscalías de Pontevedra e Ourense** resaltan, en canto á aplicación deste artigo:

- Pontevedra  
Año 2010, a tres vítimas; ano 2011, a catro; ano 2012, a ningunha; ano 2013, a unha; ano 2014, a unha; ano 2015, a tres; ano 2016, a unha; ano 2017, a tres; e ano 2018, a seis.
- Ourense  
A aplicación do artigo indicado, segundo os datos proporcionados pola Brigada de Estranxeiría, levouse a cabo nun total de 6 ocasións, distribuídas segundo número de expedientes por anos do modo seguinte: 0 en 2010, 1 en 2011, 0 en 2012, 1 en 2013, 0 en 2014, 1 en 2015, 0 en 2016, 2 en 2017 e 1 en 2018.





## § 5. PROBLEMÁTICA DAS TESTEMUÑAS PROTEXIDAS

As **fiscalías de Pontevedra e Ourense** refiren a súa problemática concreta:

Como xa vimos reiterando nas nosas memorias, todo o peso da investigación penal recae sobre a vítima e o sistema ofrécelle unha protección claramente insuficiente, tendo en conta que o maior risco reside no seu control mediante técnicas coercitivas moi eficaces, como son o vodú, que mesmo lles provoca enfermidades reais, e as ameazas aos familiares de orixe. Somos conscientes de que a indemnización que perciben ou as axudas ou subvencións que reciben como vítimas de trata ou de violencia de xénero llas transfiren aos seus tratantes para aboárenlles a débeda ou ao bruxo que lles fixo vodú.

Polo demais, na provincia de Pontevedra tanto a UCRIF como a Xunta de Galicia e as ONG que integran a rede ofrecen asistencia, protección e asesoramento, así como implementación inmediata das medidas procesuais oportunas para garantir separación visual e para que acuda protexida e acompañada (Pontevedra).

A presenza dunha vítima de trata disposta a prestar declaración en calidade de testemuña contra a organización ou persoas que a someteron leva inexorablemente a abordar o tema das testemuñas protexidas.

É indiscutible que canto máis protexida se encontre a vítima maior será a súa seguridade e maior a súa predisposición a contar o vivido, e polo tanto maior será a súa colaboración.

Neste sentido a vítima que está disposta a colaborar ou prestar o seu testemuño adoita realizar desde o inicio da súa posta en contacto coas autoridades ou axentes que a asisten preguntas tales como se vai recibir protección, canto tempo vai recibir esta protección, se esta protección se vai aplicar tamén aos seus familiares, en España ou nos países de orixe...

As respostas que se lles dan son as únicas que non deixa a lei, en canto a medios e tempo, o cal provoca nelas desconcerto e en ocasións unha postura reticente a prestar declaración.

No que se refire ás medidas de ocultación que a lei enumera, e malia a máxima cautela e dilixencia que se procurou adoptar na designación da testemuña na diversa documentación, si que é certo que nalgúns ocasións se teñen producido erros debido á gran participación de axentes intervinientes, situacións que foron emendadas inmediatamente.

Ao anterior hai que sumar as posturas dalgúns xuíces e maxistrados cando esta clase de testemuñas presta declaración en xuízo. Así, atendendo a unha mala interpretación do principio de non vulnerar o dereito á defensa, tenden a levantar ou deixar sen efecto a dita medida e no momento do xuízo proceden á identificación de vítimas.



Cómpre indicar que aínda que en materia de trata esta situación non se observou en Ourense polo momento, si se observou noutros delitos, o cal nos fai temer un indeseado contaxio.

Por último tamén é importante sinalar que ás veces o interrogatorio en instrución resulta difícil á hora de obter datos dos seus testemuños, sen que a través destes sexa posible a súa identificación, por parte dos investigados, cando estes coñecen os testemuños a través da defensa. Neste sentido sería importante unha axeitada preparación dos xuíces de instrución no xeito de levar a cabo os interrogatorios, sen esquecer o aspecto psicolóxico en canto modo de abordar as vítimas.

En Ourense foron 6 as testemuñas protexidas durante o período comprendido entre o 2010 e 2018.

## § 6. PRECONSTITUCIÓN DE PROBAS TESTEMUÑAIS

As **fiscalías provinciais** matizan:

En canto á preconstitución de probas, o fiscal delegado sinala a practicada nas dilixencias previas 2118/2013 do Xulgado de Instrución Núm. 8 da Coruña, finalmente sobresidas como consecuencia da retractación das declaracións das vítimas, e a das dilixencias previas 468/13 do Xulgado de Instrución Núm. 4 de Betanzos, nas que recaeu finalmente sentenza absolutoria por non asistir ningunha testemuña ao xuízo e por se considerar insuficiente a proba preconstituída (A Coruña).

Con relación aos 8 procedementos iniciados non se realizou proba preconstituída en ningunha deles.

Neste sentido hai que sinalar que cando se comezou a xudicializar este tipo penal os xuíces eran bastante remisos a practicar este tipo de probas. Na actualidade están máis predispostos á súa práctica, aínda que o problema principal radica na localización previa da vítima (Ourense).

O maior problema na realización deste tipo de declaracións é sempre a presenza do acusado. Aínda que se procuran realizar con separación visual, o certo é que non se preserva a identidade da vítima, pois sempre saltan datos no interrogatorio que permiten a súa identificación.

En moitas ocasións a súa realización e práctica é moi custosa, xa que o número de investigados e de letrados dificulta encontrar un día libre de sinalamentos para a súa celebración (Pontevedra).



## § 7. PAPEL DAS ONG ESPECIALIZADAS NA PROTECCIÓN DE VÍTIMAS

As **fiscalías territoriais** explican o papel desempeñado:

Seguindo as indicacións do protocolo, a actuación das ONG centráronse na prestación da asistencia material e asistencial ás vítimas e no reforzamento da información de dereitos pola Brigada de Estranxeiría. Destaca o papel da ONG Vagalume, desde o ano 2010, como o referente para a provincia da Coruña das entidades colaboradoras da Brigada de Estranxeiría (A Coruña).

A colaboración das ONG coa Fiscalía é absoluta. De xeito especial cómpre sinalar a colaboración de CARITAS a través de ALUMAR. En Ourense contamos, xunto coa anterior, coa Fundación Juan Soñador e a Fundación Amaranta, como ONG especializadas en trata. Con estas hai reunións dúas veces ao ano, sen que iso impida reunións puntuais para tratar temas concretos.

Esta colaboración levouse a cabo non só a través dunha comunicación continuada, recíproca e fluída senón tamén a través dunha actuación que inclúe políticas e procedementos destinados a facilitar a identificación, derivación, protección e asistencia de persoas que foron vítimas do delito; propostas de melloras na lexislación e regulacións contra a trata e a súa implementación que se expoñen a través das reunións referidas ao inicio.

É importante poñer de manifesto que o obxectivo básico de todas elas ao longo de todos estes anos foi a visibilización da vítima ante a sociedade e institucións.

Gran parte da actuación destas ONG centrouse en prestarlles ás vítimas toda clase de axudas, que inclúen aloxamento seguro, iniciativa en actividades formativas, creación de rede de apoio social, axudas e información con sometemento a tratamentos de deshabitación cando teñen algún tipo de toxicopatía, apoio médico e psicosocial a elas e os seus fillos cando estas van acompañadas de menores, a prestarlles unha axeitada información en diversos ámbitos que implica unha adecuada orientación xurídico-social e sanitaria para que non se sintan tan desamparadas nos seus dereitos (identidade, regularidade da súa permanencia no país, dereitos sociais básicos e sanitarios, dereito á inclusión social, coordinación para a súa participación nas dilixencias xudiciais etc.), información que moitas veces se realiza logo de consulta directa con Fiscalía e Subdelegación de Goberno (Ourense).

O seu papel é fundamental na asistencia e protección inmediata así como no asesoramento. Tamén reforzan a vítima se comparecen como acusación particular. Non obstante, bótanse en falta recursos para menores vítimas de trata ou un piso ao que remitir de forma inmediata á vítima (Pontevedra).



## § 8. APLICACIÓN ÁS VÍTIMAS DA TRATA DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 4/2015, DO 27 DE ABRIL, DO ESTATUTO DA VÍTIMA DO DELITO

Refírense as **Fiscalías de Ourense e Pontevedra**:

A teor dos datos achegados pola Brigada de Estranxeiría, as persoas ás que se aplicou o Estatuto das vítimas durante o período comprendido entre o 2010 e o 2018 alcanzou a cifra total de 193 persoas, distribuídas por ano do modo seguinte: 29 en 2010, 43 en 2011, 14 en 2012, 19 en 2013, 19 en 2014, 14 en 2015, 25 en 2016, 8 en 2017 e 22 en 2018 (Ourense).

Na provincia de Pontevedra as vítimas de trata manteñen o sistema de asistencia, protección e axuda propio do protocolo marco, de forma que o asesoramento, a asistencia xurídica e o acompañamento bríndanselles desde estes protocolos e sen acudir á oficina da vítima. Aplícanse as medidas procesuais de protección declaradas no dito estatuto (Pontevedra).

## § 9. COOPERACIÓN XURÍDICA INTERNACIONAL

As **fiscalías provinciais** determinan e analizan os pormenores deste apartado.

En canto á eficacia dos instrumentos de cooperación xurídica internacional hai que lamentar que a orde europea de detención recaída no sumario 1/2011 do Xulgado de Instrución Núm. 8 da Coruña non foi cumprida polas autoridades de Romanía, polo que a celebración do xuízo foi infrutuosa (A Coruña).

Respecto aos principais instrumentos de cooperación internacional, simplemente cómpre sinalar que no ámbito global os instrumentos internacionais referidos á trata de seres humanos se centran na Organización das Nacións Unidas, no marco da cal se aprobou o protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos (coñecido como Protocolo de Palermo), que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, feita en Nova York o 15 de novembro de 2000; no ámbito do Consello de Europa, o Convenio sobre a loita contra a trata de seres humanos, feito en Varsovia o 16 de maio de 2005, o cal se presenta como un tratado comprensivo de diversos aspectos relativos á materia, centrado principalmente na protección das vítimas do tráfico e a salvagarda dos seus dereitos; e no ámbito da Unión Europea, a trata de seres humanos está expresamente prohibida no art. 5 da Carta dos dereitos fundamentais, polo que a UE estableceu un marco xurídico e político amplo para abordar este fenómeno, en particular mediante a Directiva (2011/36/UE) e a Estratexia da UE para a erradicación da trata de seres humanos 2012-2016 (Lugo).

Ao longo destes anos utilizáronse os instrumentos de cooperación internacional en vigor no seo da Unión Europea, tales como solicitudes de investigación penal, de embargo de bens,



ordes de detención europeas etc. Igualmente se efectuaron varios retornos a Romanía en condicións de seguridade. Tamén foi moi valiosa a cooperación do fiscal especial contra a trata de seres humanos de IBER REDE, don Juan Andrés Bermejo, con relación á localización e protección de vítimas en Iberoamérica, especialmente na Arxentina e no Brasil (Pontevedra).

## § 10. FINALIDADES E EXPLOTACIÓN MÁIS FRECUENTES

As **fiscalías da Coruña, Ourense e Pontevedra** explican os supostos máis frecuentes:

Do conxunto de procedementos tramitados despréndese que, xunto coa explotación sexual, tivo unha importancia cuantitativa a dedicación das vítimas á mendicidade, sobre todo nos grupos familiares romaneses. Destacan tamén os traballos da trama radicada na localidade de Arteixo, relacionados coa construción, ou outros traballos máis conxunturais, como a colocación de carteis e panfletos de publicidade en farois, semáforos, muros, paredes (A Coruña).

Ao longo de todos estes anos observamos que as vítimas identificadas como vítimas de trata foron recrutadas na súa maioría con fins de explotación sexual. Así, respecto das 95 persoas onde foi factible apreciar indicadores propios da trata, segundo datos achegados por ALUMAR, 92 tiñan como fin a explotación sexual, fronte a 1 só de mendicidade e 2 con fins de explotación laboral. Neste sentido as conclusións seguen sendo as mesmas, en canto ás persoas identificadas polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como vítimas de trata, pois fronte ás 24 persoas identificadas como tal, 22 foron con fins de explotación sexual, 1 con fins de mendicidade e 1 con fins de explotación laboral. É dicir, o tráfico con fins de explotación sexual é o que máis se produce, respecto a outros fins recollidos no tipo penal; séguelle o laboral a longa distancia e por último o da mendicidade nunha porcentaxe moi similar ao anterior, sen que se detectasen outras modalidades na provincia (Ourense).

Sen ningunha dúbida a finalidade de explotación máis frecuente é a sexual e só nun caso se detectou explotación laboral (Pontevedra).

## § 11. PERFIL DO XÉNERO, NACIONAL, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DAS VÍTIMAS

As catro **fiscalías provinciais** especifican:

En canto aos perfís das vítimas e dos autores destes delitos, sobresaen as circunstancias dos supostos obxecto das dilixencias previas 2960/11 do Xulgado de Instrución Núm. 2 da Coruña, pertencentes aos ambientes da mendicidade, ao igual que as persoas, cidadáns de nacionalidade romanesa, implicadas nas dilixencias previas 379/14 do Xulgado de Instrución Núm. 3 de Ferrol (A Coruña).



Polo que respecta ao perfil das vítimas de trata, a gran maioría son mulleres, mozas, desempregadas, con baixo nivel educativo, sen cualificación profesional, con problemas de saúde mental ou anteriormente vitimizadas, que proceden de países con altos niveis de pobreza, desigualdades de xénero, corrupción política e policial, altas taxas de crimes, de guerras ou conflitos. As mulleres que son vítimas de trata en España proceden de catro áreas diferentes: 1) Mulleres e nenas de Europa do Leste, especialmente Romanía polas súas condicións de pobreza. Moitas destas mulleres ou adolescentes son namoradas por algún membro novo do grupo de tratantes que as enganan con viren a España para traballaren xuntos na hostalaría ou noutro sector. Adoitan entrar no país por vía terrestre e desde alí son distribuídas. Tamén poden ser vendidas a un tratante ou levadas a un piso franco onde as violan, maltratan e dobregan para envalas aos clubs de alterne ou aos pisos onde se exerce a prostitución rexentados por romaneses ou romanesas principalmente, utilizando a violencia continua. Outra modalidade é que o suposto noivo que as trouxo exerza de proxeneta dela e doutras mulleres ás que facilita a entrada a España. 2) Mulleres procedentes de América latina, nomeadamente Brasil, República Dominicana ou Paraguai, especialmente mulleres guaraní. 3) Mulleres subsaharianas, especialmente procedentes de Nixeria. Son captadas de distintas formas, pero todas con engano, case sempre os tratantes forman parte da comunidade onde viven e coñecen os seus familiares, aspecto que é fundamental para a posterior extorsión e ameaza ás vítimas e dobregalas a exercer a prostitución unha vez en España. 4) Mulleres asiáticas, fundamentalmente de orixe chinesa. Son moi difíciles de detectar e identificar, situadas nos sectores máis ocultos da prostitución (Lugo).

Entre 2010 e 2018, na provincia de Ourense, de acordo cos indicadores de vítimas de trata identificouse un total de 95 persoas, e segundo os datos que puidemos recompilar 94 delas foron mulleres e un só varón. En canto á orixe, adoitan ser latinoamericanas, na súa maioría brasileiras, aínda que tamén se observa a presenza de mulleres provenientes de Europa do Leste, en concreto romanesas, aínda que en menor número. En concreto identificáronse 40 mulleres brasileiras, 17 dominicanas, 13 romanesas, 8 colombianas, 6 nixerianas, 4 venezolanas, 1 paraguaia, 1 moldova, 1 ecuatoriana, 1 camerunesa, 1 mexicana e 1 guineana (Guinea Conakri). Das 95 persoas identificadas 69 tiñan fillos no país de orixe e outras 35 en España; por último un grupo delas, 9 persoas, tiñan fillos mais non eran capaces de indicar o lugar onde estes se encontraban. Conforme os datos solicitados e expostos, o perfil das vítimas caracterízase por ser muller, de orixe latinoamericana, cunha media de idade entre os 35 e 40 anos, moitas das cales foron inducidas pola súa propia familia para introducirse nunha organización disposta a traelas a España para ser explotadas sexualmente, e a maioría require actividades formativas (en concreto, das 98 vítimas identificadas recibiron axudas formativas 40 persoas, 4 delas de alfabetización). (Ourense).

Todas as vítimas son mulleres, salvo no caso dun varón traballador nunha fábrica téxtil. As vítimas son nixerianas (o maior número), romanesas, venezolanas, brasileiras e arxentinas. As vítimas romanesas proceden dun status social moi baixo, teñen escasa cultura e son moi novas, mesmo menores de idade ou con déficits de madurez. As súas familias en Romanía encóntranse en situación de marxinación social. As vítimas suramericanas teñen maior



formación e máis capacidade de resolución pero son coaccionadas, obrigadas polas débedas xeradas no seu país de orixe e polo perigo das ameazas ás súas familias. As vítimas nixerianas son mulleres moi novas, algunhas tamén menores de idade, e con moita coraxe, cunha posición social non moi baixa e con certa formación; seguramente no seu país sofren tamén explotación ou abuso sexual e iso convérteas en mulleres moi resistentes ante a singradura que atravesan ata chegar ás costas de Marrocos e a España. Están profundamente subxugadas polo pacto de vodú, que de ser incumplido pode levar ao asasinato das súas familias ou delas mesmas. Desde esta Fiscalía fomos testemuñas da deterioración física destas mulleres tras a presentación da denuncia (Pontevedra).

## § 12. PERFIL DO TRATANTE

As **fiscalías provinciais** concretan:

Con relación ao suxeito activo do delito, as redes de tratantes son moi diversas dependendo da súa orixe, aínda que se poden encontrar aspectos comúns. As redes de tratantes están formadas tanto por cidadáns españois como por persoas dos países de orixe das vítimas. Estes últimos teñen conexións coas familias, comunidades ou amizades das vítimas. Ás veces son eles os que fan a oferta a estas ou aos seus familiares; outras veces son as mulleres as que nun momento concreto, desde as referencias que posúan doutros casos, buscan a forma de emprender un proxecto migratorio a Europa. As referencias locais doutras mulleres que foron e están a enviar diñeiro facendo progresar as súas familias son moi importantes e un reclamo para incentivar a procura de novas oportunidades en países máis desenvolvidos. Polo tanto, as redes captadoras buscan mulleres vulnerables que poidan ser manipuladas con facilidade, con arraigamento familiar (Lugo).

No que se refire ao perfil do tratante, dentro da provincia de Ourense resulta máis complexo de determinar e obsérvase que as súas características tenden a variar segundo o tipo de explotación.

Así, cando a explotación é sexual, notamos que o nivel cultural adoita ser medio baixo, sendo primordialmente un varón de mediana idade, aínda que se observa un incremento da participación da muller como suxeito activo neste tipo de accións criminais.

No referente á trata con fins de explotación laboral o nivel cultural adoita ser medio-alto, sendo o suxeito activo na súa maioría homes. En canto á nacionalidade eran españois na súa maioría, de mediana idade (Ourense).

O perfil do tratante en caso das vítimas nixerianas correspóndese co da muller tratada, posto que é unha persoa achegada ou do seu ámbito social ou familiar quen a capta. Xeralmente trasládana mediadores da mesma rede e en España contrólaas outra muller que realiza este labor co fin de aboar a súa propia débeda. As ganancias que obtén remítense ao tratante,





que é quen se beneficia verdadeiramente da súa explotación e quen aboou a súa viaxe, e que xeralmente se encontra no seu país de orixe ou en Marrocos. No caso das mulleres suramericanas, se ben son captadas por alguén próximo ou do seu propio lugar de orixe, en España son explotadas por cidadáns españois, que rexentan un club de alterne, sala de masaxes ou un piso de citas. No mesmo centro hai outra muller encargada de exercer control sobre ela para que aboe a súa débeda. No caso das romanesas adoitan vir «seducidas» por un home novo que se presenta como o seu noivo e que as «transfire» a unha *madame* ao chegar a España a cambio dun prezo, ou ben se dedica persoalmente, nos casos máis crueis, a xestionar a súa explotación na rúa ou en pisos (Pontevedra).

### § 13. FORMAS DELITUOSAS CONEXAS, MEDIAIS E DE EXPLOTACIÓN DA TRATA

A interpretación do disposto no artigo 177 bis do CP conduce no caso de explotación laboral á necesaria aplicación de concursos reais cos artigos 318 bis, 311 e 312 CP. No caso da explotación sexual haberá concurso real cos artigos 187, 188 e 189 do CP, de ser o caso. Cando a trata sexa con fins de extracción de órganos poderá entrar en concurso real cos delitos de lesións previstos nos artigos 149 ou 150 CP. Por último, poderá haber un concurso real con aqueles outros delitos cometidos con ocasión da comisión do delito de trata que non garden relación de consunción cos medios comisivos descritos.

As fiscalías provinciais destacan, porén, as seguintes singularidades:

Á parte dos delitos de prostitución, destacan os tipos delituosos que foron obxecto do xuízo derivado das dilixencias previas 2960/11, contra a integridade moral, explotación laboral, estafa, roubo con violencia e lesións (A Coruña).

Debido á idiosincrasia deste delito é sabido que a súa comisión vai sempre aparellada á comisión doutros tipos delituosos. No caso da provincia de Ourense, cando se investigou sobre algún suposto, observamos a existencia doutras accións delituosas tales como falsificación, prostitución coactiva e inmigración, estafa e delitos contra a saúde pública (Ourense).

Xunto ao delito de trata con fins de explotación sexual concorre o de inmigración ilegal e de prostitución coactiva, todos eles en relación de concurso ideal-medial, e igualmente, en relación de concurso real, o delito de grupo criminal, sen que esta Fiscalía teña aplicado a figura de organización criminal ou a súa correlativa agravante (Pontevedra).





## § 14. PROBLEMAS, DISFUNCIÓNS, PROPOSTAS DE MELLORA, MODIFICACIÓNS LEXISLATIVAS OU INICIATIVAS DE COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL

Ningunha referencia ao respecto resaltan as **fiscalías provinciais**.

Desde a **Fiscalía Superior** menciónase, como é sabido, que a penalidade prevista para o delito de trata de seres humanos, como denunciara o Consello Xeral do Poder Xudicial no seu informe ao Anteproxecto de 2008, parece demasiado elevada. Certamente o Informe do Consello Fiscal ao citado anteproxecto considera irreprochable a previsión penolóxica prevista pola extrema gravidade do delito; non obstante, cabe recordar que a doutrina científica propón, conforme o principio de proporcionalidade, a desexable introdución dunha cláusula de atenuación facultativa da pena, tendo en conta que o marco punitivo supera de sobra o disposto na Decisión marco do Consello de 2002, que no seu artigo 3.2 opta por unha pena máxima non inferior a 8 anos, mentres que o artigo 177 bis CP sitúa o límite mínimo da pena de prisión correspondente aos tipos cualificados en 8 anos (por todos Pérez Cepeda, Ana M.<sup>a</sup> e De Vicente Martínez, Rosario).





CSV: BOPGDSPGQ&gPUstVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitacion/csv/>

CSV: BOPGDSPGQ8gPUstVZ4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ANEXO



CSV: BOPGDSPGQ&gPUsTVZ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## ANEXO: ALGUNHAS ABREVIATURAS UTILIZADAS

**AX:** Administración de Xustiza

**AMTEGA:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.

**AP:** Administración Pública

**BOE:** Boletín Oficial do Estado

**CA:** Comunidade Autónoma

**CAG:** Comunidade Autónoma de Galicia

**CE:** Constitución Española

**CPAPX:** Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

**CTPA:** Corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de Xustiza

**CXPA:** Corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de Xustiza

**DI:** Dilixencias informativas

**DIP:** Dilixencias de investigación penal

**DPPR:** Dilixencias preprocesuais

**DOG:** Diario Oficial de Galicia

**DP:** Dilixencias previas de procedemento abreviado (PA)

**DU:** Dilixencias urxentes de xuízo rápido

**DXX:** Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia (integrada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

**EOMF:** Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal

**REC:** Posto singularizado da NOF correspondente ao funcionario responsable de rexistro, estatística e calidade.

**FA:** Fiscalía de Área (FF.AA.: Fiscalías de Área)

**FCA:** Fiscalía de Comunidade Autónoma, Fiscalía autonómica, Fiscalía Superior da CA.

**FP:** Fiscalía Provincial (FF.PP.: fiscalías provinciais)

**XDL:** Xuízo por delito leve

**XF:** Xuízo de faltas

**XR:** Xuízo rápido

**INE:** Instituto Nacional de Estadística

**LAC:** Lei de axuízamento civil

**LACrim:** Lei de axuízamento criminal

**LPACAP:** Lei 39/2016, da 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**LUTICAX:** Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza

Menas: Menores non acompañados

**MF:** Ministerio Fiscal

**MXU:** Ministerio de Xustiza

**NOF:** Nova Oficina Fiscal

**OGVX:** Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero

**PA:** Procedemento abreviado





**PNX:** Punto Neutro Xudicial

**PX:** Procedemento do Tribunal do Xurado

**PO:** Procedemento ordinario

**RD:** Real decreto

**RDSIMF:** Real decreto 93/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula o Sistema de Información do Ministerio Fiscal.

**RPT:** Relación(s) de postos de traballo

**SL:** Sinistralidade laboral

**SP:** Sobresemento provisional

**SIMF:** Sistema de Información do Ministerio Fiscal

**SU:** Sumario (fase de instrución do procedemento ordinario penal)

**TIC:** Tecnoloxías da información e da comunicación

**TSX:** Tribunal Superior de Xustiza

**VCPAPX:** Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

**XG:** Xunta de Galicia (Administración autonómica da CA de Galicia)

## NOTAS

1. “Procedementos tramitados”: suma de pendentes do ano anterior, incoados no ano e reabertos no ano (sobresidos e arquivados provisionalmente de anos anteriores).
2. A diferenza de 2017, en que a cifra foi de descenso de -34%. A razón do aumento en 2018 encóntrase, sobre todo, en que en 2018, a diferenza do ano anterior, puidemos computar a cifra de pendencia inicial de JDL (4.465), sen a cal a pendencia inicial total se situaría en só 22.858, cun leve descenso interanual de -349 (-1,50%).
3. Á parte destes datos das provincias (132.424 en total), constan 30 procedementos (DP) tramitados no TSX de Galicia, alcanzándose así a cifra global de 132.454 tramitacións procedementais en toda Galicia.
4. Á parte destes datos das provincias (106.330 en total), consta a cifra de 28 procedementos (DP) incoados no TSX de Galicia, alcanzándose así a cifra global de 103.358 incoacións procedementais en toda Galicia.
5. Conforme arts. 846 ter LACrim. e 846 bis a) LACrim. en relación co art. 36 LOTC.
6. 4 impugnacións de denegación de xustiza gratuíta e 3 recusacións/abstencións.
7. Á suma das cifras das provincias, engadíronse 2 DP pendentes no TSX de Galicia, co que a cifra total é de 17.636. Segundo as estatísticas fiscais anuais das fiscalías provinciais, a cifra total de pendencia inicial, o 1 de xaneiro de 2018, sería a de 43.037 (+149=-0,35%), con esta distribución provincial: A Coruña, 29.479; Lugo, 4.052; Ourense, 1.493; e Pontevedra, 8.013. Pero conforme os datos da estatística xudicial (PNX), o total sería só de 17.634 (-333=-1,85%), dos que 16.154 (-427=-2,578%) corresponden aos xulgados de 1ª instancia e/ou instrución, e o resto (1.480 = 94 =6,78%) aos xulgados de violencia sobre a muller (XXVSM); e coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 7.079 (6.449 +630); Lugo, 3.206 (3.027 +179); Ourense, 1.708 (1.575 +133); e Pontevedra, 5.641 (5.103 +538). Fixéronse constar estes datos derivados da estatística xudicial (PNX) por parecermos máis fiables, ao ser a fonte orixinal dos procedementos xudiciais; engadindo as 2 DP pendentes do TSX Galicia.

Efectivamente, as cifras de pendencia inicial achegadas polas estatísticas fiscais provinciais parecen menos fiables en relación cos da estatística xudicial: A Coruña, 29.479 —moi alta—; Lugo, 4.052 —algo alta—; Ourense, 1.469 —algo alta—; e Pontevedra, 8.013 - algo alta). Por maior abastanza, nas cifras das estatísticas fiscais provinciais obsérvanse algunhas incoherencias, corrixibles conforme ás “boas prácticas” da Unidade de Apoio-FXE. Concretamente, as cifras de pendencia final do ano anterior (31/01/2017) deberían de coincidir coas de pendencia inicial do actual (01/01/2018), o que non acontece en ningunha estatística provincial, salvo na de Ourense (1.493 en ambos os dous casos). Ademais, por coherencia, a cifra de pendencia a final de ano (31/01/2018) debe ser igual á suma de procedementos tramitados (pendentes ano anterior + incoados e reabertos no ano) menos a cifra de rematados no ano (por finalización ou transformación). Pero obsérvanse, neste sentido, algunhas incoherencias na estatísticas das Fiscalías provinciais respecto ás cifras ofrecidas: A Coruña, 29.783 (*rectius*=31.866); Lugo, 3.911 (*rectius*=4.505); Ourense, 1.826 (*rectius*=1.828); e Pontevedra, 10.043 (*rectius*=11.357).

Ao optar polos datos da estatística xudicial, teríamos en 2018 unha cifra total de pendencia inicial de 17.636, coa desagregación antes expresada, fronte á cifra de 17.967 de 2017 (16.154 nos Xulgados de 1ª Instancia e/ou Instrución e 1.480 nos JJVSM), con descenso interanual, polo tanto, de -333 (-1,85%). Por razóns de coherencia cos datos consolidados do ano 2017, non se cambian a cifra total de DP tramitadas (95.829).





**8.** Á suma das cifras das provincias, engadíronse 28 DP incoadas no TSX de Galicia, co que a cifra total é de, co que cifra total é 71.091. Segundo resulta da estatística xudicial (PNX) no ano 2018 sería 79.572 a cifra total de DP incoadas nas provincias, con descenso interanual de -8.049 (-9,19%); analizadas entre as incoadas en conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (74.675, con descenso de -7.866=-9,53%) e as incoadas no conxunto dos JJVSM (4.897, con descenso de -183 =-3,60%). No ano 2017 o total de DP incoadas situárase en 87.621, con apreciable descenso de -14.363 (-14,08%), inferior á do ano 2016 (-82.138=-44,61%). Polo tanto, *aínda que parece continuar o efecto de descenso propiciado pola reforma legal de 2015 (Lei 41/2015), o certo é que este descenso xa é menor e as cifras empezan a "asentarse e normalizarse*, sen descartar unha posible repercusión parcial da folga funcional de 2018 (máis patente noutras ordes xurisdicionais). En todo caso, o referido descenso de -9,19% da estatística xudicial é bastante similar ao -6,71% que ofrece a nosa estatística fiscal 2018.

Advertencia derivada do contraste entre os datos de incoacións de DP en 2018 nas estatísticas xudicial e fiscal. Segundo a primeira 79.572 é o número de DP incoadas nas provincias galegas, mentres que segundo a segunda a cifra baixa a 71.063, o que supón unha diferenza de -8.509, equivalente a -10,69%, semellante a anos anteriores (-13,06% en 2017 e -12,73% en 2016). Esta diferenza, moi probablemente, sexa a porcentaxe do incoacións de DP que fracasa no proceso de "itineración", mediante interoperabilidade, entre as aplicacións de xestión procesual dos órganos xudiciais e as fiscalías (*Minerva e Fortuna*)

Segundo datos obtidos da propia estatística xudicial (PNX), as cifras provinciais de DP incoadas en 2018 v son as seguintes:

- A Coruña, 29.823 (27.902 + 1.921), con descenso interanual de -1.748, equivalente a -5,54%, inferior a anos anteriores (-10,00% en 2017 e -33,33% en 2016).
- Lugo, 8.759 (8.102 +657), con descenso de -1.281, equivalente a -12,76%, inferior a anos anteriores (-14,42% en 2017 e -33,04% en 2016).
- Ourense, 7.918 (7.201 +717), con descenso de -844, equivalente a -9,63%, inferior a anos anteriores (-13,11% en 2017 e -46,45% en 2016).
- Pontevedra, 33.072 (31.470 +1.602), con descenso de -4.176, equivalente a -11,21%, inferior a anos anteriores (-17,38% en 2017 e -44,93% en 2016).

**9.** Á suma das cifras provinciais engadimos as 24 DP do TSX de Galicia ingresadas na Fiscalía autonómica, co se consigna unha cifra total de 64.858

**10.** Segundo resulta da estatística xudicial (PNX) sería 810 o total de DP reabertos, con descenso interanual de -252 (-23,73%), no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución (782) e mais nos XXVSM (28).

**10.** Á suma das cifras das provincias, engadíronse 30 DP tramitadas no TSX de Galicia, co que o total é de 89.974. Segundo resulta dos datos obtidos da estatística xudicial (PNX) sería 98.016 a cifra total de DP tramitadas nas provincias (suma de pendentes de ano anterior, incoadas e reabertas no ano), con descenso interanual de -8.634, equivalente a -8,09%, (-16,83% en 2017), semellante ao -6,14 que resulta da nosa estatística fiscal, cifra distribuída entre 91.611 nos xulgados de instancia e/ou instrución (91.611) e 6.405 nos XXVSM.

**11.** Á suma das cifras das provincias, engadíronse 4 DP pendentes co fin de ano no TSX de Galicia, co que a cifra total é de 24.157.

As cifras reflectidas como pendentes a final de ano 2018 son as que resultan da seguinte operación: «procedementos pendentes a fin de ano = (tramitados-rematados). Desta forma, consta a cifra de 24.153 DP pendentes a fin de ano (con aumento de descenso interanual de 9.229=61,84%). Esta cifra parece máis axustada á realidade e está moi afastada da cifra global de 45.563 que resulta das estatísticas fiscais provinciais, con aumento interanual de 7.804 (20,67%) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 29.783; Lugo, 3.911;



Ourense, 1.826; e Pontevedra, 10.043. De todos os xeitos, a consignada cifra de 24.153 está menos lonxe da que resulta dos datos obtidos da estatística xudicial (PNX), cunha cifra global equivalente sería de 25.205 19.301 (23.265 nos xulgados de 1ª instancia e/ou instrución e 1.940 nos XXVSM), con aumento interanual de 5.904 (30,51%).

**12.** Á suma das cifras das provincias, engadíronse 4 DP pendentes co fin de ano no TSX de Galicia, co que a cifra total é de 24.157.

As cifras reflectidas como pendentes a final de ano 2018 son as que resultan da seguinte operación: «procedementos pendentes a fin de ano = (tramitados-rematados). Desta forma, consta a cifra de 24.153 DP pendentes a fin de ano (con aumento de descenso interanual de 9.229=61,84%). Esta cifra parece máis axustada á realidade e está moi afastada da cifra global de 45.563 que resulta das estatísticas fiscais provinciais, con aumento interanual de 7.804 (20,67%) e a seguinte distribución provincial: A Coruña, 29.783; Lugo, 3.911; Ourense, 1.826; e Pontevedra, 10.043. De todos os xeitos, a consignada cifra de 24.153 está menos lonxe da que resulta dos datos obtidos da estatística xudicial (PNX), cunha cifra global equivalente sería de 25.205 19.301 (23.265 nos xulgados de 1ª instancia e/ou instrución e 1.940 nos XXVSM), con aumento interanual de 5.904 (30,51%).

**13.** Á suma das cifras das provincias, engadíronse 26 DP rematadas (arquivo) no TSX de Galicia, co que a cifra total é de 87.772

**14.** Á suma das cifras das provincias, engadíronse 4 DP pendentes co fin de ano no TSX de Galicia, co que o total é de 65.817. Segundo resulta da estatística xudicial (PNX) serían 72.811 as DP rematadas nas provincias, con descenso interanual de -19.003, (-21,75%) e a seguinte distribución: 68.346 no conxunto de todos os xulgados de primeira instancia e/ou instrución); e 4.465 nos XXVSM.

